

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN

**14330** RESOLUCIÓN do 18 de xullo de 2007, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se dispón a publicación dos regulamentos especiais números 3, 4, 6, 7, 8, 9, 10, 11 e 14, da Exposición Internacional de Zaragoza 2008. («BOE» 178, do 26-7-2007.)

De conformidade co establecido no Convenio de París do 22 de novembro de 1928 e en modificacións posteriores, esta secretaría xeral técnica dispuxo, para a debida vixencia e para o seu cumprimento, a publicación dos regulamentos especiais número 3, número 4, número 6, número 7, número 8, número 9, número 10, número 11 e número 14 da Exposición Internacional de Zaragoza 2008. O Goberno tivo coñecemento destes regulamentos na reunión do Consello de Ministros do 13 de xullo de 2007 e publícanse agora, para xeral coñecemento, como anexo a esta resolución.

Madrid, 18 de xullo de 2007. -O secretario xeral técnico do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. -Francisco Fernández Fábregas.

### ANEXO I

#### EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DE ZARAGOZA 2008 REGULAMENTO ESPECIAL N.º 3

**Regulamento relativo á redacción de proxectos, construción, instalacións, protección de incendios, prevención de riscos laborais e ambientais**

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste regulamento é especificar as necesidades e requisitos que se deben ter en conta nos traballos de construción e enxeñaría que serán levados a cabo polos participantes na construción e acondicionamento do seu pavillón.

En concreto, este regulamento fai referencia ás leis e regulamentos que se deben ter en conta na redacción dos correspondentes proxectos de obras, ás leis e tramitacións exixidas, aos procedementos de supervisión e apro-

bación de proxectos, e aos requisitos que se deben cumprir nas fases de execución das obras dos pavillóns.

Este regulamento especial dítase en cumprimento do previsto nos artigos 16 e 34 do Regulamento xeral da Exposición Internacional Zaragoza 2008.

Artigo 2. *Cumprimento de leis e regulamentos.*

Os participantes deberán aceptar a coordinación imposta pola organizadora durante o transcurso das obras de montaxe e desmontaxe do seu pavillón, no que se refire aos accesos do recinto que se vaia empregar, itinerarios de tránsito, medios auxiliares empregados na construción e proteccións temporais que se realicen, se é o caso. Tamén deberán aceptar a coordinación imposta pola organizadora durante a fase de elaboración dos proxectos (artigos 3 e 4 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se aproban as disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción) e os medios de coordinación que acorde en relación con todas as actividades empresariais no proceso de montaxe e desmontaxe dos pavillóns para previr os riscos laborais que poden derivar da interacción das devanditas actividades. Así mesmo, a organizadora asumirá as funcións de coordinación que lle atribúe o Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, de coordinación de actividades empresariais para a protección da seguranza e saúde dos traballadores.

A organizadora non asumirá responsabilidade ningunha derivada do incumprimento de leis, regulamentos ou normativas por parte dos participantes, agás no suposto de que estas así lla atribúan expresamente ou derive destas.

Artigo 3. *Gastos por conta dos participantes.*

Os participantes deberanse facer cargo dos seguintes gastos:

1. Custo de redacción dos proxectos técnicos para a execución das obras e instalacións, así como a dirección facultativa das devanditas obras e instalacións.

2. Custos de instalación, montaxe e desmontaxe, mesmo a retirada de todo tipo de entullo e/ou embalaxes a lugar de vertedura autorizado, da reciclaxe e da xestión de residuos, así como outros traballos relativos ao seu pavillón. Deberán así mesmo deixar o espazo ocupado durante a mostra nas mesmas condicións en que se lles entregou.

3. Custos de mantemento e limpeza.

4. Custos de prevención de incendios e os relativos a medidas de seguranza e saúde.

5. Custos de transporte, almacenaxe, sinalización, retirada dos elementos da exposición, embalaxe de materiais e dispositivos.

6. Custos de impostos, taxas, ou licenzas que se lles paguen a terceiros para a execución da instalación ou obra e/ou a súa legalización e posta en marcha.

7. Custos de conexión ao sistema centralizado de frío e calor (DH&C).

En caso de que a organizadora levase a cabo algunhas das tarefas mencionadas no parágrafo anterior, cobrárselle ao participante o custo soportado polos conceptos descritos.

## CAPÍTULO II

### Localización e definición técnica dos pavillóns

Artigo 4. *Definición técnica dos pavillóns.*

A organizadora determinará xunto cos participantes a localización dentro do recinto Expo.

Para iso, a organizadora entregará aos participantes un informe técnico coa definición técnica necesaria para a redacción do proxecto de acondicionamento do pavillón e a proposta expográfica deste.

## CAPÍTULO III

### Aprobación dos proxectos construtivos

Artigo 5. *Avance do proxecto.*

Os participantes entregaranlle á organizadora un documento de avance do proxecto do pavillón. Entregaranse tres copias en soporte papel e unha copia en soporte dixital (arquivos .doc, .xls, .pdf e .dwg).

O avance do proxecto deberá incluír, polo menos, os documentos gráficos e escritos necesarios para transmitir unha idea suficientemente definida sobre os seguintes aspectos:

Contido e expografía: enfoque xeral do pavillón, as ideas relevantes relacionadas co seu contido, e a expografía proposta.

Proposta de distribución: planta xeral do pavillón, con indicación de espazos, posición de accesos, e locais de restauración e tendas, se procede, con indicación de superficies. Entregaranse planos a escala 1/50.

Proposta estrutural: indicación de cargas derivadas das necesidades expositivas, e definición de novas estruturas adicionais, se procede.

Cumprimento da normativa de prevención contra incendios: medidas de protección contra incendios e plan de evacuación.

Consideracións ambientais: lista de materiais que se utilizarán. Plan de xestión de residuos na desmontaxe posterior.

Medidas adoptadas para a consecución do aforro e da eficiencia enerxética na proposta arquitectónica e nas instalacións.

Mobilidade e accesibilidade: esquemas de circulación, medios de elevación empregados, portas e accesos ao pavillón, previsión de espazos para colas no exterior do pavillón.

Artigo 6. *Supervisión e aprobación do avance do proxecto.*

A organizadora emitirá un informe de supervisión correspondente ao documento de avance e entregárallo ao participante para que este proceda a incorporar ou modificar os aspectos sinalados no informe de supervisión da organizadora.

Artigo 7. *Proxecto de execución.*

Os participantes entregaranlle á organizadora un documento de proxecto de execución do pavillón. Entre-

garanse tres copias en soporte papel e unha copia en soporte dixital (arquivos .doc, .xls, .pdf e .dwg).

Ademais da documentación técnica necesaria para a execución das obras proxectadas, os proxectos conterán os cálculos mecánicos e estruturais, as solucións ambientais que haberá que adoptar e a descrición das instalacións. Estarán asinados polos técnicos competentes (habilitados en España) redactores do proxecto.

Para iso, todos os proxectos de pavillóns de participantes conterán os anexos específicos que figuran no anexo a este regulamento. A organizadora dispón dunha oficina técnica, que lles poderá proporcionar asesoramento aos participantes para a correcta redacción dos seus proxectos.

Artigo 8. *Supervisión e aprobación do proxecto de execución.*

A organizadora emitirá un informe de supervisión correspondente ao documento de proxecto de execución e entregárallo ao participante para que este proceda a incorporar ou modificar os aspectos sinalados no informe de supervisión da organizadora.

Os participantes deberán realizar pola súa conta as revisións que sexan necesarias nos seus proxectos, de acordo co informe de supervisión.

Se os participantes desexan realizar modificacións da versión revisada, (tras recibir a aprobación), deberán comunicarllo á organizadora para unha segunda aprobación. Así mesmo, se no transcurso da obra se desexan realizar modificacións sobre o proxecto aprobado, estas deberán ser adecuadamente notificadas á organizadora, e obter as correspondentes aprobacións por parte desta.

Finalmente, a organizadora emitirá un informe de aprobación do proxecto de execución, e entregárallo ao participante para que este proceda a realizar os trámites e obter as autorizacións necesarias. Para a consecución destes trámites o participante entregará seis copias en soporte papel e unha copia en soporte dixital (arquivos .doc, .xls, .pdf e .dwg).

Artigo 9. *Trámites e autorizacións.*

1. Todos os proxectos de pavillóns deberán contar coa supervisión técnica da Oficina Técnica Expo 2008, de acordo co previsto nos artigos precedentes, e obter a aprobación da organizadora.

2. Os proxectos deberán contar co preceptivo visado colexial. Para iso, toda a documentación técnica deberá estar convenientemente asinada por técnico competente.

As instalacións eléctricas, gas e climatización contarán cos boletíns pertinentes, debidamente selados pola Dirección Xeral de Industria do Goberno de Aragón.

3. Os proxectos deberán contar coa preceptiva licenza municipal de obras e de actividade.

4. Cada participante realizará as xestións oportunas para conseguir as correspondentes conexións coas compañías ou administracións que xestionan os servizos de infraestruturas necesarios, que facilitarán esta conexión mediante a aplicación de tarifas reguladas.

Para iso, a organizadora facilitaralles aos participantes, mediante a posta en marcha dun portelo único, as xestións administrativas que se deban efectuar con estas compañías ou administracións.

Artigo 10. *Prazos establecidos para o proxecto e execución de obras.*

1. Os participantes entregaranlle á organizadora o documento de avance no período comprendido entre o 2 xaneiro 2007 e o 1 de xullo de 2007.

Os participantes entregaránlle á organizadora o documento de proxecto de execución no período comprendido entre o 2 xullo de 2007 e o 15 de setembro de 2007.

2. Desde a entrega ao Concello de Zaragoza (Oficina de Trámite de Licenzas Expo) do proxecto de execución aprobado pola organizadora prevese un prazo dunhas 4 semanas para a obtención dos correspondentes permisos e licenzas municipais.

3. Os participantes poderán iniciar as súas obras nos seus respectivos pavillóns o 2 de xaneiro de 2008.

4. Os participantes deberán finalizar as súas obras relativas a subministracións de servizos e estruturas antes do 14 de abril de 2008.

5. Os participantes deberán finalizar as súas obras relativas ao pavillón e os seus contidos antes do 30 de maio de 2008.

6. As probas xerais de posta en funcionamento deberán estar rematadas o 7 de xuño de 2008.

## CAPÍTULO IV

### Execución de obra

#### Artigo 11. *Supervisión de deseño e construción.*

1. Os participantes deberán designar pola súa conta un supervisor tanto de deseño coma de construción. A organizadora terá contacto continuo coa persoa designada, que será a responsable da coordinación coa organizadora e o encargado de acordar con esta os aspectos lóxicos das obras.

2. Os participantes deberán designar pola súa conta un director facultativo que asumirá a responsabilidade legal da construción. Esta persoa pode ser coincidente coa designada como supervisor segundo o punto anterior.

3. No caso de que o participante promova unha obra en que concorran varios proxectistas ou varias empresas ou traballadores autónomos na execución, deberá designar pola súa conta un coordinador de seguranza e saúde, de acordo co previsto no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción; todo iso, sen prexuízo da coordinación xeral das actividades empresariais que levará a cabo a organizadora, como se sinala no artigo 2 deste regulamento.

4. Os participantes deberán proporcionar o curriculum vitae da ou das persoas que ocuparán cada un destes cargos.

5. A organizadora reserva para si o dereito a admitir ou recusar de forma motivada en calquera momento calquera das persoas designadas para os postos arriba descritos.

#### Artigo 12. *Contratos.*

1. Os participantes deberánlle notificar á organizadora os datos dos seus traballadores así como os datos de empresas con que asinen contratos.

2. Os participantes deberán asegurar que os contratos cumpren as leis e regulacións.

#### Artigo 13. *Execución.*

1. Os participantes deberán executar todos os traballos de acordo cos proxectos e documentación técnica previamente aprobados pola organizadora.

2. Os participantes estarán suxeitos a inspección por parte da organizadora en calquera momento e sen demora.

3. Os participantes deberán asegurar que subcontratas e traballadores cumpren as leis e normativas.

4. Os participantes deberán asegurar o cumprimento, logo de entrega á organizadora, do seu plan de

vixilancia ambiental que deriva do estudo ambiental do proxecto.

#### Artigo 14. *Asignación de espazos de traballo.*

A organizadora regulará e organizará o espazo ocupado polos participantes no desenvolvemento dos seus traballos.

#### Artigo 15. *Dirección de obra.*

1. Os participantes deberán informar a organizadora antes do comezo das obras sobre o contido dos contratos realizados con outros contratistas etc., a planificación dos traballos, os diagramas de fluxo así como calquera dato requirido pola organizadora.

2. Os participantes deberán informar a organizadora en caso de atrasos na obra, para efectuar unha revisión dos prazos o antes posible.

3. A organizadora pode dar a coñecer aos participantes calquera directiva co propósito dun bo desenvolvemento da obra. Os participantes deberán someter a tales directivas.

4. Os participantes, de acordo coas directivas da organizadora, darán a coñecer os asuntos que lles sexan requiridos.

5. Os participantes, de acordo coas directivas da organizadora, e respecto ao estado das obras, deberán permitir a inspección da execución das obras aos inspectores autorizados por aquela, segundo guión subministrado por esta.

6. Os participantes deberán conservar nos seus lugares de traballo os documentos de deseño e planos previamente aprobados pola organizadora, así como os documentos de inspección.

#### Artigo 16. *Inspección do lugar de traballo.*

A organizadora ou calquera persoa designada por esta, poderá entrar aos lugares de traballo e inspeccionar a execución da obra. O inspector deberá ir identificado e presentar a identificación cando o soliciten os participantes.

#### Artigo 17. *Almacenamentos transitorios e uso de zonas exteriores ao propio pavillón.*

1. Cando un participante, debido ao tamaño do seu pavillón ou ás características do seu contido expositivo, precise de espazos exteriores ao módulo que ocupan dentro do edificio, para realizar parte dos traballos de montaxe, deberao poñer en coñecemento da organizadora mediante a súa descrición completa no correspondente anexo do proxecto, para cuxa redacción deberá poñer en contacto os seus técnicos cos da organizadora co fin de establecer a forma máis conveniente de actuar e fixar o calendario con que se actuará.

2. Para o acceso de materiais ou elementos destinados ao acondicionamento do pavillón dun participante ou á súa montaxe expositiva, deberase fixar un percorrido e un plan de acceso, especialmente cando o volume das pezas que se vaian introducir non permita o desprazamento desde o soto do edificio ata o módulo do participante a través das vías normais previstas. Este percorrido deberase pactar coa organizadora, que lle indicará ao participante o mellor xeito de proceder, o horario e as medidas de protección con que deberán ser protexidos os elementos susceptibles de seren danados na operación. Os participantes e contratistas deberán seguir as directivas da organizadora referentes ás rutas de vehículos dentro do recinto Expo.



3. Cando un participante requira trasladar cargas pesadas ou voluminosas tanto en vertical como en horizontal notificarallo á organizadora, e acordará con esta a mellor forma de proceder. No anexo 11 do proxecto debebase recoller de forma realista a operación, co fin de evitar situacións de imposibilidade de traslado ou izado de elementos expositivos non previstos.

4. En caso de precisar o participante ocupar transitoriamente zonas lindeiras ao seu módulo, para a montaxe expositiva, deberá describir a situación no anexo de proxecto correspondente e pactar coa organizadora esta posibilidade. Esta situación considerárase sempre excepcional, acoutada no tempo e estará a expensas de que non se interfiran os percorridos de seguraza do edificio.

5. Se transcorrido o prazo para o que se autorizou a ocupación temporal de zonas exteriores ao módulo ocupado por un participante, este non retirase a maquinaria ou elementos alí depositados, a organizadora comunicarlle vía correo electrónico ou fax a situación cominándoo ao desaloxo, advertíndolle ao participante o prazo máximo de que dispón, tras o cal a organizadora o fará polos seus medios, cargando o importe dos traballos ao participante.

6. Os danos producidos aos elementos xerais do edificio ou da urbanización, como consecuencia das obras de acondicionamento do pavillón dun participante non recollidas no anexo de montaxe do proxecto e non coordinadas coa organizadora serán de exclusiva responsabilidade do participante. Os danos que se puidesen producir nos elementos propiedade dun participante destinados ao contido expositivo ou ao acondicionamento do seu pavillón, ao teren que ser retirados pola organizadora, serán responsabilidade do participante, sen que este lle poida reclamar danos á organizadora con motivo do prexuízo que puidesen sufrir os seus útiles durante o traslado, a non ser que o prexuízo se deba a culpa ou negligencia da organizadora.

#### Artigo 18. *Instalacións hixiénicas.*

Os participantes deberán proporcionar servizos hixiénicos para os seus empregados cuxa acometida conectará á rede xeral no punto determinado pola organizadora. Caso de non se poder conectar á acometida, estes servizos hixiénicos terán un sistema químico de depuración e o seu correspondente contrato de mantemento e retirada.

### CAPÍTULO V

#### Uso de instalacións

#### Artigo 19. *Informe de final de obra.*

Os participantes deberán entregar un informe de fin de obra e presentar os documentos de deseño e planos de execución así como informe de supervisión final.

Unha vez pasada a inspección final, os participantes recibirán unha autorización de ocupación por parte da organizadora.

#### Artigo 20. *Mantemento de instalacións.*

Os participantes deberán manter as súas instalacións en correcto estado.

#### Artigo 21. *Inspeccións.*

1. A organizadora ou persoa autorizada por esta, poderá inspeccionar as instalacións co obxecto de completar o informe final. Nestes casos cada inspector deberá levar a súa identificación e presentala cando lle sexa requirida por calquera participante oficial.

2. A organizadora pode exixir levar a cabo calquera medida para facilitar o traballo de inspección. Os participantes deberán seguir as directivas solicitadas neste caso.

3. A organizadora, en caso de incumprimento, poderá tomar as medidas que considere oportunas sempre con cargo aos participantes.

### CAPÍTULO VI

#### Prevención de incendios

#### Artigo 22. *Instalación.*

No caso de que o proxecto así o requira, os participantes deberán instalar a rede de detección de incendios no lugar asignado a eles.

#### Artigo 23. *Mantemento do equipamento de extinción de incendios.*

Os participantes deberán realizar o mantemento da súa rede de extinción para tela sempre operativa. Todos os elementos estarán visibles e en bo estado para o seu correcto uso.

Os participantes non poderán usar os equipamentos de extinción pertencentes á organizadora sen autorización, agás en caso de incendio.

### CAPÍTULO VII

#### Seguraza laboral

#### Artigo 24. *Consideracións de seguraza.*

Os participantes deberán ter en conta nos seus proxectos tanto en fase de redacción como de execución, medidas de seguraza tanto en instalacións coma no espazo habilitado para a exposición.

Nun estudo de seguraza e saúde, especificado no anexo 12 deste regulamento, deberánse recoller as instrucións dadas pola organizadora para a coordinación de todas as actividades concorrentes durante a montaxe e desmontaxe da exposición. Deberase incluír como parte integrante do prego de condicións do estudo o prego de condicións da organizadora, prevalecendo este en caso de discrepancia. Así mesmo, no estudo deberánse ter en conta as informacións facilitadas pola organizadora respecto dos riscos xerais do recinto e dos das obras de cada participante que poidan influír no resto.

Os participantes deberán informar antes do inicio da obra a organizadora, dos riscos que o seu proceso construtivo poida xerar na concorrencia co resto das obras, así como dos accidentes de traballo debidos ás actividades concorrentes e das situacións de emerxencia susceptibles de afectar a saúde ou a seguraza dos traballadores dos outros participantes ou da organizadora.

#### Artigo 25. *Medidas en caso de emerxencia.*

1. Os participantes deberán levar a cabo medidas de emerxencia inmediatas cando aconteza un accidente así como poñelo en coñecemento da organizadora.

2. En caso de accidentes maiores, como lume ou unha explosión, ademais de levar a cabo as medidas de emerxencia, será informado o departamento de policía ou as autoridades indicadas pola organizadora.

3. Os participantes e contratistas desenvolverán un plan de emerxencia e exixiráselles aos traballadores o cumprimento deste en caso necesario.

4. Durante a fase de execución das obras, os participantes presentarán un plan específico para extinción de

incendios, describindo as diferentes cargas de lume e medidas de detección, extinción e evacuación.

## CAPÍTULO VIII

### Conservación do ambiente

Artigo 26. *Conservación do ambiente.*

1. Os participantes deberán adoptar as medidas necesarias para a conservación do ambiente, resaltando o fomento das medidas de prevención e redución da contaminación da auga, aire ou solo; ruídos; ondas electromagnéticas, residuos, etc., que poidan causar danos humanos ou a outros organismos vivos.

2. A organizadora poderá establecer medidas para a conservación do ambiente.

## CAPÍTULO IX

### Desmontaxe do pavillón

Artigo 27. *Prazos para a desmontaxe do pavillón.*

Os participantes deberán desmontar todo equipamento, estruturas e elementos utilizados durante o período expositivo, mesmo a retirada de todo tipo de entullo e/ou embalaxes a lugar de vertedura autorizado e devolver no seu estado orixinal o espazo que lles foi facilitado pola organizadora entre o 15 de setembro e o 28 de decembro de 2008.

Artigo 28. *Plan de desmontaxe.*

Os participantes darán a coñecer as accións que levarán a cabo para a restauración do espazo ocupado durante a mostra no propio proxecto do pavillón, así como a planificación de desmontaxe indicando datas e traballos previstos, no anexo 11 que se describe no anexo a este regulamento.

Os participantes presentarán un plan de xestión de residuos xerados.

Artigo 29. *Finalización da desmontaxe.*

Os traballos de desmontaxe daranse por concluídos só cando a organizadora o notifique por escrito nun informe que realizarán conxuntamente membros dos participantes e da organizadora.

Se os traballos de restauración do espazo ocupado polos participantes non se levasen a cabo no tempo estimado pola organizadora ou non se desenvolvesen de acordo co previsto no plan de desmontaxe, esta levaraos a cabo sempre por conta do participante.

## ANEXO

### Anexos que hai que presentar nos proxectos de pavillóns

#### *Anexo 1: anexo estrutural*

Conterá a xustificación de cargas e esforzos transmitidos á estrutura e cerramentos do edificio soporte. En caso de existiren cargas que produzan ou poidan producir solicitudes dinámicas harmónicas á estrutura, describiranse detalladamente a súa fonte, posición, intensidade e frecuencia.

#### *Anexo 2: protección contra incendios*

Conterá a xustificación do cumprimento da ordenanza municipal (Concello de Zaragoza) contra incendios e do

Código Técnico da Edificación (CTE-06), aprobado este mediante o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo.

#### *Anexo 3: anexo de accesibilidade global e supresión de barreiras arquitectónicas e na comunicación*

Todos os pavillóns serán accesibles a persoas con discapacidade. Os seus espazos, instalacións e servizos deseñaranse, construíranse e xestionaranse aplicando criterios de deseño de maneira que todo o equipamento que vaia utilizar o público en xeral sexa accesible para o maior número de persoas posible.

O proxecto recollerá, como mínimo, a accesibilidade nos seguintes ámbitos:

A totalidade do pavillón.

Recintos e salas de estancia como salas, cafeterías, auditorios, etc.

Percorridos horizontais.

Comunicación vertical entre os diferentes niveis.

Servizos hixiénicos. Accesos.

Mobiliario e equipamentos de uso público.

Información, sinalización e comunicación.

Nos proxectos xustificárase o cumprimento das ordenanzas municipais de Zaragoza, arquitectónicas e urbanísticas (BOA n.º 9, do 22 de xaneiro de 2001), así como a Ordenanza de eliminación de barreiras na comunicación e do transporte, do 29 de maio de 2000; así como a normativa autonómica da Deputación Xeral de Aragón (Lei 3/1997, do 7 de abril, de promoción da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, urbanísticas, de transporte e da comunicación).

Recoméndanse, como referencia útil para o proxecto, as especificacións da Norma UNE 170001-1:2001: accesibilidade global. Criterios para facilitar a accesibilidade ao contorno. Parte 1: requisitos DALCO, o Libro Branco da Accesibilidade, e a «Guía técnica de accesibilidade na edificación 2001», editada polo Departamento Técnico do Ministerio da Vivenda.

#### *Anexo 4: illamento acústico*

A separación entre pavillóns resólvese cun tabique tipo cun illamento determinado. Os pavillóns que realicen actividades ou instalacións con emisión de ruídos superior á permitida deberán incrementar o illamento desta división.

Exposicións: o illamento acústico mínimo respecto ao local lindante será de 50 dB (global) e 44 dB na frecuencia de 125 Hz.

Bares e restaurantes: 56 dB (global) e 50 dB na frecuencia de 125 Hz.

Actividade con música e actuacións: 65 dB respecto aos locais adxacentes (con 59 dB na frecuencia de 125 Hz.). 40 dB en fachadas (con 34 dB en 125 Hz).

Equipamentos de música.

Equipamento de música ambiental. Os máximos niveis de emisión sonora serán de 83 dB (A) medidos a 3 m dos altosfalantes na dirección de máxima emisión.

Equipamento de música, actuacións en directo. Os máximos niveis de emisión sonora serán de 90 dB (A) medidos a 3 m dos altosfalantes na dirección da máxima emisión.

A descrición do equipamento de música virá dada polas características técnicas que se citan a continuación.

Potencia por canle en vatios RMS de amplificador ou do sistema de amplificación, con indicación da impedancia de saída.

Rendemento ou eficiencia en dB w/m dos altosfalantes ou baffles cos seus modelos e a potencia por cada tipo de altosfalante en dB (A).

Plano coa situación e número de altosfalantes.

Emisión máxima do sistema de amplificación coa conexión aos altosfalantes a 1 m de distancia destes, expresadas en dB (A).

(Segundo Ordenanza municipal de rúidos e vibracións, Boletín Oficial da provincia n.º 280, do 5 de decembro de 2001).

#### *Anexo 5: instalacións de iluminación*

Os distintos tipos de iluminación con que deben contar os locais de concorrencia pública deseñaranse tendo en conta as disposicións seguintes:

##### a. Tipos de iluminación:

1. Iluminación ordinaria. Será obrigatoria e terá unha intensidade suficiente para garantir un nivel de iluminación mínimo de 50 lux, medidos sobre un plano horizontal situado a 1 m sobre o chan do local.

En todo caso, cumpriranse os niveis establecidos no DB SU 4.1 do Código técnico da edificación, e a uniformidade será igual ou maior que o 40%.

2. Iluminación de emerxencia. Deberá cumprir co sinalado no Código técnico da edificación (CTE-06). Será obrigatoria en todas as actividades e entrará en funcionamento en caso de fallo da iluminación ordinaria, a iluminación nos locais e accesos ata as saídas, para unha eventual evacuación do público ou para iluminar outros puntos que se sinalen.

A alimentación da iluminación será automática con corte breve. Inclúense dentro deste punto a iluminación de seguraza e a iluminación de substitución.

2.1. Iluminación de seguraza. É a iluminación de emerxencia prevista para garantir a seguraza das persoas que evacúen unha zona ou que teñen que rematar un traballo potencialmente perigoso antes de abandonar a zona.

Deberá estar previsto para entrar en funcionamento automaticamente cando se produza un fallo na iluminación ordinaria ou cando a tensión deste baixe a menos do 70% dun valor nominal.

Esta instalación será fixa e estará provista de fontes propias de enerxía. Só se poderá utilizar a subministración exterior para proceder á súa carga, cando a fonte propia de enerxía estea constituída por baterías de acumuladores ou aparellos automáticos.

2.1.1. Iluminación de evacuación. É a parte de iluminación de seguraza prevista para garantir o recoñecemento e a utilización das rutas de evacuación cando os locais estean ou poidan estar ocupados.

En rutas de evacuación, a iluminación de evacuación debe proporcionar, no nivel do chan e no eixe dos focos principais, unha iluminación horizontal mínima de 1 lux. Nas zonas en que estas instalacións de protección de incendios exixan utilización manual e nos cadros de distribución da iluminación, a iluminación mínima será de 5 lux.

A iluminación de evacuación deberá poder funcionar, cando se produza o fallo da alimentación ordinaria, como mínimo durante unha hora, proporcionando a iluminación prevista.

2.1.2. Iluminación de zonas de alto risco. É a parte da iluminación de seguraza prevista en actividades potencialmente perigosas ou que traballan en contornos perigosos. Permite a interrupción dos traballos con seguraza para o operador e para os outros ocupantes do local.

Esta iluminación debe proporcionar iluminación mínima de 15 lux ou o 10% da iluminación ordinaria, tomando sempre o maior dos valores.

Esta iluminación deberá poder funcionar, cando se produza o fallo da alimentación ordinaria, como mínimo o tempo necesario para abandonar a actividade ou zona de alto risco.

2.2. Iluminación de substitución. É a parte da iluminación de emerxencia que permite a continuidade das actividades normais. Cando esta proporciona unha ilumi-

nación inferior á iluminación ordinaria, usarase unicamente para rematar o traballo con seguraza.

(Segundo ITC-BT-28 Instalacións en locais de pública concorrencia, Real decreto 852/2002, Boletín Oficial del Estado n.º 224, do 18 de setembro de 2002).

b. Eficiencia enerxética das instalacións de iluminación.

Os valores límites de eficiencia enerxética da instalación (VEEI) son:

GRUPO	ZONAS DE ACTIVIDADE DIFERENCIADA	VEEI LÍMITE
1 Zonas de non representación	Administrativo en xeral.	3.5
	Pavillóns de exposicións ou feiras.	3.5
	Zonas comúns.	4.5
	Aparcadoiros.	5.0
2 Zonas de representación	Administrativo en xeral.	6.0
	Hostalaría e restauración.	10.0
	Salóns de actos, auditorios e salas de usos múltiples convencionais,	10.0
	salas de ocio e espectáculos, salas de reunións e salas de conferencias.	10.0
	Tendas e pequenos comercios. Zonas comúns.	10.0

Grupo 1: zonas de non representación ou espazos en que o criterio de deseño, a imaxe ou o estado anímico que se lle quere transmitir ao usuario coa iluminación queda relegado a un segundo plano fronte a outros criterios como o nivel de iluminación, o confort visual, a seguraza e a eficiencia enerxética.

Grupo 2: zonas de representación ou espazos onde o criterio de deseño, de imaxe ou o estado anímico que se lle quere transmitir ao usuario coa iluminación, son preponderantes fronte aos criterios de eficiencia enerxética.

(Segundo o Código técnico da edificación, Real decreto 314/2006, Boletín Oficial del Estado n.º 74, do 28 de marzo de 2006).

#### *Anexo 6: renovación ambiental*

Enténdese por iso a ventilación daquelas zonas das actividades destinadas expresamente ao entretemento público.

A renovación ambiental mecánica pódese efectuar por depresión ou por sobrepresión. A evacuación do aire viciado efectuarase mediante un conduto exclusivo aos patios de ventilación dos núcleos de servizos.

A instalación deseñarase de forma que sexa capaz de realizar un mínimo, segundo a actividade conseguinte:

- Bares (mínimo 10 a 12 renovacións hora).
- Restaurantes (mínimo 15 a 18 renovacións hora).
- Cociñas (mínimo 10 a 15 renovacións hora).
- Exposicións (mínimo 5 a 6 renovacións hora).
- Servizos hixiénicos (mínimo 13 a 15 renovacións hora).
- Espectáculos en directo (mínimo 10 a 12 renovacións hora).
- Venda (tenda) (mínimo 5 a 6 renovacións hora).

#### *Anexo 7: estudo ambiental*

Todos os proxectos de pavillóns se deberán efectuar baixo un punto de vista de sustentabilidade construtiva, partindo dun deseño inicial respectuoso co ambiente e tratando de minimizar o consumo de recursos naturais



tanto na fase construtiva coma na fase de utilización do pavillón.

Para iso, contarán cun estudo ambiental que se fixa fundamentalmente nas interaccións co contorno. O estudo ambiental que teñen que presentar os redactores dos proxectos dos pavillóns de participantes someterase aos criterios xerais da organizadora e ás accións ambientais aprobadas por esta.

O estudo ambiental incluirá, como mínimo, os seguintes puntos:

Descrición xeral.

Descrición de materiais que se utilizarán: características, orixe, cantidades, emisións de CO<sub>2</sub> debidas á súa fabricación, etc.

Necesidades enerxéticas do pavillón:

Enerxía necesaria para a iluminación.  
Enerxía necesaria para a climatización.

Auga; usos e consumo.

Produción estimada de residuos:

Tipo.

Cantidade.

Previsibles impactos: atmosfera, auga, chans, durante a construción:

Emisións atmosféricas, ruído.  
Verteduras.  
Outros.

Previsións de desmontaxe e posible reutilización/reciclaxe, así como o destino final de todos os materiais, con indicación dos mesmos parámetros que nos puntos anteriores.

Plan de mantemento de instalacións: necesidades, consumos de recursos, residuos e a súa xestión, periodicidade e impactos previsibles derivados do mantemento.

Proposta de medidas correctoras dos impactos previstos.

Deberase observar a utilización de materiais reciclados/reciclables, de materia certificada ou reciclada, ou de materiais autóctonos cando sexa posible; así como o cumprimento dos valores de referencia de sustentabilidade, indicados no documento de requisitos ambientais da organizadora ([www.expo2008.es](http://www.expo2008.es)).

*Anexo 8: cumprimento das condicións hixiénico-alimentarias (naqueles pavillóns con restaurantes)*

Saída de fumes/extracción cociña.

As chemineas construíranse con material resistente á corrosión e as xuntas entre os distintos elementos das cambotas realizáranse de forma hermética, de modo que non existan fugas que poidan ocasionar molestias no contorno habitable.

A extracción localizada nas cociñas realízase mediante cambota de captación de fumes, dotada dun sistema de retención de graxas e sólidos en suspensión. Os fumes serán evacuados mediante condutos de evacuación exclusivos a través do patio de servizos en cuberta 2 m por enriba desta (segundo Ordenanza municipal de contaminación atmosférica, Boletín Oficial da provincia n.º 132/1357, do 13 de xuño de 1986).

Normativa de cociñas.

Cumprírase a normativa vixente en materia de instalacións de restauración e en especial aqueles puntos referentes a azulexado de paredes, eliminación de ángulos nas paredes e chans, instalación de sistemas hixiénico-sanitarios de lavabo, vertedoiros para utensilios de cociña

con suficiente largura e profundidade, utilización de materiais aptos para o uso alimentario, etc.

*Anexo 9: sinalética*

Comprobaranse a correcta utilización da sinalización de acordo coas normas da organizadora en materia de sinalización exterior, pictogramas oficiais Expo 2008, etc.

*Anexo 10: plan de autoprotección*

Elaborarase un plan de autoprotección, conforme o modelo que proporcione a organizadora. A organizadora coordinará a actividade preventiva nos termos do artigo 24 da Lei de prevención de riscos laborais e o Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, que a desenvolve.

*Anexo 11: plan de montaxe e desmontaxe*

Elaborarase un plan de montaxe e desmontaxe do pavillón, no cal queden reflectidos os medios auxiliares que se empregarán, especialmente os destinados a elevación e manipulación de cargas. Así mesmo, sinalaranse os itinerarios que se pretenden usar para o acceso ás obras e, se é o caso, as medidas provisionais de protección dos elementos xerais do edificio, vía pública ou pavimento.

*Anexo 12: estudo de seguraza e saúde durante as obras*

Elaborarase un estudo de seguraza e saúde de conformidade co previsto no artigo 5 do Real decreto 1627/1997, co contido mínimo que se establece no devandito artigo e deberá formar parte do proxecto de execución da obra.

Incluirase expresamente un punto do devandito estudo para a extinción de incendios, que describa as diferentes cargas de lume e medidas de detección, extinción e evacuación que se implantarán durante a fase de obra.

## ANEXO II

### EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DE ZARAGOZA 2008 REGULAMENTO ESPECIAL NÚMERO 4

#### Regulamento relativo á instalación e funcionamento da maquinaria e dos equipamentos

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento especial establécese conforme o artigo 34 do Regulamento xeral da Exposición Internacional Zaragoza 2008 e ten por obxecto especificar as necesidades e requisitos para a instalación e o funcionamento de maquinaria, aparellos e equipamentos de todo tipo que se utilicen na exposición.

##### Artigo 2. *Conformidade coas leis e cos regulamentos.*

Os participantes oficiais terán que cumprir coas leis, regulamentos e demais normativa española aplicable á materia, así como coas instrucións e directivas suplementarias marcadas pola sociedade estatal organizadora da Exposición Internacional de Zaragoza 2008, Expoagua Zaragoza 2008, S.A. (en diante, a organizadora).

##### Artigo 3. *Dereitos de indemnización.*

A organizadora non asumirá responsabilidade ningunha en caso de danos ou perdas orixinados polo

incumprimento de leis e regulamentos respecto ao uso de maquinaria, aparellos e equipamentos por parte dos participantes oficiais, agás nos casos expresamente establecidos no propio ordenamento xurídico.

**Artigo 4. *Instalación da maquinaria, aparellos e demais equipamentos.***

Os participantes débense asegurar de que o deseño, a fabricación e a instalación da súa maquinaria se efectúe de xeito apropiado e seguro. En particular, deberán asegurar que non transmite vibracións e golpes que se poidan transmitir pola estrutura do edificio, que afecten o confort doutros participantes.

**Artigo 5. *Funcionamento da maquinaria, aparellos e demais equipamentos.***

Os participantes débense asegurar de que a maquinaria, os aparellos e demais equipamentos funcionen en condicións seguras e hixiénicas e só nas zonas designadas para o efecto pola organizadora.

**Artigo 6. *Utilización doutra maquinaria.***

Os participantes que queiran utilizar maquinaria, aparellos ou equipamentos diferentes dos especificados pola organizadora, deberanlle presentar con antelación unha nota detallada describindo a maquinaria, aparello ou equipamento en cuestión. A organizadora poderá exixir calquera outro tipo de documento que sirva para estes efectos.

A organizadora poderá obrigar o participante, se o considera necesario, a realizar inspeccións técnicas ou probas sobre a devandita maquinaria. O participante terase que someter ás directrices impostas nestes casos.

**Artigo 7. *Medidas de seguranza.***

1. Cando a maquinaria, aparellos ou equipamentos estean a funcionar, os participantes deberán asegurar a seguranza dos visitantes en xeral e dos traballadores que estean a operar. Así mesmo, terán que tomar as medidas necesarias para evitar danos nos pavillóns e nas instalacións próximas.

2. Os participantes deberán instalar a maquinaria a unha distancia suficiente dos corredores e das outras exposicións para non impedir o tráfico de persoas e a seguranza dos visitantes en xeral.

3. Os participantes deberán tomar as medidas necesarias para evitar posibles danos ou problemas derivados da calor, faíscas, po, ruído, vibracións, olores, ondas electromagnéticas, ondas harmónicas, contaminación ambiental da auga, chan, residuos, etc. xerados polo uso da maquinaria.

4. A organizadora poderalles facer suxestións aos participantes sobre medidas para conservar o ambiente.

5. Os participantes deberán designar unha persoa cualificada (operador responsable) en caso de manexo ou uso de maquinaria, aparellos ou equipamentos que requiran unha cualificación especial.

6. Os participantes deberán dar a coñecer os nomes e datos de contacto de todos os operadores responsables á organizadora.

**Artigo 8. *Inspección da maquinaria, aparellos e equipamentos.***

A organizadora deberá publicar e dar a coñecer as directrices necesarias, incluíndo a inspección da maquinaria,

aparellos e equipamentos, aos participantes. Os participantes deberanse someter ás devanditas directrices.

**Artigo 9. *Manexo de substancias perigosas.***

Os participantes deberán tomar as medidas necesarias para previr calquera perigo xerado por substancias perigosas, tales como alcohol, petróleo, gas a alta presión, combustibles inflamables, substancias ou materiais explosivos, etc.

**Artigo 10. *Colocación dos equipamentos de extinción do lume.***

Sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de extinción de incendios, os participantes deberán colocar extintores e outros equipamentos de extinción de incendios en lugares onde se manexen substancias perigosas ou de risco.

**Artigo 11. *Medidas correctoras.***

En caso de que a maquinaria utilizada por un participante poida ameazar a seguranza ou causar inconvenientes a outros participantes ou aos visitantes, a organizadora poderá obrigar o participante a que tome as medidas correctoras necesarias, por conta do dito participante.

A organizadora poderá obrigar a parar a maquinaria ou instalación orixe do problema.

O participante deberanse someter ás instrucións da organizadora.

**Artigo 12. *Medidas en caso de accidente.***

Os participantes deberán, no caso de que aconteza un accidente, ademais de executar inmediatamente os procedementos de emerxencia, avisar do accidente a organizadora.

En caso de accidentes maiores, como lume ou unha explosión, ademais de levar a cabo as medidas de emerxencia, informarase o departamento de policía ou as autoridades indicadas pola organizadora.

### ANEXO III

#### EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DE ZARAGOZA 2008 REGULAMENTO ESPECIAL NÚMERO 6

##### Relativo ás disposicións sobre alfándegas e loxística

Este regulamento especial redactouse de acordo co establecido no Convenio Internacional asinado en París o 22 de novembro de 1928, relativo ás exposicións internacionais, que dispón no seu artigo 16 como será o réxime alfandegueiro das exposicións. O anexo que desenvolve o citado artigo 16 fixa a «admisión temporal» ou «importación temporal», con obriga de reexportación, como norma xeral aplicable ás mercadorías destinadas ás exposicións internacionais.

O réxime de importación temporal, que será o que rexerá o transporte de mercadorías con destino á Exposición Internacional Zaragoza 2008, está regulado no Código alfandegueiro (Regulamento (CEE) n.º 2913/92, do 12 de outubro de 1992), nos artigos 137 ao 144 e no Regulamento de aplicación (Regulamento (CEE) n.º 2454/93, do 2 de xullo de 1993), nos seus artigos 553 ao 584.

Tamén será de total aplicación o Convenio relativo á importación temporal feito en Istambul o 26 de xuño de 1990, entre cuxos obxectivos se atopa facilitar a importa-



ción temporal mediante a simplificación e a harmonización dos procedementos.

Por último, as operacións loxísticas e alfandegueiras estarán en consonancia cos artigos 25 e 26 do capítulo IV do Regulamento xeral da Exposición Internacional Zaragoza 2008.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

É obxecto deste regulamento especial a determinación das normas alfandegueiras e dos procedementos que serán de aplicación para o transporte e manipulación das mercadorías con destino á Exposición Internacional Zaragoza 2008 (en diante «a exposición»).

#### Artigo 2. *Leis e regulamentos.*

Os participantes deberán cumprir o Regulamento xeral da exposición, así como todas as leis e normativa da Unión Europea relativa á importación-exportación en Zona Unión Europea, e especialmente todo o que fai referencia ao réxime de importación temporal que se atopa regulado no Código alfandegueiro (Regulamento (CEE) n.º 2913/92, do 12 de outubro de 1992), e no Regulamento de aplicación (Regulamento (CEE) n.º 2454/93, do 2 de xullo de 1993). Ademais, a Orde do 10 de abril de 1995 e a Circular do Departamento de Alfándegas e II.EE. n.º 3/1995, do 28 de xuño, recollen toda a normativa nacional en relación co réxime de importación temporal. As «Notas explicativas» de importación temporal, publicadas no DOCE Serie C n.º 269, do 24 de setembro de 2001, que non constitúen un acto xurídico vinculante, serán un instrumento utilizado para facilitar a correcta aplicación das normas legais.

Serán tamén de total aplicación os procedementos relativos á importación temporal establecidos no Convenio de Istambul do 26 de xuño de 1990.

A importación de produtos vexetais estará regulada pola Directiva 2000/29/CE, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Unión Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

A importación de produtos para uso e consumo humano estará regulada pola Directiva 1997/78/CE, do 18 de novembro de 1997, da Unión Europea, pola que se establecen os principios relativos á organización de controis veterinarios; pola Orde SCO/3566/2004, do 7 de outubro, pola que se establece o documento oficial de control sanitario de mercadorías destinadas ao consumo humano; e polo Regulamento (CE) 136/2004, do 22 de xaneiro de 2004, polo que se establecen os procedementos de control veterinario nos postos fronteirizos da Comunidade dos produtos importados de países terceiros.

#### Artigo 3. *Réxime alfandegueiro especial.*

O Ministerio de Economía e Facenda de España aprobou, mediante a Orde ministerial EHA/873/2007, do 29 de marzo de 2007, un réxime alfandegueiro e tributario especial aplicable ás mercadorías que se importen para o desenvolvemento e celebración da Exposición Internacional de Zaragoza 2008 (publicado no Boletín Oficial del Estado o 5 de abril de 2007).

O contido deste réxime alfandegueiro especial expónse ao longo dos diferentes artigos deste regulamento.

## CAPÍTULO II

### Servizos de transporte e manipulación das mercadorías ata o recinto da Expo

#### Artigo 4. *Operadores loxísticos.*

En beneficio da boa organización e xestión da exposición e das instalacións do recinto, Expo Zaragoza 2008, S.A. (en diante «a organizadora») designará tres empresas como operadores loxísticos oficiais da exposición (en diante «operadores loxísticos»). Tres é o máximo número posible para asegurar unha boa organización e xestión das mercadorías.

A selección destes tres operadores loxísticos farase mediante un concurso público que se anunciará tanto no Boletín Oficial del Estado como na páxina web da exposición. No prego de cláusulas administrativas deste concurso público detallaranse todas as condicións tanto económicas como doutra índole que os operadores loxísticos están obrigados a cumprir.

#### Artigo 5. *Servizos proporcionados polos operadores loxísticos.*

O servizo proporcionado polos operadores loxísticos será un servizo integral, encargado de todas as operacións de transporte, carga, descarga e almacenaxe, desde que a carga chega ao centro loxístico ata que se entrega ao destinatario dentro do recinto.

#### Artigo 6. *Centro Loxístico Expo.*

O número de participantes oficiais da exposición así como os concesionarios e a propia organizadora, requiren necesariamente un grande espazo de terreo perfectamente dimensionado e equipado para a realización de todas as operacións loxísticas así como dos necesarios controis de seguranza, sen dependencia de horarios nin que todas estas operacións afecten o funcionamento da exposición e a súa accesibilidade. Por este conxunto de razóns créase un gran centro loxístico externo ao recinto.

#### Artigo 7. *Área de Servizos Interna (A.S.I.).*

Para dar continuidade ás operacións e servizos loxísticos efectuados no Centro Loxístico Expo dentro do recinto da exposición, e para albergar os numerosos servizos que se teñen que prestar dentro do recinto, como seguranza, bombeiros, asistencia sanitaria, etc., existe a A.S.I. na planta cero do recinto.

Nesta A.S.I. é onde os operadores loxísticos levarán a cabo a entrega de todas as mercadorías recibidas polos participantes e que previamente pasaron todos os controis no Centro Loxístico Expo.

#### Artigo 8. *Comunicación coa organizadora.*

Os participantes oficiais comunicaranlle á organizadora, antes do 1 de outubro do 2007:

O operador loxístico seleccionado.

A persoa responsable de todos os transportes [en diante P.O.C. (persoa de contacto)].

Os datos de tres traballadores que serán os responsables da recepción de todas as mercadorías na A.S.I. [en diante P.O.R. (persoal de recepción)].

A organizadora manterá en todo momento informado o P.O.C., e remitiralle un boletín coa documentación necesaria para realizar os envíos, así como a lista de prezos dos diferentes servizos loxísticos e transportes internacio-

nais desde o seu país ata o Centro Loxístico Expo en España.

No boletín citado no parágrafo anterior informárase o P.O.C. do modelo de etiqueta que se deberá utilizar en todas as embalaxes que conteñan as cargas con destino á exposición.

Así mesmo, os operadores loxísticos oficiais estarán perfectamente informados do modelo de etiqueta que deberán utilizar coas cargas con destino a exposición, e recomendaráselles que sexan eles os que proporcionen as etiquetas oficiais.

#### Artigo 9. *Transporte das mercadorías.*

Os participantes oficiais deberánlle presentar á organizadora un plan de transporte, onde se lle comuniquen as cargas que van transportar, a cantidade, as datas de embarque e o programa de entrega de todas as cargas que teñan planeado enviar á exposición. Este plan deberá ser presentado á organizadora trinta días antes do primeiro envío.

Os participantes oficiais terán a opción de contratar seguros adicionais para a carga, ademais dos que regulamentariamente lle correspondan.

#### Artigo 10. *Datas para recepción das mercadorías.*

A partir do 2 de xaneiro do 2008 o Centro Loxístico Expo poderá recibir mercadorías dos participantes oficiais para acondicionar e instalar os correspondentes pavilións.

As cargas que conteñan produtos para a venda, regalo ou produtos alimentarios non poderán ser recibidas no Centro Loxístico Expo antes do 1 de maio de 2008.

#### Artigo 11. *Recepción da carga.*

Un dos P.O.R. deberase presentar no lugar habilitado na A.S.I. para a entrega das mercadorías e verificar a carga coa lista de embarque. O P.O.R., unha vez verificada a carga, farase responsable desta unha vez asinada a súa recepción.

No caso de que os P.O.R. estean ausentes no momento das entregas das cargas, o operador loxístico almacenará ata que se poida realizar a entrega a un P.O.R.

O operador loxístico non estará autorizado pola organizadora á entrega de mercadorías a persoas que non acrediten ser P.O.R.

#### Artigo 12. *Embalaxes baleiras.*

Os participantes oficiais deberán utilizar os almacéns descritos no capítulo III para a almacenaxe de todas as embalaxes baleiras de que dispoñan.

### CAPÍTULO III

#### Almacéns

#### Artigo 13. *Modalidades de almacén.*

Para o bo desenvolvemento das operacións loxísticas e xestión de existencias dos países participantes, existirán tres tipos de almacéns, almacéns de uso individualizado, almacéns de uso compartido e almacén regulador.

#### Artigo 14. *Almacéns de uso individualizado.*

Os almacéns de uso individualizado están na A.S.I., dentro do recinto.

Estes almacéns, de diferentes superficies, poderán ser alugados polos participantes oficiais para o seu uso exclusivo; deberán, polo tanto, asumir a totalidade da súa xestión.

O acceso de mercadorías aos devanditos almacéns estará suxeito a todos os controis establecidos pola organizadora.

O uso dos devanditos almacéns queda limitado estritamente á de almacenaxe de material e equipamento que non poida ser en ningún caso nocivo, insalubre ou perigoso. Non se permitirá a existencia de ningún posto de traballo no seu interior, limitándose a presenza de persoal (mozos e responsable do almacén) á necesaria para a xestión do almacén.

#### Artigo 15. *Almacén de uso compartido.*

O almacén de uso compartido está na A.S.I., dentro do recinto.

Este almacén será xestionado integramente polos operadores loxísticos oficiais, e a súa finalidade será a de facilitar a recepción de mercadorías dentro do recinto, e o seu almacenamento temporal ata a súa entrega e recepción correspondente por parte dos participantes oficiais.

#### Artigo 16. *Almacén regulador.*

O almacén regulador estará situado no interior do centro loxístico.

Este almacén terá dúas partes ben diferenciadas, cada unha delas cunha finalidade diferente:

Unha parte do almacén será para facilitar as operacións loxísticas e controis alfandegueiros das mercadorías. Será onde se fraccionen as cargas para o seu posterior traslado ao recinto da Exposición. A outra parte utilizarase como un almacén modular centralizado, xestionado polos operadores loxísticos oficiais.

Cada participante oficial que teña necesidade de máis metros cadrados de almacén, ademais daqueles de que dispoña dentro do recinto da exposición, no seu almacén de uso individualizado, poderá alugar módulos deste almacén regulador para aumentar a súa capacidade de almacenamento.

### CAPÍTULO IV

#### Estrutura alfandegueira

#### Artigo 17. *Alfándega de control.*

Fixase como alfándega de control a Administración de alfándegas do aeroporto de Zaragoza.

Todas as operacións alfandegueiras que se deban realizar no Centro Loxístico Expo faranse baixo a dirección-control e vixilancia das autoridades da alfándega de control.

As mercadorías que entren por outro punto do territorio da Unión Europea serán remitidas á alfándega de control en tránsito externo.

#### Artigo 18. *Almacén de depósito temporal.*

O Centro Loxístico Expo, onde as autoridades alfandegueiras recibirán, depositarán temporalmente e despacharán todas as mercadorías consignadas á Exposición, terá a consideración de almacén de depósito temporal, baixo a supervisión e vixilancia da alfándega de control.

#### Artigo 19. *Alfándega de ultimación.*

A alfándega de ultimación, para a autorización e control da reexportación das mercadorías, será tamén a Administración de alfándegas do aeroporto de Zaragoza.

## CAPÍTULO V

**Réxime alfandegueiro****Artigo 20. Réxime alfandegueiro aplicable.**

O anexo que desenvolve o artigo 16 do Convenio internacional asinado en París o 22 de novembro de 1928 relativo ás exposicións internacionais, fixa a «admisión temporal» ou importación temporal, con obriga de reexportación, como norma xeral aplicable ás mercadorías destinadas ás exposicións internacionais.

**Artigo 21. Mercadorías que se poden acoller.**

Poderanse incluír, no réxime de importación temporal con exención total para a Exposición Internacional Zaragoza 2008, as mercadorías que cumpran as seguintes condicións:

a) Teñan a consideración de mercadorías non comunitarias.

b) Estean directa ou indirectamente relacionadas coa celebración da Exposición Internacional Zaragoza 2008, considerándose como tales a título enunciativo e non exhaustivo as enumeradas no artigo 26 desta disposición.

c) Estean destinadas, unha vez utilizadas, á súa reexportación sen sufrir modificacións, coa excepción da depreciación normal causada polo uso que se faga delas, á cal se asimilan as operacións de montaxe, adaptacións, cambios, construción, decoración, etc., realizados por necesidades da exposición.

d) Poidan ser identificables por calquera medio utilizado polas oficinas de alfándegas. Excepcionalmente, a alfándega poderá autorizar o réxime de importación temporal sen garantir a identificación das mercadorías cando, tendo en conta a súa natureza ou a natureza das operacións que se vaian levar a cabo, a ausencia de medidas de identificación non poida conducir a un abuso do réxime.

e) Estean recollidas nalgúns dos supostos regulados polos artigos 553 a 583 do Regulamento (CEE) 2454/93, e cumpran as condicións e requisitos exixidos en cada caso.

**Artigo 22. Prohibicións.**

Estará prohibida ou restrinxida a vinculación a este réxime ás mercadorías a que fai referencia o artigo 58.2 do Código alfandegueiro comunitario, por razóns de orde pública, moralidade e sanidade públicas, protección da saúde e da vida das persoas e animais, preservación dos vexetais, protección do patrimonio artístico, histórico ou arqueolóxico nacional ou protección da propiedade industrial ou comercial, tales como mercadorías con usurpación de marca, mercadorías piratas, produtos estupefacientes, etc.

A prohibición de produtos para uso e consumo humano e de produtos vexetais será a regulada nas directivas da Unión Europea que se citaron no artigo 2 deste regulamento.

**Artigo 23. Garantías.**

Conforme o disposto no artigo 88.2 do Código alfandegueiro comunitario, a garantía exixida para a autorización da inclusión no réxime de importación temporal poderá ser substituída polo compromiso de reexportación formulado polo comisario de sección do participante oficial beneficiario deste réxime.

**Artigo 24. Prazo.**

Para todas as importacións temporais vinculadas á celebración da exposición establécese un prazo xeral de

24 meses desde a súa vinculación, sempre antes do 31 de decembro de 2008.

En circunstancias excepcionais a alfándega poderá autorizar unha prórroga para a cancelación do réxime.

**Artigo 25. Vinculación ao réxime alfandegueiro da exposición.**

A vinculación das mercadorías ao réxime alfandegueiro da exposición poderase efectuar mediante declaración escrita, utilizando o documento único administrativo acompañándoo da pertinente solicitude/autorización.

A solicitude/autorización poderase realizar e obter mediante un dos procedementos seguintes:

a) Normal, utilizando o modelo de solicitude/autorización establecido no anexo 67 do Regulamento (CEE) 2454/93.

b) Simplificado. A solicitude deste procedemento está constituída pola declaración de importación xunto cun documento complementario, que recolla como mínimo a información detallada no artigo 499 do Regulamento (CEE) 2454/93.

A solicitude deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

Certificado ou declaración expedidos pola organizadora da exposición, en que se indique que as mercadorías se vinculan ao réxime para a súa utilización e desenvolvemento na exposición.

Inventario das mercadorías.

Compromiso de reexportación ou de darlles o destino substitutivo que corresponda.

Malia o anterior, de acordo co establecido no punto 1 do artigo 580 do Regulamento (CEE) 2454/93, aceptaranse as declaracións de inclusión neste réxime alfandegueiro efectuadas ao abeiro dun caderno ATA ou CPD, cando estes sexan expedidos por un país participante, visados e garantidos por unha asociación que forme parte dunha rede internacional de fianzas.

**Artigo 26. Relación de mercadorías que se poidan acoller ao réxime de importación temporal con exención total.**

1.º As destinadas a seren expostas ou á realización de demostracións na exposición, que poderán ser instaladas, retocadas, reparadas ou transformadas sen necesidade de cumprir ningunha formalidade alfandegueira adicional ao respecto.

2.º Máquinas, aparellos e equipamentos destinados á construción, mantemento, evacuación e demolición dos edificios e demais instalacións dos participantes e da organizadora. Non será preciso que as máquinas, aparellos e equipamentos estean preparados para funcionar no momento da súa introdución no recinto.

3.º Os materiais necesarios para a construción e a conservación dos edificios e demais instalacións. Os expresados materiais pódense presentar en bruto, semielaborados ou rematados. Os edificios e instalacións referidos comprenden as oficinas dos participantes e da organizadora, almacéns de depósito, áreas de descanso, restaurantes, tendas e similares establecidas no recinto.

4.º Mobles, vitrinas, cabinas, expositores e elementos similares prefabricados.

5.º Mobles, adornos e material de oficina que vaian ser utilizados polos participantes e pola organizadora, comprendéndose entre tales efectos toda clase de máquinas e útiles de oficina.

6.º Material de decoración, no cal se inclúen tapices, alfombras, floraría e mesmo o equipamento de iluminación para os pavillóns dos participantes e da organizadora.

7.º Material publicitario, de demostración e de equipamento, utilizado na publicidade das mercadorías



expostas, tales como rexistros audiovisuais, películas e diapositivas e aparellos necesarios para a súa utilización.

8.º Mercadorías necesarias para demostracións das máquinas ou aparellos expostos e que se consuman ou destrúan no curso das devanditas exhibicións.

9.º Os artigos destinados á súa utilización en demostracións da calidade das máquinas, aparellos e outros útiles obxecto de exposición.

10.º O material que se vaia empregar na exposición, incluídas as recepcións e representacións de carácter cultural, artístico, deportivo ou recreativo, comprendidos os equipamentos de tradución simultánea, rexistro e reprodución de son, aparellos de vídeo, televisión, proxectores, pantallas, películas virxes ou gravadas, diapositivas, mapas e artigos similares ou con eles relacionados.

11.º As mercadorías que se vaian consumir no mantemento da exposición, nas súas instalacións fixas, así como no establecemento, decoración, amoblamento ou animación dun local ou espazo.

12.º As mercadorías que consuma o público visitante e as que se distribúan gratuitamente ou sexan destruídas.

13.º Os animais vivos destinados a participar na exposición.

14.º Os produtos obtidos durante a exposición a partir de mercadorías, máquinas, aparellos ou animais importados temporalmente. Cando os produtos fabricados con mercadorías ou materiais introducidos no recinto se destinen á súa venda fóra deste, deberán cumprir as formalidades e os requisitos exixidos con carácter xeral na importación para consumo das mercadorías.

15.º O material impreso, mesmo fotografías.

16.º As mostras de mercadorías co obxecto de facilitar as compras, fotocopias, películas, maquetas e demais artigos similares utilizados unicamente como substitutivos destas mostras.

17.º Os vehículos, embarcacións, aeronaves e obxectos para uso da organizadora, así como os de uso persoal introducidos en España por non-residentes que vaian manter relación de servizo con Expo Zaragoza 2008, S.A., sen que iso supoña establecerse definitivamente no territorio nacional.

#### Artigo 27. *Importación de vehículos automóbiles.*

Só se poderán vincular a este réxime de importación temporal para a exposición:

Os vehículos para uso exclusivo ou principal en actividades da exposición.

Os vehículos importados por non-residentes en España que presten os seus servizos na exposición.

Mentres se atopen neste réxime non estarán obrigados á matriculación en España, pero deberán posuír placas de matrícula estranxeira. Tampouco estarán sometidos ao imposto especial sobre determinados medios de transporte.

As persoas físicas con residencia no estranxeiro poderanse tamén acoller ao réxime de matrícula turística, de acordo co establecido no Real decreto 1571/1993, polo que se adapta a regulamentación da matrícula turística ás consecuencias da harmonización fiscal do mercado interior.

#### Artigo 28. *Vehículos de países non comunitarios.*

Persoas que trasladen a súa residencia a España:

Os vehículos importados por persoas que trasladen a súa residencia a España como consecuencia da celebración da Exposición Internacional de Zaragoza 2008 deberán ser despachados para consumo, pero poderán gozar da exención de dereitos de importación e IVE, de acordo co previsto na normativa comunitaria e nacional aplicable, se cumpren os seguintes requisitos:

Que estean matriculados ao seu nome na antiga residencia estranxeira por un período anterior mínimo de seis meses,

Que residisen fóra máis de doce meses,

Que trasladen a súa residencia a España,

Que se matriculen no prazo de trinta días e que se comprometan á súa non-transmisión no prazo de doce meses posteriores á matriculación,

Que soportasen no país de orixe ou procedencia as cargas de natureza alfandegueira ou fiscal a que estean normalmente suxeitos tales vehículos.

Estarán suxeitos a matriculación en España, pero gozarán de exención por traslado de residencia.

Se non cumpren estes requisitos, deberán pagar dereitos de importación e IVE, e serán matriculados con pagamento do imposto especial sobre determinados medios de transporte.

Persoas que non trasladen a súa residencia a España:

Os vehículos importados por persoas que non trasladen a súa residencia a España como consecuencia da celebración da Exposición Internacional de Zaragoza 2008 poderán gozar do réxime xeral de importación temporal de medios de transporte para usos privados por seis meses cada ano natural. O vehículo deberá ter matrícula estranxeira definitiva e será usado por persoa establecida fóra do territorio da Comunidade Europea. Non están suxeitos a matriculación nin ao imposto especial sobre determinados medios de transporte.

#### Artigo 29. *Vehículos de países comunitarios.*

Os vehículos que introduzan en España persoas que trasladen a súa residencia desde Estados membros da Unión Europea como consecuencia da celebración da Exposición Internacional de Zaragoza 2008 deberán ser matriculados en España, pero gozarán de exención do imposto sobre determinados medios de transporte se cumpren os requisitos do artigo anterior.

## CAPÍTULO VI

### Reexportación das mercadorías

#### Artigo 30. *Vinculación das mercadorías a outro réxime alfandegueiro.*

A ultimación da importación temporal, como regra xeral, realizarase pola reexportación da mercadoría. Non obstante poderá ser substituída pola súa vinculación a outros destinos alfandegueiros, tales como os seguintes:

Vinculación ao réxime de depósito franco, depósito alfandegueiro ou tránsito externo de cara a unha posterior reexportación.

Cesión a outro participante, asumindo este as obrigas que lle correspondan.

Abandono en beneficio do Tesouro ou destrución baixo control oficial.

Despacho a libre práctica ou para consumo. A débeda alfandegueira neste caso será a que correspondía no momento da importación temporal (artigo 144 Código alfandegueiro comunitario) incrementada nos xuros compensatorios que procedan conforme o artigo 519 Regulamento (CEE) 2454/93.

Estes procedementos excepcionais de ultimación deberaos autorizar a alfándega previamente e requirirán a presentación da correspondente solicitude ou declaración que proceda.

Artigo 31. *Mercadorías para as cales non se exige a reexportación.*

Non se terá a obriga de reexportación, nin será exixible o pagamento de impostos por dereitos de importación, o consumo, destrución ou distribución gratuíta, para as mercadorías que se enumeran no anexo ao Convenio internacional asinado en París en 1928 relativo ás exposicións internacionais, sempre e cando o seu valor global e a súa cantidade estea en relación coa natureza da exposición, o número de visitantes e a importancia da participación do expositor no evento.

## CAPÍTULO VII

### Imposición indirecta

Artigo 32. *Réxime suspensivo.*

As mercadorías incluídas no réxime de importación temporal gozarán de exención total de dereitos de importación e IVE, e non estarán sometidas a medidas de política comercial mentres permanezan vinculadas ao réxime de importación temporal ou calquera outro réxime suspensivo.

## ANEXO IV

### EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DE ZARAGOZA 2008 REGULAMENTO ESPECIAL NÚMERO 7

#### Relativo aos seguros

## CAPÍTULO I

### Xeneralidades

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento sobre os seguros ten como finalidade establecer os criterios que van rexer en materia de seguros para Expo Zaragoza 2008, S.A. (en diante «a organizadora») e os participantes na Exposición Internacional de Zaragoza 2008 (en diante «a exposición»).

O regulamento, que non enumera todas as posibles coberturas de seguros ofrecidas ou utilizables por un participante, determina os supostos en que a contratación dun seguro concreto é obrigatoria para a organizadora e os participantes, así como a forma de efectuar a devandita contratación, sen prexuízo do natural recoñecemento da liberdade de contratación doutras coberturas adicionais.

Artigo 2. *Definicións xerais.*

Os contratos de seguros están sometidos á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, ao texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, e á súa normativa de desenvolvemento.

1. Para os efectos deste regulamento, e en relación cos seguros previstos nel, enténdese por:

A) Asegurador: a persoa xurídica que asume o risco contractualmente pactado e queda obrigado a pagar, se é o caso, a indemnización ou suma correspondente.

B) Tomador do seguro: a persoa física ou xurídica que, xuntamente co asegurador, subscribe o contrato de seguro e ao cal lle corresponden as obrigas que deste se deriven para co asegurador, agás as que pola súa natureza deban ser cumpridas polo asegurado ou o beneficiario.

C) Asegurado: a persoa física ou xurídica titular dos bens e intereses obxecto do seguro, ou a persoa física

sobre cuxa existencia, integridade ou saúde se concertase o seguro.

D) Beneficiario: a persoa física ou xurídica que resulta titular do dereito á indemnización.

E) Póliza: o documento que contén as condicións reguladoras do seguro. Dela forman parte as condicións xerais, as particulares que individualizan o risco e os suplementos ou apéndices que se emitan para completala ou modificala.

F) Prima: o prezo do seguro. O recibo conterá ademais as recargas e impostos que sexan de legal aplicación.

G) Sinistro: todo feito cuxas consecuencias estean total ou parcialmente cubertas polas garantías das pólizas de seguro subscrias. Considerarase que constitúe un só e único sinistro o conxunto de danos persoais ou materiais derivados dunha mesma causa.

H) Terceiros: as persoas físicas ou xurídicas que sufran danos persoais ou materiais como consecuencia dun evento cuberto polos seguros concertados para casos de responsabilidade civil.

## CAPÍTULO II

### Coberturas que se subscribirán. Seguros contra danos

Artigo 3. *Seguro de danos. Fase de construción.*

A organizadora contratará, ao custo máis baixo que razoablemente se poida obter, unha póliza de seguro que cubra todo risco de danos materiais (modalidade pola que o asegurador indemnizará os danos materiais súbitos, accidentais e imprevistos, que sufran os bens asegurados, como consecuencia directa de calquera causa non especificamente excluída nas condicións da póliza) para a construción e montaxes ata a terminación dos edificios e instalacións propios e dos participantes.

Os capitais asegurados por esta cobertura serán os importes das construcións e montaxes na data de finalización dos traballos obxecto do seguro.

Esta póliza de seguro entrará en vigor na data en que o risco comece, por se iniciaren as obras, e durará ata que o risco cese, coa súa recepción definitiva.

Os participantes adheriranse á devandita póliza con carácter obrigatorio, e comunicaranllo así á organizadora antes de iniciar as obras, respecto dos edificios e instalacións que eles mesmos realicen. O custo de adhesión de cada participante a esta póliza de seguro será calculado a pro rata do valor asegurado, do xeito seguinte:

1. Os participantes pagarán o custo do seguro que cubra as instalacións que eles mesmos constrúan ou monten.

2. A organizadora pagará o custo do seguro que cubra os edificios e instalacións que, para uso dos participantes, se constrúan ou monten ou a parte alicuota destes, en caso de edificios e instalacións compartidos.

3. A organizadora pagará o custo do seguro que cubra as obras dos edificios e instalacións construídos ou montados por ela para a súa propia utilización.

Artigo 4. *Seguro de danos. Fase de operacións: exposición e desmontaxe.*

1. Seguro sobre bens inmoables.

A organizadora contratará, no momento de remate de cada obra e ao custo máis baixo que razoablemente se poida obter, unha póliza de seguro a todo risco de danos materiais (modalidade pola que o asegurador indemnizará os danos materiais súbitos, accidentais e imprevistos, que sufran os bens asegurados, como consecuencia directa de calquera causa non especificamente excluída nas condicións da póliza) dos edificios e instalacións propios e daqueles participantes que non opten por asegura-

los directamente ou ser o seu propio asegurador conforme o permitido neste artigo.

Os edificios e instalacións construídos ou montados pola organizadora para uso dos participantes serán asegurados por conta da organizadora e repercutido o seu custo ao participante correspondente, en proporción ao seu interese respectivo.

Esta póliza de seguro entrará en vigor na data en que o risco comece, ao rematar a construción coa súa recepción definitiva, e durará ata que o risco cese.

Os participantes que non opten por asegurar directamente as instalacións construídas ou montadas por eles mesmos, poderanse adherir a esta póliza. O custo da adhesión será calculado a pro rata do valor asegurado do xeito seguinte:

i. Os participantes pagarán o custo do seguro que cubra as instalacións construídas ou montadas por eles mesmos.

ii. Os participantes pagarán, así mesmo, o custo do seguro que cubra os edificios e instalacións que para uso deles constrúa ou monte a organizadora ou a parte alícuota destes en caso de edificios e instalacións compartidas.

iii. A organizadora pagará o custo do seguro que cubra os edificios e instalacións construídos ou montados por ela para a súa propia utilización.

Os participantes estarán obrigados a lle facilitar á organizadora cantos datos requira para a contratación e mantemento deste seguro.

O participante que queira contratar directamente este seguro de danos, deberallo notificar previamente á organizadora, solicitando a súa aceptación do asegurador autorizado para operar en España co que o pretenda facer; presentar unha copia certificada da póliza, unha vez subscrita, á organizadora, e xustificar ante esta, e á súa satisfacción, o pagamento da prima correspondente a todo o período que deba abranguer o seguro exixido.

Calquera participante oficial poderá decidir libremente ser o seu propio asegurador no relativo aos danos que puidesen sufrir os seus propios bens inmobles, mediante unha declaración nos termos redactados para o efecto pola organizadora, que será asinada por triplicado polo comisario da Sección Nacional ou, se é o caso, polo director de pavillón, e entregada á organizadora antes do establecemento do participante na exposición.

## 2. Seguro sobre bens mobles.

A organizadora contratará, ao custo máis baixo que razoablemente se poida obter, unha póliza de seguro de danos dos mobles, equipamentos e calquera outro artigo de diversa natureza, dos cales por calquera causa sexan responsables ela ou os participantes na exposición, que non fosen asegurados directamente polos participantes.

A póliza de seguros cubrirá bens mobles que se atopen no recinto da exposición, excluídos os vehículos de motor, de todos os riscos asegurables, mediante póliza a todo risco.

As sumas aseguradas por esta cobertura deberán ser as que realmente correspondan ao valor do interese asegurado.

O custo de adhesión de cada participante a esta póliza de seguro será calculado en función da súa participación no interese asegurado, tendo en conta a perigosidade dos riscos a que estean sometidos os bens cubertos polo seguro.

Os participantes estarán obrigados a lle facilitar á organizadora cantos datos requira para a contratación e mantemento deste seguro.

O participante que queira contratar directamente este seguro de danos, deberallo notificar á organizadora, solicitando a súa aceptación respecto do asegurador autorizado para operar en España con que pretenda facelo; presentar unha copia certificada da póliza, unha vez subscrita, á organizadora, e xustificar, ante esta, e á súa satis-

facción, o pagamento das primas correspondentes a todo o período que deba abranguer o seguro exixido.

## Artigo 5. Cobertura de riscos extraordinarios.

O seguro de danos contratado pola organizadora ou ben que sexa subscrito directamente polo participante, referido tanto á cobertura de bens inmobles coma á dos bens mobles, deberá incluír a cobertura dos riscos extraordinarios, tanto no caso de pólizas con recarga obrigatoria a favor do Consorcio de Compensación de Seguros como no daquelas outras que se atopen excluídas da referida recarga (sinaladamente as pólizas de construción e montaxe).

## CAPÍTULO III

### Coberturas que se subscibirán. Seguros de responsabilidade civil

#### Artigo 6. Seguro de responsabilidade civil xeral. Fase de construción.

Mediante a contratación dos seguros de responsabilidade civil, o asegurador tomará pola súa conta a responsabilidade civil extracontractual que poida derivar para o asegurado como civilmente responsable, polos danos corporais, materiais e prexuízos como consecuencia deles, involuntariamente ocasionados a terceiros por feitos que teñan relación directa coas actividades obxecto do seguro, dentro dos límites, coberturas e exclusións que se recollan nos contratos de seguro.

A organizadora contratará unha póliza de seguro de responsabilidade civil, nas condicións máis favorables que razoablemente se poidan obter, que cubrirá a organización, aos participantes e a todas as empresas e persoal que interveñan na construción ou montaxe das obras.

A devandita póliza cubrirá a responsabilidade civil, comprendendo tanto os danos persoais, como os danos materiais e prexuízos económicos derivados destes, ata un límite de 20.000.000 de euros por sinistro.

A cobertura desta póliza entrará en vigor na data en que o risco comece por se iniciaren as obras, e durará ata que o risco cese coa súa recepción definitiva.

Os participantes poderanse adherir á devandita póliza, comunicándollo así á organizadora antes de iniciar as obras, respecto dos edificios e instalacións que eles mesmos realicen. O custo de adhesión será pagado polos participantes, e calculado baseándose no custo de execución das obras.

O participante que queira contratar directamente este seguro de responsabilidade civil xeral, deberallo notificar ao comisario da exposición, solicitando a súa aceptación respecto do asegurador autorizado para operar en España con que pretenda facelo; presentar unha copia certificada da póliza, unha vez subscrita, á organizadora, e xustificar ante esta, e á súa satisfacción, o pagamento da prima correspondente a todo o período que deba abranguer o seguro exixido.

A devandita póliza deberá ser subscrita por un límite non inferior a 20.000.000 de euros por sinistro, e deberán ser asegurados pola devandita póliza expresamente a organizadora, o participante e todas as empresas e persoal que interveñan na construción ou montaxe das obras.

#### Artigo 7. Seguro de responsabilidade civil xeral. Fase de operacións: explotación e desmontaxe.

A organizadora contratará unha póliza de seguro de responsabilidade civil, nas condicións máis favorables que razoablemente se poidan obter, que cubrirá a organización, todos os participantes e todas as empresas e persoal que interveñan na desmontaxe.



A responsabilidade civil obxecto da devandita póliza referirase á que poida derivar para a organizadora, para os participantes ou para as empresas e persoal que interveñan nas actividades realizadas no recinto da exposición, ou das relacionadas directamente coa propia exposición, así como a súa desmontaxe.

A devandita póliza cubrirá a responsabilidade civil, e abranguerá tanto os danos persoais, como os danos materiais e prexuízos económicos derivados destes, ata un límite de 70.000.000 de euros por sinistro.

A cobertura desta póliza terá efecto para cada participante na data en que asine a súa adhesión á póliza, e expirará cando o risco cese.

Os participantes poderanse adherir á devandita póliza comunicándollo á organizadora, e o seu custo determinarase tendo en conta os riscos cubertos e a perigosidade das instalacións ou as actividades que se desenvolvan.

O participante que queira contratar directamente este seguro de responsabilidade civil xeral deberallo notificar ao comisario da exposición, solicitando a súa aceptación respecto do asegurador autorizado para operar en España con que pretenda facelo; presentar unha copia certificada da póliza, unha vez subscrita, á organizadora, e xustificar ante esta, e á súa satisfacción, o pagamento da prima correspondente a todo o período que deba abranguer o seguro exigido.

A devandita póliza deberá ser subscrita por un límite non inferior a 70.000.000 de euros por sinistro e con cobertura idéntica á póliza subscrita pola organizadora.

#### Artigo 8. *Seguro de responsabilidade civil derivada da utilización de vehículos de motor.*

Ademais do seguro obrigatorio de responsabilidade civil que exige a lexislación española para a circulación dos vehículos de motor, requirirase un seguro complementario que cubra a responsabilidade civil, en contía de 50.000.000 de euros, por danos materiais e persoais derivados da utilización de todo vehículo de motor que entre dentro do recinto da exposición, e pertenza á organizadora ou aos participantes.

A organizadora porá á disposición dos participantes a posibilidade de contratar as pólizas, a través dunha póliza aberta subscrita por esta.

Este seguro, que correrá por conta dos que requiran o acceso do vehículo á exposición, deberá ser formalizado cun asegurador autorizado para operar en España, aceptado polo comisario da exposición, estar en vigor no momento en que o vehículo sexa admitido por primeira vez dentro do recinto da exposición, sen se consideraren tal os aparcadoiros exteriores a este, e cubrir todo o período de permanencia do vehículo no referido recinto, alcanzando ata o momento en que o risco cese.

### CAPÍTULO IV

#### **Coberturas a subscribir. Seguros de persoas**

#### Artigo 9. *Seguro por riscos laborais e comúns.*

Todos os comisarios de sección ou directores de pavillón, participantes, contratistas e demais empresas que traballen para a organizadora ou os participantes en relación coa exposición deberán xustificar ante a organizadora a afiliación e alta no correspondente réxime da Seguridade Social, que cubra riscos profesionais e comúns do seu persoal, conforme a lexislación vixente en España.

#### Artigo 10. *Seguro de accidentes de visitantes.*

A organizadora contratará unha póliza de seguro de accidentes, que cubrirá os que poidan sufrir os visitantes no recinto da exposición ou nas súas instalacións cunha contía

de 15.000 euros por persoa para caso de morte e 15.000 euros por persoa para caso de invalidez permanente; debebase ter en conta que, para este segundo caso, se pagará a totalidade da suma asegurada cando se produza invalidez absoluta e permanente total ou unha parte proporcional ao grao de invalidez, se esta resulta parcial.

### CAPÍTULO V

#### **Renuncias recíprocas**

#### Artigo 11. *Renuncias recíprocas.*

A organizadora renuncia ao dereito a formular calquera reclamación contra os participantes e o seu persoal, en relación con danos aos bens polos cales puidesen ser responsables en caso de incendio ou doutro accidente, agás no suposto de negligencia grave ou actos dolosos.

De igual modo, os comisarios de sección, directores de pavillóns e os participantes, polo mesmo feito da súa participación, renuncian ao dereito a formular calquera reclamación contra o comisario da exposición, os demais comisarios, a organizadora e os outros participantes, así como o seu persoal, no que se refire aos danos aos bens polos cales puidesen ser responsables, en caso de incendio ou doutro accidente, agás no suposto de negligencia grave ou actos dolosos.

Estas renuncias terán efecto, automaticamente, desde o momento da entrada en vigor do respectivo contrato de participación ou de concesión, e deberanse facer constar, conforme a obriga asumida para este efecto polos participantes, en todas as pólizas de seguros de danos que se formalicen de acordo co previsto neste regulamento.

### CAPÍTULO VI

#### **Domicilio, foro e lexislación aplicable**

#### Artigo 12. *Domicilio e foro.*

Os participantes que tivesen o seu domicilio fóra de Zaragoza designarán un domicilio nesta cidade para toda clase de notificacións, citacións ou emprazamentos en relación cos seguros de obrigatoria contratación, conforme este regulamento; e con expresa renuncia ao seu propio foro, someteranse tamén expresamente aos xulgados e tribunais da cidade de Zaragoza para cantas cuestións dimanen dos referidos seguros.

#### Artigo 13. *Lexislación aplicable.*

Os seguros de obrigatoria contratación establecidos neste regulamento rexeranse pola lexislación española vixente na materia, que será a única aplicable a cantas cuestións xurdan sobre a súa interpretación, alcance, cumprimento e incumplimento.

### CAPÍTULO VII

#### **Disposicións derradeiras**

#### Artigo 14. *Contratación doutras garantías.*

Ademais dos seguros de obrigatoria contratación, conforme o establecido neste regulamento, a organizadora e os participantes poderán libremente contratar cantas outras coberturas teñan por conveniente.

Con independencia dos contratos de seguros detallados neste regulamento, serán de obrigatoria contratación aqueles seguros que como tales veñan regulados na lexislación propia de cada unha das actividades que se vaian realizar na Exposición Internacional.

**Artigo 15. Informacións que deberá subministrarse á organizadora.**

A organizadora porá á disposición dos participantes informacións referentes á contratación doutros seguros complementarios que poidan ser subscritos.

**ANEXO V**

**EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DE ZARAGOZA 2008  
REGULAMENTO ESPECIAL N.º 8**

**Condicións polas cales os participantes oficiais poderán operar restaurantes ou realizar vendas**

**CAPÍTULO I**

**Disposicións xerais**

**Artigo 1. Obxecto.**

O propósito deste regulamento especial é especificar, de conformidade co disposto nos artigos 19, 20, 21, 22, 23, 24 e 34 do Regulamento xeral da Exposición Internacional Zaragoza 2008, os requisitos necesarios para que se leven a cabo actividades comerciais no recinto da exposición por parte daqueles Estados estranxeiros e organizacións internacionais que aceptaron un convite oficial para participar na exposición.

**Artigo 2. Conformidade coas leis e regulamentos.**

Os participantes oficiais acatarán o regulamento xeral, os especiais, as leis españolas, así como as instrucións e directivas de desenvolvemento emitidas pola organizadora que se redacten de conformidade co disposto no regulamento xeral e nos especiais.

O comisario da exposición poderá, no suposto de que as actividades comerciais dun participante oficial contravíñesen as leis e regulamentos, ordenar ao participante o cesamento nas devanditas actividades. O participante acatará esta orde e a organizadora non asumirá responsabilidade ningunha por calquera dano ou perda que esta poida supoñer para o participante oficial, a non ser que as normas lle impoñan esa responsabilidade.

Os participantes oficiais, no marco da exposición, aseguraránse de que todas as partes implicadas nas súas actividades comerciais acaten as leis e regulamentos ademais de cumprir as directivas establecidas pola organizadora que se xulguen necesarias para o bo funcionamento da exposición.

**Artigo 3. Duración.**

A duración da actividade comercial dos participantes oficiais non poderá superar a data de clausura da exposición.

Queda exceptuada do anterior a venda de artigos expostos e materiais empregados para instalar as presentacións, e a liquidación de existencias, os cales se poderán vender para seren entregados unha vez clausurada a exposición.

**Artigo 4. Responsabilidade.**

As actividades comerciais dos participantes oficiais entrarán na xurisdición do respectivo comisario de sección, de conformidade co artigo 19 do Regulamento Xeral da Exposición Internacional de Zaragoza 2008.

Responsabilizaranse directamente os comisarios de sección polas actividades comerciais realizadas polos participantes, fronte á organizadora e fronte ao comisario da exposición, do cumprimento de todas as obrigas de calquera tipo establecidas neste regulamento especial,

así como de calquera outra obriga que puidese derivar do exercicio das devanditas actividades comerciais, non só cando sexan os propios participantes oficiais os titulares directos da súa explotación, senón tamén cando cedesen, arrendasen ou traspasasen a devandita explotación a un terceiro por medio de calquera fórmula.

**CAPÍTULO II**

**Aprobación de actividades comerciais**

**Artigo 5. Solicitude e autorización.**

Os participantes oficiais que desexen realizar actividades comerciais dentro do recinto da exposición presentarán unha solicitude por escrito á organizadora, para cada categoría de actividade comercial [restaurantes (anexo 1) e tendas (anexo 2)].

Formará parte da solicitude e como anexo a esta, un plano que reflectirá o local comercial tal como o participante oficial o planifique xunto cunha breve descrición escrita deste.

Do mesmo modo, especificarase o tipo de actividade comercial, así como o tipo de produtos ou servizos que se ofrecerán ao público, o acondicionamento que se dará ao local e a capacidade máxima (número de prazas se é o caso) deste.

A organizadora analizará e emitirá informe sobre as actividades comerciais dos participantes oficiais en función do seu cumprimento dos regulamentos, normas e procedementos establecidos indicando, se fose necesario, os cambios que proceda efectuar ata poder aprobalo. Todo participante oficial deberá obter o informe escrito favorable da organizadora con carácter previo ao desenvolvemento das súas actividades comerciais.

A autorización outorgarase no contrato de participación subscrito entre a organizadora e o comisario de sección e aceptado polo comisario da exposición.

**Artigo 6. Autorización por tipo de actividade.**

**1. Restaurantes.**

Os participantes oficiais poderán abrir restaurantes sempre e cando cubran as necesidades de nivel e calidade acorde coa relevancia da exposición e estes reflectan principalmente a tradición e costumes dos seus países, a través do deseño e decoración, do tipo de comida e bebida, da súa presentación, servizo e dos uniformes e vestimenta dos seus empregados; de tal maneira que sirvan para difundir a súa cultura e tradicións, eliminando polo tanto os formatos internacionais.

Os participantes oficiais que desexen abrir os restaurantes deberán recibir a aprobación da organizadora en relación cos tipos, situación, área, tamaño, estilo, capacidade e método de xestión. Calquera modificación posterior nos termos arriba indicados necesitará a aprobación previa e por escrito da organizadora.

Queda explicitamente prohibida a venda directa ao visitante en espazo público.

**2. Tendas.**

Os participantes oficiais poderán vender fotografías, diapositivas, postais, libros, selos e gravacións de imaxe e son procedentes dos seus países ou relacionados coas súas organizacións internacionais; así como un número limitado de artigos de alta calidade, nunca superior a 100, que sexan característicos e representativos do seu país ou da organización internacional.

Os participantes oficiais que desexen comercializar os artigos mencionados deberán recibir a aprobación da organizadora no referente a todos e cada un dos produtos, ademais do relacionado coa situación, área, tamaño e

método de xestión da tenda. Calquera modificación posterior nos termos arriba indicados necesitará a aprobación previa e por escrito da organizadora.

As bebidas e comidas que se vendan na tenda serán só para consumo fóra do recinto. Na tenda nunca se venderán bebidas frías ou quentes para consumo inmediato.

### 3. Venda dos obxectos expostos.

Os artigos expostos polos participantes oficiais, así como os materiais utilizados para as instalacións dedicadas a exposición, poderanse allear despois da data de clausura da exposición. Non obstante, en tal suposto, e sen prexuízo do establecido no regulamento especial n.º 6, o expositor perderá o seu dereito ao beneficio de importación temporal e estará suxeito a tributación e aos requisitos xerais alfandegueiros de acordo coa lexislación aplicable en España sobre a materia. En ningún caso se pagarán canons á organizadora sobre tales vendas.

### 4. Actuacións asociadas a actividades comerciais.

Os participantes oficiais poderán, logo de aprobación por escrito da organizadora, e de acordo co comisario da exposición e co comisario de sección, organizar actuacións de música, danza e doutra índole na área onde leven a cabo as súas actividades comerciais. En tales casos, os participantes oficiais non lles exixirán aos visitantes o pagamento dunha entrada nin calquera outro pagamento polas citadas actuacións.

5. Distribución de mostras gratuítas e degustación de mostras de produtos alimenticios.

Coa aprobación previa e por escrito do comisario da exposición, os participantes oficiais poderán distribuír nos seus pavillóns, de forma gratuíta, mostras de produtos ou ofrecer mostras de alimentos para a súa degustación, sempre que se trate de produtos orixinarios do país ou rexión do participante oficial que os solicite ou se fabriquen por medio de maquinaria ou outros aparellos que este teña expostos no seu pavillón.

A organizadora poderá limitar as cantidades que se distribuirán, o tipo de artigos, así como o número de veces e lugares de distribución.

### Artigo 7. Áreas autorizadas para actividades comerciais.

O espazo total autorizado para actividades comerciais non excederá o 20% do espazo expositivo.

O espazo expositivo será calculado restándolle ao total de espazo dispoñible do participante, o destinado a uso VIP e a necesidades de persoal tales como lavabos e oficinas.

Estarán incluídos dentro dese 20% os espazos que sexan de acceso público.

Non está permitida a venda directa á vía pública da exposición. Salvo casos especiais e sempre logo de aprobación da organizadora, a actividade comercial dos participantes realizarase só no interior do seu pavillón.

## CAPÍTULO III

### Condicións económicas

#### Artigo 8. Canons.

Os participantes oficiais aboaranlle canons á organizadora polo exercicio das súas actividades comerciais e restaurantes, de acordo coas condicións determinadas neste regulamento.

##### 1. Restaurantes.

O participante oficial aboaralle mensualmente á organizadora, a través do comisario de sección, unha porcentaxe dos ingresos brutos (excluído IVE), dos seus restaurantes en concepto de canon. Este canon variará en función da categoría de restaurante aténdose á seguinte táboa:

TIPO DE RESTAURACIÓN		
Restaurante de mesa.	Restaurante de mesa. Pratos cociñados in situ parcial ou completamente a partir de materias primas. O persoal toma a comanda e o comensal espera na mesa a ser servido. A súa decoración pode ser temática e personalizada e o persoal pode vestir traxe típico.	2%
Buffet.	Pódese ver a oferta de produto e así selecciónalo. Basicamente autoservizo. Prezo menú medio Non dispón de servizo de mesa.	3%
Comida rápida.	Restaurantes que ofrecen comida preparada nun breve espazo de tempo por pedido do comensal no mostrador onde será servida. Prezo menú medio/baixo	6%
Delicatessen.	Non necesita cociña. Basicamente autoservizo, alimentos precociñados ou listos para comer. As tendas ou bares de bebidas, zumes, café entrarán dentro desta categoría.	8%

A categoría en que se clasifique cada establecemento e o correspondente nivel de canon debido serán determinados pola organizadora en función da definición descrita.

##### 2. Tendas.

Os participantes oficiais, mensualmente, aboarán á organizadora, a través do comisario de sección, un 10% dos ingresos brutos (excluído IVE) das súas tendas en concepto de canon polo exercicio das súas actividades comerciais.

#### Artigo 9. Das condicións de pagamento.

O participante oficial pagará as cantidades estipuladas a mes vencido nos 15 días seguintes á emisión da factura pola organizadora.

As obrigas económicas adquiridas coa organizadora como consecuencia do desenvolvemento das actividades comerciais do participante oficial serán responsabilidade do comisario de sección de cada participante oficial e cobraránselle a este independentemente de quen realice a devandita actividade.

#### Artigo 10. Control de ingresos.

Os participantes oficiais procesarán a totalidade da recadación de vendas das súas actividades comerciais e restaurantes utilizando un terminal de punto de venda (TPV-POS) do tipo que especifique a organizadora.

Os participantes oficiais aceptarán pagamentos efectuados con tarxeta de crédito, sempre que as devanditas vendas se rexistren no terminal de punto de venda utilizada polo participante oficial.

#### Artigo 11. Rexistro das operacións realizadas e información destas á organizadora.

Os participantes, sen excepción, deberán usar os terminais de punto de venda designados pola organizadora, marcar neles todas as vendas realizadas e entregar sem-



pre recibo de compra ao consumidor en todas as operacións realizadas.

Os participantes comprométese a gardar as copias dos recibos («tickets») emitidos como comprobante das operacións realizadas diariamente; copias que deberán presentar á organizadora no momento e forma en que esta o requira.

## CAPÍTULO IV

### Condições operativas

#### Artigo 12. *Horario comercial.*

O horario comercial dependerá do tipo de actividade que se leve a cabo, sendo en xeral o mesmo horario do pavillón en que se atope situada a actividade e coa excepción dos restaurantes, cuxa hora de peche se poderá ver modificada para cubrir as necesidades operativas das ceas.

Os participantes oficiais non poderán suspender as súas actividades comerciais durante as horas comerciais mencionadas no punto anterior sen a aprobación previa e por escrito da organizadora.

A organizadora poderá, cando as necesidades operativas da exposición así o exixan, modificar as horas comerciais mencionadas. Neses supostos, os participantes oficiais acatarán as directivas ordenadas ao respecto sen que iso supoña motivo para solicitar compensación por danos á organizadora.

#### Artigo 13. *Entrada e retirada de mercadorías.*

A entrada e retirada de mercadorías no recinto da exposición realizarase de acordo coas normas establecidas pola organizadora en cumprimento dos controis de seguraza, alfandegueiros, sanitarios e/ou comerciais que correspondan en cada caso.

Os participantes oficiais deberán axustar aos horarios e procedementos designados pola organizadora nos seus regulamentos (regulamento n.º 6).

#### Artigo 14. *Venda mediante máquinas automáticas.*

Os participantes oficiais, coa aprobación previa e por escrito da organizadora, poderán vender produtos mediante máquinas automáticas, sempre que sexan produtos ou artigos incluídos na lista presentada e aprobada pola organizadora e as súas vendas se controlen ou rexistren de conformidade co establecido neste regulamento.

#### Artigo 15. *Seguros.*

Os participantes oficiais deberán contratar os seguros que cubran os riscos dimanantes da súa actividade comercial e que a organizadora determine en relación co previsto nos seus regulamentos (regulamento n.º 7).

#### Artigo 16. *Impostos.*

Os participantes oficiais, en relación coas súas actividades comerciais, satisfarán os dereitos de alfándegas e outros impostos aplicables, de acordo coa lexislación vixente na materia.

#### Artigo 17. *Xestión de persoal.*

1. Os participantes oficiais deberán vixiar o cumprimento dos regulamentos por parte dos seus empregados nas actividades comerciais así como por parte de calquera outra persoa que estea directa ou indirectamente subordinada ao participante oficial.

2. Os participantes oficiais, nas súas relacións cos seus empregados, vixiarán o cumprimento do seguinte:

Prestar especial atención ao seu estado de saúde, aparencia e comportamento.

Coidar que leven de xeito visible e en todo momento unha tarxeta identificativa subministrada pola organizadora.

Procurarlles a indumentaria axeitada para que vistan dun xeito uniforme que estea en harmonía coa exposición, no seu conxunto, e que ofrezca unha impresión favorable aos visitantes.

Prohibir que vistan os seus uniformes de traballo cando visiten o recinto da exposición nas súas horas libres.

3. O comisario da exposición, no suposto de que calquera membro do persoal non seguisse as leis e regulamentos ou cando se considere que o seu comportamento sexa inapropiado, de cara a manter a orde no recinto da exposición, poderalle ordenar ao participante oficial implicado que faga desaloxar do recinto da exposición ese membro do persoal ou que lle prohiba realizar actividades comerciais no interior do recinto. O participante oficial implicado acatará as medidas correctivas aplicadas para o efecto.

#### Artigo 18. *Asuntos que requiren notificación (persoal).*

Os participantes oficiais notificaranlle á organizadora os seguintes datos:

(A) Os nomes e información de contacto das persoas responsables das actividades comerciais;

(B) Os nomes das persoas que leven a cabo as actividades comerciais (en diante denominadas «persoal»);

(C) Calquera outro asunto estipulado pola organizadora.

#### Artigo 19. *Publicidade.*

Os participantes oficiais só poderán distribuír folletos e prospectos dentro das instalacións da súa concesión a non ser que o comisario da exposición autorice a súa distribución noutros lugares. Todo o material publicitario será conforme coas normas de publicidade contidas nas instrucións que emita a organizadora e en calquera caso deberá contar coa súa aprobación.

Antes de levar a cabo a instalación de calquera sinalización, o participante obterá a aprobación previa e por escrito do comisario da exposición.

O comisario da exposición poderá ordenar a retirada, modificación ou suspensión da distribución de material publicitario cando o considere necesario para a orde e harmonía xeral da exposición. O participante non terá dereito a reclamación ningunha contra a organizadora por este concepto.

Os participantes oficiais deberán solicitar a aprobación previa e por escrito antes de utilizar megafonía ou outro equipamento de son e/ou imaxe no recinto da exposición.

#### Artigo 20. *Utilización dos símbolos da exposición polos participantes oficiais.*

Os participantes oficiais non utilizarán nas súas actividades comerciais símbolos, logotipos, marcas, emblemas, mascotas ou mensaxes publicitarias da exposición, salvo que o comisario da exposición autorice previamente e por escrito a súa utilización para fins non comerciais nos menús, listas de prezos e facturas, sempre dentro do recinto da exposición.

Os participantes oficiais terán que obter o permiso previo e por escrito da organizadora para reproducir, mediante procesos gráficos, fotográficos ou mediante calquera outro medio, calquera parte da exposición, salvo o interior e exterior das súas propias instalacións.

## CAPÍTULO V

**Seguimento das actividades dos participantes oficiais****Artigo 21. *Facultade inspectora da organizadora.***

A organizadora poderá levar a cabo en todo momento inspeccións das actividades económica, comercial, de hixiene alimentaria, sanidade ambiental, operación, subministracións, transportes, reclamacións ou de calquera outra incidencia que afecte o correcto funcionamento ou a boa imaxe da exposición, sen prexuízo do exercicio da potestade disciplinaria polo comisario da exposición de conformidade co artigo 5 do regulamento xeral.

A organizadora poderá, baseándose no resultado da inspección mencionada no punto anterior, solicitar do participante oficial correspondente que efectúe calquera medida de corrección ou reforma que considere necesaria. Corresponderalle ao participante oficial en cuestión adoptar, pola súa conta, todas as medidas correctoras necesarias para o cumprimento do sinalado.

**Artigo 22. *Resolución.***

Se, como consecuencia da actividade inspectora da organizadora, se detectase un suposto de feito susceptible de ser cualificado como falta, iniciárase un procedemento para a determinación da súa comisión, da súa autoría e das súas consecuencias.

En caso de que o participante oficial non emendase a falta con carácter inmediato, a organizadora poderá realizar por si mesma ou a través de terceiros, as medidas correctoras necesarias para a emenda, con cargo ao participante dos custos en que se incorrese.

En tales casos, a organizadora reserva para si a facultade de lle propoñer ao comisario da exposición o cesamento das devanditas actividades económicas e en consecuencia o permiso de operación quedaría denegado.

## CAPÍTULO VI

**Instalacións comerciais****Artigo 23. *Preparación para actividades comerciais.***

Os participantes oficiais, asumindo todo gasto e responsabilidade, levarán a cabo o deseño, construción e xestión das instalacións, dentro da área que utilizarán para as súas actividades comerciais e seguirán as disposicións dos regulamentos da organizadora concernentes á construción, instalacións, prevención de incendios, seguranza laboral, protección do ambiente e seguros.

**Artigo 24. *Mantemento de instalacións.***

Os participantes oficiais prestarán a debida atención ao mantemento da orde e hixiene nas súas instalacións, situadas nas zonas onde se leven a cabo actividades comerciais, mantendo en bo estado de conservación e funcionamento as súas instalacións a satisfacción da organizadora e de conformidade co disposto na lexislación vixente, nos regulamentos especiais e instrucións de desenvolvemento.

A organizadora, no caso contrario, poderá facer as reparacións que considere necesarias. Se as devanditas obras supuxesen a paralización das actividades comerciais, isto non dará lugar a indemnización ningunha por parte da organizadora en concepto de lucro cesante.

Os gastos soportados pola organizadora nas reparacións que realice en virtude do disposto no punto anterior, serán repercutidos ao participante oficial e deberán ser pagados por este á organizadora.

**Artigo 25. *Subministracións públicas.***

A organizadora coidará que lles sexan subministrados aos participantes oficiais, nos seus locais e por conta destes, os servizos de gas, electricidade, telecomunicacións, abastecementos de auga e saneamentos, recollida de lixo e servizo de seguranza. As tarifas para os devanditos servizos estarán en liña coas tarifas locais vixentes no momento da súa prestación.

**Artigo 26. *Reversión das instalacións.***

Os participantes oficiais, pola súa conta e no prazo de dous meses a partir da clausura da exposición, devolveranlle á organizadora as instalacións no estado e condicións en que as recibiu. Non obstante, en casos específicos considerados apropiados pola organizadora, as instalacións de concesionario poderán ser devoltas sen ter que ser restituídas ao seu estado orixinal.

Se o participante oficial non cumprise as obrigas previstas no punto anterior a organizadora poderá tomar as medidas necesarias en substitución e por conta deste.

O participante oficial non retirará do recinto da exposición ningún equipamento, mercadoría ou instalacións utilizadas ou construídas para o funcionamento das súas actividades comerciais, sen a aprobación previa por escrito do comisario da exposición, e seguirá as instrucións concernentes ao momento máis oportuno e método para retirar da sede da exposición o equipamento de venda e calquera outra instalación.

**FORMULARIO SOLICITUDE ACTIVIDADES COMERCIAIS: RESTAURACIÓN  
(Anexo 1)**

Nome do participante:

Nome do comisario de sección:

Sinatura:

Total do espazo expositivo participante:

Espazo destinado a restaurante (incluído almacén, cociña...)

Documentos anexos: planos, medidas, tipo de actividade (restaurante ou tenda)

**TIPO DE RESTAURACIÓN**

Restaurante de mesa:	Restaurante de mesa. Pratos cociñados <i>in situ</i> parcial ou completamente a partir de materias primas. O persoal toma a comanda e o comensal espera na mesa a ser servido. A súa decoración pode ser temática e personalizada e o persoal pode vestir traxe típico.	2%
Buffet:	Pódese ver a oferta de produto e así selecciónalo. Basicamente autoservizo. Prezo menú medio. Non dispón de servizo de mesa.	3%
Comida rápida:	Restaurantes que ofrecen comida preparada nun breve espazo de tempo por pedido do comensal no mostrador onde será servida. Prezo menú medio/baixo.	6%
Delicatessen:	Non necesita cociña. Basicamente autoservizo, alimentos precociñados ou listos para comer. As tendas ou bares de bebidas, zumes, café entrarán dentro desta categoría.	8%

Nº de terminais de punto de venda

Nome e datos do operador

Comentarios: describir os plans de negocio no que respecta a menús, servizo, decoración...



**FORMULARIO SOLICITUDE ACTIVIDADES COMERCIAIS: TENDA**  
(Anexo 2)

Nome do participante:

Nome do comisario de sección:

Sinatura:

Total do espazo expositivo participante:

Espazo destinado a restaurante (incluído almacén, cociña...)

Documentos anexos: planos, medidas, tipo de actividade (restaurante ou tenda)

Tipo de produto: (máximo 100)

1. NOME  
Definir tipo de produto que se vai vender

PVP  
.....

2. NOME  
Definir tipo de produto que se vai vender

PVP  
.....

Canon 10%

3. NOME  
Definir tipo de produto que se vai vender

PVP  
.....

4. ....

.....

Nº de terminais de punto de venda

Nome e datos do operador

Comentarios: describir os plans de negocio, servizo, decoración...

## ANEXO VI

### EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DE ZARAGOZA 2008 REGULAMENTO ESPECIAL NÚMERO 9

#### Relativo á sanidade, hixiene, limpeza e mantemento, vixilancia e seguranza, distribución de auga, gas, electricidade, calefacción, aire acondicionado e telecomunicacións

##### DISPOSICIÓN XERAL

De conformidade co disposto no artigo 34 do Regulamento xeral da Exposición Internacional de Zaragoza 2008, este regulamento especial regula a sanidade, hixiene, limpeza e mantemento, vixilancia e seguranza, distribución de auga, gas, electricidade, calefacción, aire acondicionado e telecomunicacións.

Este regulamento estrutúrase en tres seccións:

1. Sección primeira: Sanidade e hixiene, limpeza e mantemento.
2. Sección segunda: Vixilancia e seguranza.
3. Sección terceira: Distribución de auga, gas, electricidade, calefacción, aire acondicionado e telecomunicacións.

#### SECCIÓN PRIMEIRA: SANIDADE E HIXIENE, LIMPEZA E MANTEMENTO

##### CAPÍTULO I

##### Xeneralidades

###### Artigo 1. *Obxecto.*

É obxecto desta sección regular o referente á sanidade, hixiene, limpeza e mantemento no recinto da exposición, co fin de evitar riscos para a saúde dos visitantes, traballadores e participantes da exposición.

###### Artigo 2. *Responsabilidade dos participantes.*

1. Os participantes velarán polo mantemento da hixiene e limpeza dos seus recintos, asegurando e sendo responsables da observancia e cumprimento das normas legais aplicables en relación coa sanidade e coa hixiene, así como en materia de prevención de riscos laborais e de seguranza industrial.

2. Os participantes aseguraranse de que os seus empregados, provedores, contratistas e, en xeral, aqueles sobre os cales poidan ter algún grao de control, cumpran todas as medidas de sanidade e hixiene que sexan de obrigado cumprimento.

###### Artigo 3. *Responsabilidade da organizadora.*

1. A organizadora será responsable do mantemento da hixiene e sanidade nas instalacións e recintos públicos, así como nos pavillóns e edificios propios.

2. A organizadora será responsable do control e verificación do cumprimento por parte dos participantes deste regulamento, así como da lexislación aplicable en cada caso.

###### Artigo 4. *Requirimento da organizadora.*

1. Se un participante non observa no seu recinto as medidas sanitarias axeitadas ou non o mantén nas condicións hixiénicas conforme o disposto neste regulamento, a organizadora poderá requirilo para que corrixa tal deficiencia, con indicación das medidas necesarias.

2. Se tales medidas non fosen observadas polo participante, a organizadora, con cargo ao propio participante, realizará os traballos necesarios para o seu cumprimento. Poderalle poñer fin á actividade causante da infracción e mesmo clausurar temporal ou definitivamente o recinto ou pavillón en cuestión.

3. A organizadora non asumirá ningunha responsabilidade por calquera dano ou perda sufrida polos participantes relativa a ou como resultado do incumprimento da legalidade ou dos regulamentos pola súa parte.

##### CAPÍTULO II

##### Sanidade ambiental

###### Artigo 5. *Mantemento xeral da sanidade.*

1. Os participantes deberán asegurar nos seus recintos unha correcta ventilación, iluminación diúrna e nocturna, protección contra ruídos, limpeza e, en xeral, todas as medidas que afecten a protección sanitaria dos visitantes.

2. Os participantes manterán en estado satisfactorio as súas instalacións de distribución e evacuación de auga, os aseos, os lugares de almacenamento, manipulación e distribución de alimentos e bebidas, as fontes, estanques ou surtidores, os locais e recipientes para almacenamento de lixos e, en xeral, todos aqueles recintos ou instalacións que sexan susceptibles de orixinar riscos para a saúde.

###### Artigo 6. *Limpeza e residuos.*

1. A organizadora é responsable da recollida e almacenamento de todos os residuos, lixos ou desperdicios (en diante residuos) das áreas públicas, e da retirada de todos os lixos do recinto da exposición.

2. Os participantes serán responsables da recollida, separación por tipoloxía, e almacenamento de residuos nas súas instalacións, tanto no interior coma no exterior. Non se permitirá o almacenamento de residuos nos espazos accesibles aos visitantes.

3. No caso de que un participante instale un restaurante ou se o seu volume de residuos é considerable, deberá dispoñer dun cuarto de residuos e instalar un número de colectores proporcional ao seu volume de produción de residuos.

4. Os colectores e as áreas arredor destes, ou os locais específicos, limparanse e desodorizaranse coa frecuencia necesaria para mantelos limpos e sen olores.

###### Artigo 7. *Papeleiras.*

1. A organizadora instalará papeleiras nas zonas públicas convenientemente distribuídas de maneira que o público en xeral poida depositar nelas toda clase de desperdicios.

2. Os participantes, pola súa conta, colocarán suficiente número de papeleiras nas áreas baixo a súa responsabilidade.

3. Será responsabilidade dos participantes o baleirado e limpeza das papeleiras que instalen nas áreas baixo a súa responsabilidade.

###### Artigo 8. *Retirada de residuos.*

Os participantes retirarán os residuos separados pola súa tipoloxía, lixos e desperdicios desde os seus pavillóns ás zonas habilitadas na Área de Servizos Interna, tendo en conta que os residuos que entren no ámbito de aplicación da normativa sobre subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano deberanse xestionar (recollida, transporte e eliminación ou uso) conforme o Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002.

###### Artigo 9. *Prevención de ruídos.*

1. Os participantes controlarán a emisión de ruídos, tanto os que turben a orde e a harmonía do conxunto da exposición, como os que molesten outros participantes ou os visitantes. Os participantes manterán os niveis de emisión de ruído por debaixo dos límites establecidos.

2. Cando se produzan determinados ruídos no recinto dun participante que a xuízo da organizadora sexan inadecuados para a harmonía e confort da exposición, a organizadora poderá requirir o participante para que tome as medidas axeitadas para controlalo ou restrinja as actividades que o producen.

#### Artigo 10. *Desratización e desinfectación.*

1. A organizadora adoptará as medidas xerais para impedir a presenza no recinto de toda clase de animais que poidan poñer en risco a saúde das persoas. Só se poderán utilizar as substancias con carácter de biocida autorizadas polo Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.

2. Os participantes serán os responsables de adoptar as medidas que correspondan nos seus locais.

#### Artigo 11. *Augas encoradas.*

As augas encoradas en fontes, estanques, etc., mantéranse en condicións hixiénicas adecuadas, coidándose a súa depuración ou filtración, a recollida de detritos e a prevención de formación de algas, verdello e a cría de mosquitos. En todas as circunstancias se realizará a reutilización, mediante recirculación das augas utilizadas en fontes ornamentais mantendo ao mesmo tempo as condicións de salubridade. En ningún caso estas augas se utilizarán para consumo humano.

Realizaranse os correspondentes controis nos casos de auga aerosolizada, de acordo coa lexislación vixente encamiñada á non aparición da lexionela.

#### Artigo 12. *Sistemas de refrixeración.*

1. A organizadora adoptará as medidas oportunas para garantir o correcto funcionamento dos sistemas de refrixeración xerais da exposición que poidan poñer en risco a saúde das persoas.

2. Os participantes serán os responsables de adoptar as medidas que correspondan nos seus locais.

#### Artigo 13. *Autocontrol e mantemento.*

1. Dentro do plan de operación que deben desenvolver os participantes farase expresa mención aos procedementos de autocontrol de todas as actividades relacionadas coa auga dentro do pavillón (controis, tratamentos, operacións de mantemento, etc.) e cantos datos axuden a controlar e minimizar os riscos da utilización da auga.

2. No proxecto de cada pavillón incluíranse suficientemente detalladas todas as instalacións relacionadas coa auga co fin de que os técnicos da organizadora poidan valoralos antes da súa realización.

3. Os participantes manterán o seu recinto e instalacións en bo estado de conservación, realizando cantas reparacións sexan necesarias.

4. A organizadora coidará o mantemento dos edificios situados baixo a súa responsabilidade e da conservación e mantemento dos espazos públicos.

### CAPÍTULO III

#### Seguranza alimentaria

#### Artigo 14. *Hixiene dos alimentos.*

1. Os participantes cumprirán as disposicións legais vixentes en materia de alimentación e este regulamento.

2. Dentro do plan de operación que deben desenvolver os participantes farase expresa mención aos procedementos de autocontrol para garantir a eliminación ou redución a nivel mínimo dos riscos sanitarios nas actividades relacionadas coa preparación e distribución de alimentos.

3. Os participantes deberán permitir a recollida de mostras de alimentos, bebidas, ingredientes ou aditivos para a súa posterior inspección e análise.

4. Non se permitirá o uso do tabaco nos lugares que se elaboren, almacenen ou envasen alimentos destinados ao público. Aplicarase a normativa vixente en España sobre uso do tabaco nos locais públicos.

#### Artigo 15. *Características dos útiles e ferramentas de traballo.*

1. Os útiles e elementos de traballo empregados na preparación e servizo de alimentos serán de material inocuo, que non transmita substancias tóxicas nin cambie as características organolépticas dos alimentos.

2. Serán resistentes á corrosión, impermeables e capaces de soportar usos e lavados repetidos sen perda das súas características orixinais. De resultaren danados por calquera circunstancia serán inmediatamente substituídos.

3. Prohíbese expresamente a utilización de vasillas de cobre, de barro sen vitrificar ou vitrificado deficiente para servir ou expoñer alimentos.

4. As superficies de mesas, bandexas, vaixela, xogo de cubertos ou calquera outra clase de útiles destinados á manipulación e servizo de alimentos serán de material liso, de doada limpeza e desinfección, e carecerán de fracturas ou bordos rotos. Non se permitirá o uso de madeira en superficies e útiles que poidan entrar en contacto con alimentos, salvo autorización expresa da organizadora.

5. Os útiles dun só uso relacionados coa restauración (pratos, vasos, etc.) serán de papel, papel revestido, etc., e non se poderán reutilizar en ningún caso.

6. A maquinaria e ferramenta será construída ou instalada de tal forma que se facilite a súa limpeza e desinfección. A capacidade do equipamento instalado deberá ser suficiente para permitir a produción hixiénica dos alimentos.

#### Artigo 16. *Hixiene dos locais e instalacións.*

1. Os locais e instalacións deberanse manter en perfecto estado de limpeza e conservación en todo momento.

2. Queda expresamente prohibida a entrada e permanencia de animais nas dependencias destes establecementos. A instalación de acuarios, terrarios ou similares nestes locais necesitará autorización previa da organizadora; neste caso adaptaranse ás normas especificadas por ela.

3. Limparanse chans -incluídos os desaugadoiros-, paredes e superficies de traballo unha vez finalizada a xornada ou cantas veces sexa necesario ao longo desta, manténdoo sempre libres de po, graxas, papeis ou calquera tipo de residuos.

4. Sempre que as salas, equipamentos e útiles se estean limpando e desinfectando deberanse tomar as precaucións axeitadas para impedir a contaminación dos alimentos.

5. Os chans dos establecementos de restauración nunca se varrerán en seco e en ningún caso mentres se estivesen a preparar alimentos. Prohíbese o uso de serraduras ou outro material pulverulento nas zonas de manipulación e servizo de alimentos.

6. Os produtos empregados na limpeza almacénanse separadamente dos alimentos e materias primas, e etiquétanse con claridade para evitar accidentes. Baixo ningunha circunstancia se almacenarán produtos de limpeza en envases distintos dos orixinais.

7. Os insecticidas, raticidas e demais substancias perigosas deberanse gardar en salas ou armarios destinados para o efecto, en recipientes pechados e lonxe das áreas de almacenamento e preparación dos alimentos. O seu manexo tenderase a que resulte restrinxido a un persoal responsable do seu uso.

8. Non se permitirá o depósito de roupas nin efectos persoais nas zonas de manipulación de alimentos, limitándose á súa almacenaxe á zona de vestiarios.



9. Prestaráselle especial atención á limpeza de pranchas de cociña, mandos e zonas adxacentes. Se se utilizan fornos de queentamento, estes terán a base, paredes e teitos limpos de graxa e residuos.

10. Só se poderán utilizar as substancias con carácter de biocida autorizadas polo Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro.

#### Artigo 17. *Hixiene dos útiles e elementos de traballo.*

1. Todo aparello ou utensilio en contacto con alimentos será lavado correctamente despois do seu uso. Os útiles que non se empreguen a cotío serán lavados antes de seren utilizados novamente.

2. Prestaráselle especial atención á limpeza de máquinas de cortar e picar carne, aparellos e utensilios de pastelería e xeadaría, batedores mecánicos e superficies sobre as cales se preparan alimentos, que deberán ser minuciosamente lavados cada vez que se utilicen.

3. A vaixela, xogo de cubertos, batería de cociña, etc., utilizadas para manipulación ou servizo de comidas lavaranse mediante máquinas lavalouzas, cunha temperatura da auga de 82 °C como mínimo.

4. Rematado o proceso de lavado, gardaranse a vaixela, xogo de cubertos e demais utensilios de forma que se manteña o estado hixiénico logrado. Almacenaranse secos, a 15 cm como mínimo por enriba do chan e nunha superficie limpa e seca.

5. O equipamento pesado ou fixo, como fornos, grellas, etc., será limpo diariamente e lavado minuciosamente unha vez á semana como mínimo.

6. As frixideiras limparanse coa frecuencia necesaria e especialmente cada vez que se renove o aceite, evitando que queden acumulados restos de frituras anteriores no fondo e nas paredes.

7. Os panos ou trapos para limpeza de mesas, pranchas, etc., e os que se usen para servir, deberán estar limpos, secos e destinarse exclusivamente para este fin.

#### Artigo 18. *Hixiene na manipulación de residuos.*

1. A recollida e almacenamento de residuos efectuarase en función do funcionamento que se estableza para o sistema de recollida de lixos. O cuarto de lixos deberase manter sempre limpo e convenientemente illado das demais dependencias.

2. En cociñas e locais de preparación de alimentos e de eliminación de pratos servidos disporanse recipientes para lixos en número abondo e situados en sitios onde non exista risco de contacto cos alimentos.

3. Estes recipientes serán herméticos, de material liso, impermeable e lavable. No seu interior levarán obrigatoriamente bolsas desbotables, adaptables aos bordos do recipiente, e estarán dotados de tapa accionable por pedal.

4. O equipamento e os utensilios empregados para recollida de lixos e limpeza destes elementos deberán ser de uso exclusivo para este fin. Nunca se empregarán para a limpeza de útiles destinados a conter ou manipular produtos comestibles.

Todo iso, tendo en conta o disposto no artigo 8 para os residuos que entren no ámbito de aplicación da normativa sobre subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano.

#### Artigo 19. *Recepción e almacenamento de materias primas.*

1. Todas as materias primas utilizadas cumprirán as condicións hixiénico-sanitarias de calidade e pureza establecidas na lexislación vixente. A organizadora facilitaralle a quen o solicite información ao respecto.

2. Os produtos alimenticios envasados estarán debidamente etiquetados e rotulados.

3. No caso de produtos non envasados tales como carnes, peixes, verduras, etc., exixiranse selos, albarás ou facturas que certifiquen desde o punto de vista sanitario a orixe da materia prima. No que se refire ás carnes, deberán cumprir os requisitos en materia de etiquetaxe e rastrexabilidade previstos na normativa aplicable (Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a normativa xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios e Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún).

4. Conforme se producise a caducidade de calquera produto, deberá ser retirado dos almacéns. Non se permitirá o almacenamento de ningún produto caducado ou fóra do período de consumo preferente.

5. O sistema de almacenamento e a súa temperatura serán os axeitados para cada tipo de alimentos segundo a súa natureza e forma de conservación.

6. En ningún caso os establecementos superarán a súa capacidade de almacenamento, co fin de que todos os alimentos teñan unha conservación axeitada e sexan empregados dentro do seu período normal de utilización. A planificación de comidas realizarase coa suficiente antelación para permitir a correcta rotación das materias primas almacenadas.

7. Os alimentos que non precisen refrixeración (legumes, tubérculos, etc.) disporanse en lugares limpos e secos de superficies lisas e lavables, frescos e ventilados; estarán contidos en envases apropiados de doada limpeza ou desbotables que non fosen empregados anteriormente para conter produtos non alimentarios.

8. Os recipientes e caixas destinados a conservar alimentos en frigoríficos serán de material autorizado e estarán perfectamente limpos e secos antes da súa utilización.

9. Nin os alimentos nin os seus envases se situarán en ningún caso sobre o chan.

10. Se por calquera causa (avaría ou parada da instalación frigorífica..) sobe a temperatura dos alimentos conxelados, observándose evidentes signos de desconxelación, terán, como mínimo, a consideración de refrixerados e someteranse ás especificacións de consumo e conservación de cada alimento en cuestión.

11. As semiconservas e os envases abertos de conservas manteranse en refrixeración.

#### Artigo 20. *Elaboración e servizo de comidas.*

1. En todo establecemento de restauración separaranse as actividades sobre alimentos crus das de tratamento culinario e manipulación de alimentos preparados.

2. En ningún caso se usarán os mesmos utensilios para manipular produtos crus e preparados e, en particular, nunca se cortarán sobre a mesma superficie alimentos crus e preparados.

3. Para o manexo de alimentos, particularmente os dispostos para o seu consumo, utilizaranse pinzas, paletas ou utensilios apropiados.

4. Cando na preparación de alimentos non se utilicen como combustible gases licuados do petróleo, gas natural ou electricidade, o material combustible será inocuo e non proporcionará substancias tóxicas, residuos, etc., aos alimentos.

5. Os aceites para fritir cambiaranse con regularidade; non se mesturarán dous tipos de aceite distintos nin aceites xa utilizados con aceites novos.

6. As materias primas conservadas en frío, unha vez retiradas das cámaras, serán utilizadas de inmediato tras comprobar o seu estado de conservación.

7. Os alimentos conxelados, sempre que sexa posible, cocínanse sen desconxelar. Se é o caso, as operacións de desconxelación realizaranse mediante o uso de refrixeradores, microondas ou outro sistema específico para este proceso e sempre axeitadamente protexidos de calquera contaminación exterior.

8. Non se reconxelarán nunca produtos alimenticios xa desconxelados. A desconxelación irase efectuando conforme as necesidades de consumo.

9. Os aditivos empregados, así como as especias, cumprirán o establecido na regulamentación sanitaria correspondente.

10. As comidas deberanse preparar coa menor antelación posible ao momento do consumo, especialmente cando na súa composición interveñan produtos de alto risco sanitario (cremas, natas, derivados do ovo,...). Os alimentos cociñados non se manterán nunca a temperatura ambiente.

11. A cocción do alimento será o suficientemente prolongada como para alcanzar polo menos 70 °C no centro do produto.

12. As comidas para consumo inmediato, unha vez rematada a súa cocción, deberanse manter a temperaturas iguais ou superiores a 70 °C no centro do produto. Estas comidas só se poderán consumir o mesmo día da súa preparación.

13. As comidas destinadas a seren conservadas antes do seu consumo por procedementos de refrixeración ou conxelación deberanse envasar con ese propósito inmediatamente despois da súa preparación de tal forma que as dimensións dese envasado favorezan a obtención no centro do produto no menor tempo posible das temperaturas requiridas, é dicir, 3 °C para as refrixeradas e 18 °C para as conxeladas.

14. Os envases resultantes do proceso anterior etiquetaranse e constará neles o tipo de produto e a data do envasado. O período de conservación máximo para estas comidas será de 48 horas para as refrixeradas e dun mes para as conxeladas.

15. As comidas refrixeradas ou conxeladas que se vaian servir en quente quentaranse mediante procedemento adecuado ata alcanzar no centro da súa masa unha temperatura superior a 70 °C nun tempo máximo de 2 horas, manténdose a esta temperatura ata o seu servizo. O seu consumo efectuarase dentro das 24 horas seguintes. Pasadas estas 24 horas, os alimentos requentados que non se consuman serán desbotados, non podendo volver quentarse nin devolverse ás instalacións de refrixeración ou conxelación.

16. Non se reutilizarán baixo ningún concepto alimentos que estivesen en contacto co público.

17. No caso de se consumiren os alimentos no mesmo edificio pero a distancia significativa do lugar en que se elaboraron, serán transportados ao comedor, debidamente protexidos mediante dispositivos que impidan a súa contaminación.

18. Sempre que o lugar de exposición e/ou consumo dos alimentos estea situado nun edificio diferente ou lugar claramente separado e distante daquel en que se prepararan, o traslado dos alimentos cociñados farase en recipientes isoterms fabricados con material impermeable e de doada limpeza. De se tratar dun alimento elaborado fóra do recinto, deberase achegar, así mesmo, a documentación exixida pola lexislación sanitaria (número de rexistro sanitario ou de industria, data de consumo preferente e demais etiquetaxe...).

#### Artigo 21. *Características das comidas.*

1. As comidas que se sirvan deberanse axustar a estándares elevados de presentación e calidade. O pan servirase envolto en papel ou outro material autorizado dun só uso. O xeo non deberá ser cortado manualmente; as pezas pequenas manexaranse con pinzas.

2. Non se porá nunca en contacto cun alimento disposto para o seu consumo ningún «elemento ornamental non alimentario» (é dicir, non incluído na lista de produtos autorizados para entrar directamente en contacto cos alimentos).

3. Os alimentos non conterán substancia ningunha en tal cantidade que poida presentar perigo para a saúde e estarán exentos de substancias e materias estrañas non autorizadas para o consumo humano pola normativa vixente.

4. Os materiais utilizados para envolver alimentos deberán estar autorizados para este fin, non engadirán produtos tóxicos, sabores ou olores aos alimentos.

#### Artigo 22. *Alimentos de consumo en cru.*

Adoptaranse precaucións especiais nos seguintes produtos:

##### A) Ovos:

Os ovos que se utilicen estarán limpos, desbotándose os que presenten manchas, sucidade ou gretas e aqueles dos cales se descoñeza a data de posta e consumo preferente. Así mesmo, desbotaranse aqueles que non veñan identificados conforme os códigos de identificación dos ovos, de acordo co Regulamento (CEE) n.º 1907/1990, do Consello, do 26 de xuño de 1990, relativo a determinadas normas de comercialización dos ovos ou o Regulamento (CE) 1028/2006 do Consello, do 7 de xullo de 2006, que o substituirá a partir do 1 de xullo de 2007.

No relativo a salsas maionesas e outras, adoptaranse as seguintes medidas:

Para a elaboración e preparación de alimentos (especialmente maionesas, salsas e cremas) onde figure o ovo como ingrediente, só se poderán utilizar:

Salsas de mesa envasadas, que cumprirán o establecido na vixente regulamentación técnico-sanitaria e normas de aplicación.

Ovoprodutos pasteurizados, elaborados por empresas coa autorización sanitaria correspondente.

Na elaboración e preparación destes alimentos non se utilizarán ovos frescos, refrixerados ou conservados, agás cando sufran tratamento térmico que alcance polo menos 75 °C no seu centro.

Non se almacenarán restos de maionesas nin de alimentos que a conteñan (ensalada rusa, etc.).

A maionesa non se mesturará con outros alimentos (patacas, peixe, etc.) ata que estes non sexan refrixerados.

Non se requentarán nunca alimentos que conteñan maionesa.

##### B) Moluscos:

Deberán estar identificados conforme o Real decreto 121/2004, do 23 de xaneiro, sobre a identificación dos produtos da pesca, da acuicultura e do marisqueo vivos, frescos, refrixerados ou cocidos.

Estará prohibido o consumo daqueles moluscos que a lexislación recolle como de depuración obrigatoria e non fosen sometidos a este proceso.

##### C) Verduras, froitas e hortalizas:

Os vexetais crus para elaborar ensaladas somerxeranse durante 30 minutos en solución de hipoclorito sódico sen deterxente, en concentración de 10 mg de cloro por litro de auga. Transcorrido este tempo enxaugaranse abundantemente con auga corrente.

As hortalizas lavaranse meticulosamente con auga corrente antes de sometelas a cocción. As follas de leituga e escarola, etc., somerxeranse xa separadas do seu pedúnculo central. As patacas e outros tubérculos lavaranse unha vez desprovistas da pel.

Todas as froitas (mesmo aquelas que deban ser peladas para o seu consumo) se someterán a un lavado escrupuloso antes de seren dispostas para o seu consumo.

As ensaladas que conteñan produtos proteicos ou estean constituídas por produtos picados de calquera clase, elaboraranse por procedementos mecánicos e manteranse a temperaturas non superiores a 3 °C e protexidas do ambiente circulante.

## D) Bocadillos:

Os bocadillos non destinados ao consumo inmediato deberán ser involucrados totalmente en material autorizado dun só uso.

As características da súa conservación irán en función do seu contido. (Ver punto correspondente).

Artigo 23. *Condicións e hixiene do persoal.*

1. O persoal directivo e os encargados responsables darán en todo momento bo exemplo en prácticas de hixiene persoal e alimentaria e facilitaranlles, así mesmo, aos operarios os medios necesarios para manter estas prácticas, así como a información e educación sanitaria relativa aos seus labores.

2. O persoal dedicado á manipulación e servizo de alimentos, limpeza de locais e ferramenta e responsable dos establecementos deberá estar en posesión do carné de manipulador acreditado especificamente pola organizadora da exposición.

3. Todos os manipuladores de alimentos se deberán someter aos recoñecementos médicos e analíticos que Expoagua Zaragoza 2008, S.A. puidese determinar.

4. Todo manipulador de alimentos con capacidade para transmitir xermes patóxenos será temporalmente separado do contacto directo cos alimentos e sometido ao oportuno tratamento ata que exames ou análises posteriores determinen que o risco desapareceu.

5. De igual modo, o persoal manipulador estará obrigado a lles comunicar aos responsables do establecemento calquera alteración da súa saúde, especialmente a aparición de lesións cutáneas, infección de pequenas feridas, enfermidades respiratorias (tose persistente), iniciación de cadros diarreicos ou de gastroenterite e demais procesos transmisibles.

6. O persoal dedicado á manipulación de alimentos utilizará roupa e calzado para uso exclusivo de traballo, limpos e axeitados á función que vaian realizar.

7. Os manipuladores deberán manter un correcto aseo persoal e a súa indumentaria en permanente estado de limpeza. Nos lugares de preparación de alimentos o pelo dos/as operarios/as estará limpo e permanecerá cuberto.

8. Os responsables deben controlar de modo particular que os empregados laven as mans e manteñan as uñas limpas.

9. Efectuarase o lavado de mans con auga, xabón e cepillo de uñas ao iniciar o traballo, sempre que se utilicen os servizos hixiénicos, en cada etapa de transformación culinaria e cada vez que sexa necesario por se realizaren manobras potencialmente contaminadoras (contacto con desperdicios, utilización do pano, cambio de manipulación de alimentos crus a cociñados, etc.).

10. Toda ferida producida durante o traballo será lavada e desinfectada fóra da cociña. O persoal non poderá levar exposta vendaxe ningunha, salvo que estea perfectamente protexida por unha envoltura impermeable que non se poida desprender accidentalmente.

11. Non se permitirá fumar, mastigar goma de mascar ou tabaco, comer mentres se traballa, así como tusir ou espirrar sobre alimentos nin calquera outra práctica non hixiénica.

12. Non se lle permitirá a entrada nas zonas de manipulación de alimentos a ningunha persoa allea aos devanditos servizos, agás ás visitas de comprobación e inspección.

## CAPÍTULO IV

**Asistencia sanitaria**Artigo 24. *Asistencia sanitaria.*

1. A organizadora procurará a necesaria asistencia sanitaria de urxencia a todos os participantes, traballadores e visitantes da exposición no interior do recinto, así

como a evacuación e posterior hospitalización se fose necesario.

2. Non se permitirá a presenza no recinto de ningún servizo de asistencia sanitaria distinto do da organizadora.

## CAPÍTULO V

**Apoio**Artigo 25. *Obriga de colaborar.*

1. A Deputación Xeral de Aragón tutelar a vixilancia epidemiolóxica (enfermidades de declaración obrigatoria, declaración de abrochos epidémicos, rede sentinela de Aragón..) e promoverá a protección da saúde e prevención da enfermidade (loita contra o tabaquismo, información xeral hixiénico-sanitaria, etc.) nos ámbitos de actuación de Expo 2008.

2. Todos os participantes estarán obrigados a colaborar coa organizadora e, a través dela, coa Deputación Xeral de Aragón en todas as actividades que esta desenvolva no ámbito de Expo 2008.

**SECCIÓN SEGUNDA: VIXILANCIA E SERVIZOS DE SEGURANZA**Artigo 26. *Obxecto.*

1. É obxecto desta sección do regulamento especial regular as materias relacionadas coa seguranza e a orde cidadá, así como as relacionadas coa prevención de sinistros, emerxencias, detección da intrusión e control de accesos, cuxa responsabilidade lle corresponde á organizadora preferentemente, como titular privada do risco.

2. Esta regulación realízase co fin de protexer persoas e bens que se atopen no recinto e contribuír ao bo funcionamento da exposición.

Artigo 27. *Obrigas da organizadora.*

A organizadora establecerá un servizo de vixilancia e seguranza encargado de velar polo cumprimento deste regulamento e asumirá as seguintes obrigas:

a. Medidas preventivas de protección e seguranza ante riscos previamente analizados e avaliados (incendio, roubo, agresión, etc.).

b. Medidas preventivas de seguranza e control en relación ás circunstancias puntuais, incidentes e continxencias previstos nos plans xerais de seguranza e autoprotección.

c. Instalación de sistemas de seguranza pasiva e activa, sen menoscabo dos que instalen os participantes (os cales deberán estar homologados conforme os criterios que establece a organizadora).

d. Colaboración e coordinación coas forzas e corpos de seguranza do Estado.

e. Calquera outra medida necesaria que se deba tomar para a protección e a seguranza das persoas e os bens, así como para o mantemento da tranquilidade e a orde cidadá.

f. Coordinar as actividades e apoiar ou actuar conxuntamente coas medidas e servizos de vixilancia establecidos polos participantes.

g. Levar a cabo inspeccións de seguranza periódicas nos recintos dos participantes.

h. Acreditar cantas persoas tomen parte na exposición cunha tarxeta identificativa.

i. A organizadora establecerá un sistema de centralización de sinais de seguranza co cal deberán conectar os sistemas de vixilancia e seguranza que implanten os participantes.

Artigo 28. *Obrigas dos participantes.*

1. Os participantes permitiránlle a entrada en calquera área do seu recinto ao persoal autorizado pola



organizadora en casos de emerxencia e/ou de inspección periódica.

2. Os participantes deberán establecer, pola súa conta, un sistema de vixilancia e seguranza para protección do seu recinto, todo iso de acordo cos plans tipo de seguranza e autoprotección que editará a organizadora. A organizadora deberá aprobalos unha vez realizados polo participante, ou propoñer as modificacións axeitadas para a súa nova aprobación se procede.

3. Os participantes nomearán un responsable de seguranza coa aprobación da organizadora, responsable da organización e funcionamento do sistema de seguranza do participante. Este responsable prestará a máxima cooperación co departamento de seguranza da organizadora, coas forzas e corpos de seguranza do Estado e os servizos de extinción de incendios. Este responsable disporá dunha acreditación especial emitida polo departamento de seguranza da organizadora.

4. Os participantes solicitarán previamente a autorización por escrito da organizadora sobre o sistema de vixilancia que desexan establecer e facilitarán información completa sobre as características do sistema proposto. A organizadora deberá considerar como confidencial a devandita información. A organizadora, ben autorizará tal sistema, ou ben indicará as correccións necesarias para a súa aprobación.

5. Os participantes asegurarán o fluxo axeitado dos visitantes dentro das súas instalacións.

6. Os participantes manterán información constante e suficiente de todo o concernente a seguranza cara á organizadora a través do seu departamento de seguranza.

7. Os participantes cumprirán con todas as medidas establecidas de seguranza.

8. Todo o persoal que dependa de cada un dos participantes terá a obriga de levar de forma visible a acreditación editada pola organizadora, a cal será mostrada ao persoal de seguranza cando lle sexa requirida.

#### Artigo 29. *Relación entre a organizadora e participantes.*

1. O director de seguranza da organizadora manterá a comunicación cos responsables de seguranza que representan os países participantes para a cooperación, axuda e a instrución necesaria.

2. Ante calquera feito que altere o normal desenvolvemento dos acontecementos o responsable de seguranza do participante afectado comunicarallo á organizadora, a través do departamento de seguranza, así como ás forzas e corpos de seguranza e aos servizos de extinción de incendios, se é o caso, para a cooperación necesaria e adoptar as oportunas medidas correctoras.

3. Os participantes, ante unha situación imprevista relativa á seguranza, poderán solicitar a axuda do departamento de seguranza da organizadora. Neste caso, os responsables de seguranza dos participantes deben asegurar a coordinación apropiada e proporcionar a suficiente cooperación para facilitar a acción da unidade de seguranza da organizadora. As situacións que puidesen xurdir deberán quedar reflectidas, a ser posible, nos diversos procedementos de actuación dos plans de operacións de seguranza e manuais de autoprotección.

4. En tal situación, a unidade de seguranza da organizadora poderá acceder ás zonas de control dos participantes e realizar as accións necesarias.

#### Artigo 30. *Actuación en caso de emerxencia.*

En caso de emerxencia, os participantes, e en particular o responsable de seguranza do participante, tomarán as medidas necesarias (a ser posible, deberían de estar previstas nos documentos citados no punto anterior). De forma inmediata, informaranse os servizos de vixilancia e seguranza da organizadora.

#### Artigo 31. *Persoas perdidas.*

Para acoller as persoas perdidas existirá un centro onde serán atendidas ata que sexan recollidas polos seus familiares. O mencionado centro estará situado no interior do recinto da exposición e dependerá da organizadora.

#### Artigo 32. *Obxectos perdidos.*

1. A organizadora establecerá no recinto da exposición unha oficina de obxectos perdidos.

2. Todos os obxectos atopados deberán ser entregados na oficina de obxectos de perdidos.

#### Artigo 33. *Vías de circulación.*

1. A organizadora ditará instrucións para a circulación peonil e rodada no recinto da exposición.

2. A organizadora poderá restrinxir o tráfico peonil ou rodado nalgúns zonas do recinto, e mesmo ordenará o peche á circulación nas devanditas zonas, sempre que o xulgue necesario para a seguranza e fluidez do tráfico ou por calquera outra causa xustificada. En tales casos, a organizadora indicará con claridade as limitacións, condicións e restricións que se establezan.

#### Artigo 34. *Prohibicións.*

Quedan prohibidos no recinto de exposición os seguintes actos:

a) Tirar ao chan papeis, envases ou calquera outro residuo sólido ou líquido.

b) Danar ou ensuciar os edificios, obxectos, vexetación, instalacións ou equipamentos para exposicións ou postos en uso na exposición.

c) Entrar en áreas prohibidas ou de uso restrinxido.

d) Actuar ou comportarse de maneira que se cause risco de incendio.

e) Producir molestias ou obstaculizar o tráfico de vehículos ou peóns.

f) Causar molestias a terceiros ou producir desordes.

g) Portar obxectos que poidan causar danos materiais ou corporais.

h) Usar altofalantes, megáfonos ou calquera outro tipo de amplificador de sons.

i) Facer uso dos teléfonos móbiles nas áreas expositivas en que expresamente se prohiba o seu uso.

j) Fixar carteis, pósters, etc. ou distribuír tales obxectos.

k) Facer enquisas, recoller sinaturas con fins petitorios, realizar colectas ou pedir respostas a cuestionarios.

l) Organizar reunións ou manifestacións ou pronunciar discursos.

m) Levar pancartas, estandartes ou obxectos similares.

n) Ademais de todo o anterior, calquera acto que, en opinión da organizadora, poida causar danos ou malestar a terceiros ou que poida perturbar a orde no recinto da exposición.

Malia o anteriormente exposto, os actos definidos nas alíneas H) a M), ambas as dúas incluídas, poderaos autorizar a organizadora se os considera, en cada caso, como útiles ou necesarios para o bo funcionamento da exposición ou dos pavillóns nacionais.

#### Artigo 35. *Período da seguranza e vixilancia dos participantes.*

Período pre-Expo: desde a entrega das instalacións, a 13 de xuño de 2008.

Período Expo: desde o 14 de xuño ao 14 de setembro de 2008, ambos os dous incluídos.

Período post-Expo: desde o 15 de setembro de 2008 ata a entrega das Instalacións.

**Artigo 36. Alcance da seguraza e da vixilancia dos participantes.**

1. Os participantes exercerán os labores de vixilancia e seguraza nas zonas, espazos e instalacións asignadas a eles.

2. As liñas dos visitantes que agardan a admisión, en principio, serán organizadas dentro das zonas de control do participante en cuestión e, polo tanto, controladas baixo a súa responsabilidade.

3. Os participantes tamén serán responsables do control e da dirección dos visitantes fóra da súa zona de control, naqueles actos organizados por eles mesmos.

**Artigo 37. Regras de conduta.**

1. A organizadora manterá regras de goberno e conduta dentro do recinto para todo o persoal.

2. Os participantes prestaranlles atención aos seus compromisos de colaboración, cumprindo as regras ditas pola organización.

**Artigo 38. Medidas de expulsión.**

A organizadora, a través do seu departamento de seguraza, poderá exercer o dereito de expulsión de calquera persoa que incumpra coas normas ditas, así como retirar a acreditación entregada, que sempre será propiedade da organizadora.

**SECCIÓN TERCEIRA: DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE, CALEFACCIÓN, AIRE ACONDICIONADO E TELECOMUNICACIÓNS**

Esta sección estrutúrase en:

- Capítulo I.
- Capítulo II.
- Capítulo III.
- Capítulo IV.
- Capítulo V.

**CAPÍTULO I**

**Disposicións xerais**

**Artigo 39. Provedor de servizos.**

A organizadora deberá, de acordo coas disposicións aquí mencionadas, instalar as redes de auga de consumo humano, vertedura, gas, electricidade, auga refrixerada para o aire acondicionado (abaixo mencionados como «instalacións de subministración e de evacuación») para a subministración de auga, gas, electricidade, auga refrixerada para o aire acondicionado e evacuación de verteduras dentro do recinto da Exposición, e deberá deixar estes servizos dispoñibles.

A hora de adxudicar estes servizos, a organizadora, no marco da contratación pública sustentable e no chamado «green procurement» da Unión Europea, terá en conta as medidas de prevención e redución da contaminación adoptadas por parte das empresas candidatas.

**Artigo 40. Contrato de servizos.**

1. Os participantes que teñan previsto consumir auga de consumo humano, gas, electricidade, e auga refrixerada para o seu sistema de aire acondicionado deberán reclamar as devanditas subministracións mediante unha folla de solicitude á empresa subministradora do servizo, e notificarlle igualmente á organizadora a devandita solicitude. O prazo máximo para a presentación da solicitude finaliza o 2 de febreiro de 2008. Deberá tamén asinar un contrato de servizos. Non obstante, os participantes poderán xerar a súa propia enerxía eléctrica coa aprobación da organizadora.

2. O participante notificaralles á empresa subministradora e á organizadora a finalización dos seus consumos

de auga de consumo humano, gas, electricidade, e auga refrixerada cun mínimo de cinco días de antelación.

3. A organizadora comprométese a facilitar e simplificar os trámites necesarios coas diferentes empresas subministradoras.

**Artigo 41. Determinación da cantidade de subministración que se debe contratar.**

1. Antes de asinar o contrato de servizos os participantes deberánlle notificar por escrito á organizadora a cantidade máxima de cada tipo de subministración que se necesitará, determinada a partir do cálculo dos equipamentos que se vaian instalar.

2. A organizadora decidirá, despois de consultar co participante, a cantidade contratada de cada servizo que se vai subministrar, baseándose nos cálculos do punto anterior.

**Artigo 42. Tarifas de servizos.**

En función do seu consumo, os participantes deberánlle aboar á empresa subministradora do servizo os custos das subministracións de servizos (abaixo mencionados como «custos de servizos») de acordo coas tarifas e regulacións vixentes en 2008.

Xúntanse a continuación tarifas de 2005 unicamente como referencia, posto que, en calquera caso, se deberán entender referidos á normativa tarifaria en vigor no momento de se contrataren as subministracións:

Consumo eléctrico:

Enerxía eléctrica (tarifa 3 xeral):

Termo de potencia: 1,538801 €/kW mes.

Termo de enerxía (consumo): 0,08742 €/kWh mes.

Consumo de gas:

Tarifas en función da potencia.

Gas natural (tarifa 3.1: inferior a 5.000 kWh/ano):

Termo fixo (mensual): 2,39 €/kW mes.

Termo variable (consumo): 0,048284 €/kWh mes.

Gas natural (tarifa 3.2: entre 5.000 kWh/ano a 50.000 kWh/ano):

Termo fixo (mensual): 5,34 €/kW mes.

Termo variable (consumo): 0,041198 €/kWh mes.

Gas natural (tarifa 3.3: entre 50.000 kWh/ano a 100.000 kWh/ano):

Termo fixo (mensual): 41,40 €/kW mes.

Termo variable (consumo): 0,032544 €/kWh mes.

Gas natural (tarifa 3.4: superior a 100.000 kWh/ano):

Termo fixo (mensual): 61,77 €/kW mes.

Termo variable (consumo): 0,030100 €/kWh mes.

Aluguer de contadores en función do caudal:

Ata 3 m<sup>3</sup>/h -0,59 €/mes.

Ata 6 m<sup>3</sup>/h -1,08 €/mes.

Ata 10 m<sup>3</sup>/h -2,27 €/mes.

Ata 25 m<sup>3</sup>/h -4,18 €/mes.

Ata 40 m<sup>3</sup>/h -8,12 €/mes.

Ata 100 m<sup>3</sup>/h -22,4 €/mes.

Ata 250 m<sup>3</sup>/h -74,5 €/mes.

Consumo e vertedura de augas:

Dereito de conexión para acometida de 40 mm (inclúe auga de consumo humano e verteduras): 216,80 €.

Cota fixa mes incluíndo contador (inclúe auga de consumo humano e verteduras): 60,10 €/mes.

Cota variable mes en función do consumo (inclúe auga de consumo humano e verteduras):

Ata 0,5 m<sup>3</sup>/día -0,49 €/mes.

Ata 1,0 m<sup>3</sup>/día -0,84 €/mes.

Ata 2,0 m<sup>3</sup>/día -1,25 €/mes.  
Ata 4,0 m<sup>3</sup>/día -1,50 €/mes.  
Ata 10 m<sup>3</sup>/día -1,66 €/mes.

Instalación de frío e calor (climatización):

Rede de calor:

Dereitos de conexión: 85,0 €/kW (inclúe contador).  
Termo fixo: 16,0 €/kW ano.  
Termo de consumo: 28,0 €/MWh mes.

Rede de frío:

Dereitos de conexión: 215,0 €/kW (inclúe contador).  
Termo fixo: 42,0 €/kW ano.  
Termo de consumo: 19,4 €/MWh mes.

#### Artigo 43. *Lectura de contadores.*

Os importes polo consumo de subministracións determinaranse a partir da lectura dos contadores que estarán instalados nos espazos atribuídos aos participantes, agás cando a organizadora ou a empresa subministradora do servizo o especifique doutro xeito.

#### Artigo 44. *Lectura de contadores e pagamento das tarifas de servizos.*

Como regra xeral, a empresa subministradora do servizo realizará a lectura de contadores un día fixo de cada mes, e procederá a emitir as facturas correspondentes.

#### Artigo 45. *Mantemento das instalacións de subministracións.*

1. Os participantes deberán, baixo o seu propio custo e responsabilidade, asegurar o mantemento das instalacións de subministracións.

2. Os participantes deberán, en caso de detectaren algún problema nas instalacións de subministracións, deixar de utilizar inmediatamente o equipamento avariado, e notificarlle a incidencia á empresa subministradora do servizo e en segundo lugar, á organizadora.

3. Os participantes deberán, pola súa conta e responsabilidade, e de acordo coa normativa vixente das diferentes empresas subministradoras, levar a cabo inspeccións das instalacións e tomar as medidas necesarias se se requiren.

4. Os participantes non poderán montar instalacións de subministracións alternativas, nin modificar ou reparar as instalacións existentes sen a aprobación da organizadora.

#### Artigo 46. *Gastos para instalacións especiais.*

Se un participante lle solicita á organizadora que lle proporcione algún equipamento especial para a subministración de auga, de gas, de electricidade ou de auga refrixerada para o aire acondicionado, co fin de satisfacer os seus propios requirimentos, o dito equipamento só será subministrado se a organizadora o considera indispensable e tecnicamente factible. Estas instalacións especiais levaraa a cabo a organizadora, de acordo coa normativa vixente das empresas subministradoras do servizo, pero encargarse do custo o participante que solicite este equipamento.

#### Artigo 47. *Suspensión, interrupción, ou limitación dos servizos.*

1. A empresa subministradora poderá suspender a subministración de auga, gas, electricidade e auga refrixerada para o aire acondicionado, a un participante, polo incumprimento da normativa da mencionada empresa subministradora do servizo.

2. A organizadora non se responsabilizará dos danos ocasionados por un participante como consecuencia da suspensión, interrupción, ou limitación dos servizos, de acordo cos supostos do parágrafo anterior.

## CAPÍTULO II

### Auga

#### Artigo 48. *Presión e calidade da auga.*

1. As características da auga subministrada serán as seguintes:

Rede de auga de consumo humano:

(1) Presión: a un mínimo de 3-4 bares ao final da canalización de abastecemento.

(2) Acometida: Ø 1½».

(3) Calidade: apta para o consumo humano segundo o disposto no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

Rede de auga contra incendios:

(1) Alimentación a bocas de incendio equipadas (BIE), garantindo 5 bares de presión na entrada con Ø 2½».

(2) Alimentación a rede de asperxadores automáticos (sprinklers), garantindo 6-7 bares de presión na entrada con Ø 4».

2. As instalacións de auga de consumo (redes, depósitos, tratamentos de potabilización, válvulas etc.) no recinto responsabilidade da organizadora e as correspondentes aos pavillóns de cada participante non deberán empeorar as características físicas, químicas nin organolépticas da auga. Cada billa de auga de consumo na exposición deberá cumprir co disposto no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

#### Artigo 49. *Instalacións de subministración de auga de consumo humano.*

1. A organizadora instalará canalizacións de subministración de auga e válvulas de corte xerais ata a acometida dos espazos asignados.

2. Os participantes deberán, pola súa conta e baixo a súa responsabilidade, instalar canalizacións e outros equipamentos desde as válvulas de corte da acometida ata os seus espazos asignados.

#### Artigo 50. *Instalacións de vertedura.*

1. Cada pavillón disporá dunha ou varias acometidas á rede de saneamento, de diámetro 110 mm nos puntos indicados na documentación técnica do Proxecto Expo 2008.

2. Os participantes que teñan instalacións de restaurantes nas súas dependencias deberán colocar un separador de graxas antes de verter as augas procedentes da cociña ás conducións de evacuación.

As instalacións de vertedura terán un sistema separador.

3. A organizadora deberá instalar canalizacións de vertedura e arquetas desde o colector de vertedura ata a arqueta dos espazos reservados aos participantes.

4. Os participantes deberán, pola súa conta e baixo a súa responsabilidade, instalar canalizacións de vertedura e outros equipamentos desde os sumidoiros ata as arquetas dentro dos seus espazos asignados.

## CAPÍTULO III

### Gas

#### Artigo 51. *Poder calorífico e outras especificacións.*

As características do gas subministrado pola organizadora serán as seguintes.

1. Tipo: gas natural

2. Presión: 0,4 bares con Ø ¾».

3. Composición do gas: metano principalmente.



**Artigo 52. Instalación de gas.**

1. A organizadora instalará as canalizacións de gas e as válvulas de corte xerais ata a acometida dos espazos asignados.

2. Os participantes deberán, pola súa conta e baixo a súa responsabilidade, instalar as canalizacións de gas e outros equipamentos desde as válvulas de corte da acometida de gas ata as válvulas de corte dos seus equipamentos de consumo localizados nos seus espazos asignados.

3. Os participantes, pola súa conta e baixo a súa responsabilidade, instalarán dispositivos de seguraza, como detectores de escape de gas.

4. A empresa subministradora do servizo instalará un contador para medir o consumo de cada pavillón durante os meses da mostra.

5. Disporán de acometida de gas os pavillóns dotados de restaurantes con cociña propia, podendo dotarse de acometida de gas outros pavillóns que o demanden logo de xustificación do uso e tras estudo e aprobación por parte da organizadora.

**CAPÍTULO IV****Electricidade****Artigo 53. Sistema de subministración eléctrica.**

As características da subministración eléctrica son as seguintes:

1. Voltaxe: a tensión subministrarse trifásica con neutro, 50 Hz, 400 V/230 V e toma de terra.

2. Frecuencia: 50 Hz

3. Potencia: a potencia dispoñible aos participantes é de 135 W/m<sup>2</sup>, debido a que non é necesario dotar de grupos de compresión eléctrica para climatización, ao contar cun «District Heating & Cooling» para todo o recinto. No caso de pavillóns de dobre altura, esta potencia duplicarase.

Con carácter adicional, e sempre de forma xustificada, puntualmente poderase ampliar a devandita potencia logo de estudo por parte da organizadora.

A subministración parte de centros de transformación situados nas plantas baixas e/ou sotos do edificio soporte, que pola súa vez están conectados en anel para garantir a subministración.

A empresa subministradora do servizo instalará un contador para medir o consumo de cada pavillón durante os meses da mostra.

Dotarase ademais cada pavillón de subministración de socorro trifásico con neutro, 50 Hz, 400 V/230 V, polo 15% da potencia máxima subministrada, xerado mediante grupos electrógenos.

**Artigo 54. Instalacións de subministración eléctrica.**

1. A organizadora instalará as liñas eléctricas e cadros de distribución ata os espazos asignados aos participantes.

2. Os participantes deberán, pola súa conta e baixo a súa responsabilidade, montar instalacións eléctricas a partir da acometida eléctrica.

**CAPÍTULO V****Climatización****Artigo 55. Instalación dos dispositivos de calefacción e frío.**

1. A organizadora instalará canalizacións de auga quente e refrixerada e as válvulas de corte xerais ata a acometida dos espazos asignados aos participantes.

2. Os participantes, pola súa conta e baixo a súa responsabilidade, instalarán as canalizacións de auga quente

e refrixerada e equipamentos de difusión ata os seus espazos asignados.

3. As características de funcionamento do sistema de calor e frío son as seguintes:

Sistema de subministración de calor e frío mediante achega de auga quente e refrixerada e difusión mediante equipamentos «fancoils».

O control levarase a cabo mediante termóstatos. A velocidade do ventilador poderase seleccionar manualmente. O cambio de arrefriamento a quentamento poderase realizar automaticamente.

4. Os participantes nunca deberán cubrir ou obstruír as aberturas dos «fancoils». Durante a instalación do contido no espazo dos participantes a circulación do aire deberá ser coidadosamente considerada.

5. Con obxecto de evitar unha interrupción na circulación da auga quente e de refrixeración os participantes deberán instalar un equipamento de control.

6. Os participantes poderán pola súa conta e baixo a súa responsabilidade montar instalacións de calefacción e frío.

**Artigo 56. Especificacións dos dispositivos de calefacción e frío.**

As características da subministración de auga refrixerada para o aire acondicionado son as seguintes: sistema pechado de auga refrixerada, con control de temperatura desde a unidade de refrixeración a través do sistema de aire acondicionado dos participantes.

Para garantir a climatización dos pavillóns do recinto realizarase unha rede de distribución de auga fría e outra de auga quente, que se xera na central de frío-calor («District Heating and Cooling») situada no Bulevar de Ranillas (parcela n.º 4, exterior ao recinto Expo).

Cada pavillón contará cunha acometida de auga fría (dous tubos: impulsión e retorno) e outra de auga quente (dous tubos: impulsión e retorno) en circuito pechado, que provirán dunha subestación térmica (intercambiador de placas instalado no soto) e que permitirá subministrar a enerxía térmica necesaria para as instalacións de climatización que proxecten no interior os participantes.

Os saltos térmicos nas acometidas en cada pavillón:

No caso da rede de frío, 7 °C e 15,5 °C, dando un salto térmico de 8,5 °C.

No caso da rede de calor, 85 °C e 55 °C, dando un salto térmico de 30 °C.

A potencia térmica dispoñible par os participantes é de 210 W/m<sup>2</sup> (frío) e 140 W/m<sup>2</sup> (calor). No caso de pavillóns de dobre altura (16 m), esta potencia duplicarase.

A empresa concesionaria do servizo instalará un contador para medir o consumo de cada unha destas dúas redes en cada pavillón durante os meses da mostra.

A auga refrixerada para o aire acondicionado será subministrada só durante as horas especificadas pola organizadora. Os participantes deberán consultar a organizadora cando necesiten auga refrixerada para o aire acondicionado fóra destas horas estipuladas. En tal caso, a organizadora poderá modificar as tarifas por este servizo.

**Artigo 57. Montaxe de instalacións de auga refrixerada.**

1. A organizadora deberá instalar as canalizacións de auga refrixerada e as válvulas de corte xeral ata os espazos asignados aos participantes.

2. Os participantes, pola súa conta e baixo a súa responsabilidade, instalarán as canalizacións de auga refrixerada e os equipamentos de aire acondicionado desde as válvulas de corte xeral ata os seus espazos asignados.

**Artigo 58. Montaxe de equipamentos de aire acondicionado.**

1. Os participantes deberán instalar os dispositivos de aire acondicionado, pola súa conta e baixo a súa responsabilidade.

2. Os participantes deberán seguir as seguintes directrices cando queiran instalar dispositivos de aire acondicionado:

a. Consultar coa organizadora previamente no caso de que a auga refrixerada para o aire acondicionado sexa utilizada a unha altura igual ou superior a 25 metros por enriba do nivel do chan.

b. Co fin de evitar unha interrupción da circulación da auga refrixerada para o aire acondicionado, deberase instalar un equipamento de control.

c. O equipamento de aire acondicionado de cada participante deberá proporcionar a auga, despois do seu uso, a unha temperatura máxima de 14 °C.

**CAPÍTULO VI****Telecomunicacións****Artigo 59. Proveedor de servizo.**

O proveedor de servizos de telecomunicacións determinado pola organizadora conforme a lexislación española vixente en materia de telecomunicacións proporcionará os servizos de telégrafos, teléfonos e telecomunicacións.

**Artigo 60. Instalacións por conta da organizadora.**

1. A organizadora instalará os cables de telecomunicacións e as caixas de bornes ata as acometidas dos espazos asignados.

2. A organizadora instalará redes de cables de capacidade abonda ata a caixa de acometidas dos edificios de participantes en función da previsión realizada por cada un dos participantes.

**Artigo 61. Provisión de servizos de telecomunicacións.**

Os participantes asinarán un contrato de servizos co proveedor (operadora) para a utilización de servizos de telecomunicación, teléfono, fax e transmisión de datos.

**Artigo 62. Gastos para instalacións especiais.**

Se un participante solicita que a organizadora lle proporcione calquera equipamento especial polas súas propias exixencias, este só llo proporcionará se o considera indispensable e tecnicamente factible. A organizadora considerará tales instalacións especiais por conta do participante que o solicita.

**Artigo 63. Alcance dos sistemas de sinais para telecontrol, voz e datos.**

A organizadora definiu as directrices técnicas, de desenvolvemento e de operación de todos os servizos, sistemas e infraestrutura necesaria de comunicacións, control, instalacións electrónicas de seguranza e autoprotección, distribución dinámica da información, audiovisuais, informática e ofimática, etc. imprescindible para unha axeitada e óptima explotación da exposición no aspecto tecnolóxico que aplica.

É obxecto da organizadora regular a implantación destes sistemas por parte dos participantes co fin de conseguir o interese mencionado no parágrafo anterior.

O alcance dos sistemas de sinais para telecontrol, voz e datos que a organizadora implantará no recinto para a súa correcta explotación e que porá á disposición dos participantes coa regulación técnica e económica axeitada, son:

Unha rede xeral multiservizo de comunicacións de voz -datos- vídeo e audio, composta polos seguintes subsistemas:

Infraestrutura de cableado baseándose en anel de fibra óptica segmentada física e lóxicamente para os diversos usos.

Infraestrutura sen fíos para soporte do tráfico de voz-datos baseada en tecnoloxías «wireless».

Electrónica de rede de última xeración para a conmutación axeitada do tráfico soportado de datos e voz -IP.

Telefonía pública en localizacións de núcleos multiservizo para visitantes, actuando como postes SOS en conexión cos servizos de emerxencia da organizadora.

Telefonía privada para comunicación interna no recinto da exposición con conexión ao mundo exterior.

Servizos de «call-center».

Instalacións de control e supervisión:

Telecontrol e telemedida de instalacións convencionais de espazos públicos, tales como rede de forza, iluminación, control de rega, control de láminas de auga e fontes cibernéticas.

Supervisión de estado operativo de instalacións convencionais de edificios e/ou pavillóns: rede de forza, iluminación, aire acondicionado, bombas de saneamento, resto de instalacións críticas dun edificio.

Instalacións de protección contra incendios en edificios da organizadora e supervisión dos sinais xerados polos sistemas que instalen os participantes.

Instalacións de protección contra intrusismo en edificios da organizadora e supervisión dos sinais xerados polos sistemas que instalen os participantes.

Instalacións de circuito pechado de televisión en espazos públicos e en edificios de organizadora e supervisión dos sinais xerados polos sistemas que instalen os participantes.

Instalacións de megafonía de emerxencia e ambiente en espazos públicos e en edificios de organizadora e envío de mensaxes de emerxencia cara aos sistemas que instalen os participantes.

Sistemas de control de accesos en zonas restrinxidas e/ou técnicas do recinto da exposición.

Instalacións de servidume cara á operación e atención cara aos visitantes:

Control de accesos, capacidade, acreditacións, venda de entradas, xestión de colas e reservas, que faciliten o acceso de visitantes ao recinto e a todas as súas dependencias expositivas, mesmo pavillóns de participantes, restaurantes e centros de espectáculos.

Sistema de información dinámica para visitantes en múltiples soportes: pantallas multimedia e mensaxaría sen fíos.

Sistemas multimedia de reforzo para pavillóns da organizadora e espectáculos.

Sistemas de xestión de consignas, persoas e obxectos perdidos.

Instalacións de servidume para a operación e atención a participantes e medios de comunicación:

Servizos de conferencias e tradución simultánea.

Servizos de booking para medios de comunicación.

Transporte e distribución de sinais broadcast e HDTV de organizadora e participantes.

Xestión de arquivos de audio-vídeo e datos xerados pola organizadora e participantes, a súa clasificación, arquivo, custodia e distribución.

Centro de control de operacións:

Todas as instalacións anteriores confluirán no centro de control de operacións da organizadora, o cal estará dividido en áreas perfectamente delimitadas que aglutinarán as diversas funcións que ten asignadas como centro neuráxico da exposición:

Área técnica, incluído o centro de procesos de datos.

Área de operadores en liña, co monitoreado e os medios de comunicación axeitados para a operación da exposición.

Área de seguranza e autoprotección, con operadores específicos encargados de velar polo normal discorrer dos acontecementos.

Área de operadores fóra de liña, encargados da estruturação dos procedementos e actos non programados.

Área de dirección de operacións: sala de «briefing» diario, sala de crise e despachos.

#### Artigo 64. *Responsabilidades da organizadora nos servizos de telecomunicacións.*

A organizadora asegurará a instalación, ata o límite do espazo asignado a cada participante, da infraestrutura soporte dos medios de transmisión necesarios para a prestación e xestión dos servizos de sistemas de telecontrol, voz e datos solicitados polos participantes.

A organizadora establecerá os acordos necesarios con operadores de telecomunicacións, para garantir a prestación dos servizos de comunicación que necesite o participante cara a e desde o exterior do recinto da exposición.

A organizadora porá á disposición dos participantes un catálogo de equipamentos homologados correspondentes a estes sistemas de telecontrol, voz e datos, para que se poidan beneficiar dos acordos conseguidos pola organizadora e así tamén contribuír a unha homoxeneización de sistemas de cara a unha integración global dos sistemas que se instalen no recinto da exposición.

A organizadora verificará o correcto cumprimento da normativa española e as directrices particulares da organizadora, en canto a deseño, proxecto, visados, execución das instalacións e posta en servizo das instalacións de sistemas de telecontrol, voz e datos que vaian executar os participantes.

Os requirimentos específicos de cada sistema de telecontrol, voz e datos reflectiranse nas correspondentes instrucións de desenvolvemento que editará a organizadora.

#### Artigo 65. *Responsabilidades dos participantes nos servizos de telecomunicacións.*

Os participantes deberán instalar pola súa conta, no interior dos seus recintos, todos os sistemas necesarios para a correcta prestación dos servizos de sistemas de telecontrol, voz e datos que precisen. O enlace coa rede xeral farase no punto ou puntos que indique a organizadora.

Da totalidade dos sistemas de telecontrol, voz e datos, son considerados algúns como de obrigada implantación por todos os participantes; son aqueles que garantirán o cumprimento da lexislación española vixente, unha fluída comunicación coa organizadora, e completan os labores de seguranza e autoprotección do recinto do participante.

Sobre estas últimas instalacións, a organizadora facilitará nas instrucións de desenvolvemento, os condicionantes de conectividade que deberán cumprir para que se poidan integrar na rede xeral multiservizo de comunicacións da organizadora e a información que deberán facilitar/poder recibir, ao/do Centro de Control de Operacións da organizadora. Concretamente estas instalacións, como mínimo serán:

Rede de voz-datos e telefonía privada.

Supervisión do estado de instalacións convencionais e expositivas.

Instalacións de detección de incendios.

Supervisión do estado de instalacións de extinción de incendios.

Instalacións de detección de intrusismo.

Instalacións de megafonía de emerxencia.

Cada participante deberá presentar para aprobación da organizadora, os proxectos de execución das instalacións de sistemas de telecontrol, voz e datos que se vaian

implantar no seu pavillón e permitiralle á organizadora o acceso ao recinto para a inspección das instalacións e a súa posterior conexión á rede xeral multiservizo de comunicacións da organizadora, de acordo cos procedementos que esta estableza nas correspondentes instrucións de desenvolvemento de sistemas de telecontrol, voz e datos.

Ningún participante poderá instalar cables, radioenlaces ou equipamentos conectados á rede xeral multiservizo de comunicacións sen a autorización escrita da organizadora.

Especificamente para as instalacións de radiocomunicación, na totalidade da gama do espectro, observarase o disposto na normativa española vixente, polo cal o participante deberá gozar dos permisos oportunos para a implantación de calquera sistema desta tipoloxía de sistemas de telecontrol, voz e datos.

Os sistemas de telecontrol, voz e datos que instale un participante non provocarán interferencias cos de terceiros. En caso en que a instalación de calquera equipamento ou dispositivo por parte dun participante provoque interferencias, o participante responsable deberá axustar, limitar ou retirar o seu equipamento, de maneira que quede emendada esa interferencia.

O participante deberá dispoñer dun plan de mantemento e executalo pola súa conta, das instalacións de sistemas de telecontrol, voz e datos, de acordo co que se indicará nas instrucións de desenvolvemento correspondentes.

A contratación e consumo dos servizos de comunicacións con operadores de telecomunicacións correrá por conta do participante. A organizadora facilitarlle a relación daqueles que gozan da autorización correspondente por parte desta.

## ANEXO VII

### REGULAMENTO ESPECIAL NÚMERO 10

#### Relativo á protección dos dereitos de propiedade industrial e intelectual, patentes e dereitos de autor

#### TÍTULO PRELIMINAR

#### Disposicións xerais

#### CAPÍTULO ÚNICO

#### Artigo 1. *Disposicións xerais.*

1. O obxecto deste regulamento, conforme o disposto nos artigos 31 e 34 do Regulamento xeral da Exposición Internacional de Zaragoza 2008, é o de lles facilitar aos participantes información xeral sobre a regulación e medidas de protección da propiedade industrial e intelectual dos produtos exhibidos, usados ou vendidos na exposición, de conformidade coa lexislación española vixente na materia.

2. España forma parte da Unión para a Protección da Propiedade Industrial, representada polo Convenio da Unión de París na súa última redacción de Estocolmo do 14 de xullo de 1967. Tamén forma parte da Unión de Madrid para a represión das indicacións de procedencia falsas ou enganosas (Arranxo de Madrid do 14 de abril de 1891, revisado por última vez en Lisboa en 1958, completado pola Acta Adicional de Estocolmo de 1967); da Unión de Madrid para o rexistro internacional de marcas de fábrica e de comercio (Arranxo de Madrid do 14 de abril de 1891, texto revisado na Conferencia de Estocolmo do 14 de xullo de 1967 e o seu Protocolo ratificado por Instrumento adoptado en Madrid o 27 de xuño de 1989 e o seu Regulamento de execución común do Arranxo e do Protocolo adoptado en Xenebra do 15 ao 18 de xaneiro de 1996); da Unión para o rexistro internacional de debuxos e modelos industriais (Arranxo da Haia, revisado pola Acta



de Londres en 1934 e pola Acta de Xenebra do 2 de xullo de 1999); da Unión para a clasificación internacional dos produtos e servizos para o rexistro das marcas de fábrica ou de comercio (Arranxo de Niza do 15 de xuño de 1957, texto revisado de Xenebra do 13 de maio de 1977); e o Arranxo de Locarno do 8 de outubro de 1968 instituíndo unha clasificación internacional para os deseños industriais da Unión do Tratado de cooperación en materia de patentes (Tratado de Washington do 19 de xuño de 1970, modificado o 3 de febreiro de 1984, e o 3 de outubro de 2001), e no Arranxo de Estrasburgo, do 24 de marzo de 1971, sobre clasificación internacional de patentes (ratificación do 4 de novembro de 1974) e da Unión do Tratado de Budapest sobre o recoñecemento internacional do depósito de microorganismos para os fins de procedemento en materia de patentes (último texto de 1980).

España subscribiu o Acordo de Marrakesh do 15 de abril de 1994 sobre os aspectos dos dereitos de propiedade intelectual relacionados co comercio (Acordo ADPIC, que forma parte integrante do Acordo polo que se establece a Organización Mundial do Comercio); o Tratado de Xenebra do 27 de outubro de 1994 sobre o dereito de marcas, e o seu Regulamento, adoptado no marco da Organización Mundial da Propiedade Intelectual.

España ratificou igualmente as convencións elaboradas no seo do Consello de Europa sobre formalidades para a solicitude de patentes, do 11 de decembro de 1953 (ratificada o 28 de xuño de 1967). Tamén ratificou o Convenio de Munich do 5 de outubro de 1973 sobre concesións de patentes europeas (adhesión do 10 de xullo de 1986), revisado mediante actas feitas en Munich o 17 de decembro de 1991 e o 29 de novembro de 2000.

Do mesmo modo, España forma parte da Unión de Berna, representada polo Convenio de Berna na súa última revisión de París de 1971, para a protección das obras literarias e artísticas. Ratificou igualmente a Convención universal de dereitos de autor, de Xenebra, no seu texto revisado de 1971 e a Convención internacional sobre a protección dos artistas intérpretes ou executantes, os produtos de fonogramas e os organismos de radiodifusión, feita en Roma en 1961.

No campo das obtencións vexetais, España ratificou o Convenio internacional para a protección das obtencións vexetais, do 2 de decembro de 1961, aprobado na Unión Internacional para a protección das obtencións vexetais (última revisión por Convenio do 19 de marzo de 1991).

Como Estado membro da Unión Europea son de aplicación en España o Regulamento (CE) 40/1994, do Consello, do 20 de decembro de 1993, sobre a marca comunitaria; o Regulamento (CE) 6/2002, do Consello, do 12 de decembro, sobre debuxos e modelos industriais; e o Regulamento (CE) 2100/94, do Consello, do 27 de xullo, relativo á protección comunitaria das obtencións vexetais.

Finalmente, a normativa española sobre protección dos dereitos de propiedade industrial e intelectual atopa principalmente na Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes; na Lei 17/1991, do 7 de decembro, de marcas; na Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial; na Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de protección de obtencións vexetais; na Lei 3/1991, do 10 de xaneiro, de competencia desleal; no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado mediante Real decreto lexislativo do 12 de abril de 1996; e no Código penal, aprobado mediante Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, que tipifica os delitos relativos á propiedade intelectual e industrial, ao mercado e aos consumidores.

3. Cada participante será responsable dos seus propios actos, particularmente dos que infrinxan dereitos de propiedade industrial ou intelectual de allea titularidade e dos constitutivos de competencia desleal, de conformidade coa lexislación española.

4. En ningún caso a organizadora responderá das infraccións de dereitos de propiedade industrial e intelectual nin dos actos de competencia desleal en que poidan incurrir os expositores.

5. Todo expositor que pretenda exercer accións civís ou penais por violación de dereitos de propiedade industrial ou intelectual contra outro expositor por actos cometidos no ámbito da exposición deberalle notificar previamente o seu propósito ao comisario da exposición. A notificación deberá ir acompañada dunha relación sucinta dos feitos constitutivos da violación, con identificación dos autores e dunha acreditación dos dereitos que o expositor considere lesionados.

6. O comisario da exposición, unha vez recibida a notificación, poderá exercer as facultades disciplinarias que lle confire o artigo 5 do Regulamento xeral da exposición, en caso de que considere que os feitos notificados constitúen unha violación manifesta dos dereitos do reclamante, sen prexuízo das accións que este poderá exercer ante os tribunais, unha vez feita a notificación.

7. Serán aprobadas pola organizadora da exposición as instrucións de desenvolvemento normativo que non teñan carácter técnico.

## TÍTULO I

### Propiedade industrial

#### CAPÍTULO I

Artigo 2. *Protección segundo o disposto na lexislación española.*

1. Todas as invencións industriais, tanto de produto coma de procedemento, susceptibles de protección por patente de invención ou modelo de utilidade, os deseños industriais e artísticos, as marcas de produtos ou de servizos, os nomes comerciais, as indicacións de procedencia e denominacións de orixe, as obtencións vexetais, as topografías de semicondutores e en xeral todas as obras protexibles por dereitos de propiedade industrial exhibidos na exposición estarán protexidos conforme o disposto pola lexislación española e nos convenios e tratados internacionais nos cales España sexa parte.

2. A represión dos actos de competencia desleal cometidos no ámbito da exposición rexeráse pola lei española e polo disposto polos convenios e tratados internacionais nos cales España sexa parte.

#### CAPÍTULO II

Artigo 3. *Patentes de invención.*

1. As invencións industriais son protexibles en España polos seguintes títulos de propiedade industrial:

a) Patentes de invención nacionais. Son títulos outorgados pola Oficina Española de Patentes e de Marcas. Confire un monopolio de explotación da invención no territorio español durante vinte anos improrrogables, a partir da data de presentación da solicitude da patente.

Só son patentables as invencións que a nivel mundial sexan novas e impliquen unha actividade inventiva e sexan susceptibles de aplicación industrial, aínda cando teñan por obxecto un produto que estea composto ou que conteña materia biolóxica, ou un procedemento mediante o cal se produza, transforme ou utilice materia biolóxica, de acordo co establecido polos artigos 4, 6, 8 e 9 da Lei de patentes española do 20 de marzo de 1986.

b) Patentes europeas. Son títulos outorgados pola Oficina Europea de Patentes, con sede en Munich, de acordo co disposto polo Convenio de Munich do 5 de outubro de 1973 sobre concesión de patentes europeas. Designada España na solicitude de patente europea, a patente europea concedida gozará en España dunha protección xurídica idéntica á concedida por unha patente nacional, durante igual período de tempo, sempre que se entregase na Oficina Española de Patentes e Marcas a tradución ao castelán da patente europea no prazo establecido ao res-

pecto. Só son patentables as invencións industriais que a nivel mundial sexan novas e impliquen unha actividade inventiva, de conformidade cos artigos 52, 54, 56 e 57 do Convenio de Munich. Así mesmo, España fixo uso da reserva prevista no artigo 167 do Convenio sobre concesión de patentes europeas para os produtos químicos e farmacéuticos.

c) Certificados de protección de modelos de utilidade. Son títulos outorgados pola Oficina Española de Patentes e de Marcas. Confiren un monopolio de explotación da invención no territorio español durante 10 anos improrrogables, a partir da data da solicitude. Non se poden protexer como modelos de utilidade nin as invencións de procedemento nin as variedades vexetais. Pero a diferenza das patentes de invención, a invención é susceptible de protección como modelo de utilidade se goza de novidade en España, aínda cando sexa divulgada no estranxeiro, e o grao de actividade inventiva exixido é menor que o requirido para a concesión dunha patente nacional ou europea. Así resulta dos artigos 143, 145 e 146 da Lei de patentes española.

2. Non poden ser obxecto de patente, conforme o disposto pola Lei de patentes española e polo Convenio de Munich:

a. As invencións cuxa explotación comercial sexa contraria á orde pública ou aos bos costumes, tales como os procedementos de clonación de seres humanos, os procedementos de modificación da identidade xenética xerminal do ser humano, as utilizacións de embrións humanos con fins industriais ou comerciais, os procedementos de modificación da identidade xenética dos animais que supoñan para estes sufrimentos sen utilidade médica ou veterinaria substancial para o home ou o animal, e os animais resultantes de tales procedementos.

b. As variedades vexetais e as razas animais. Non obstante, serán patentables as invencións que teñan por obxecto vexetais ou animais se a viabilidade técnica da invención non se limita a unha variedade vexetal ou a unha raza animal determinada.

c. Os procedementos esencialmente biolóxicos de obtención de vexetais ou de animais, sen prexuízo da patentabilidade dos procedementos microbiolóxicos ou calquera outro procedemento técnico ou un produto obtido por estes últimos procedementos.

d. O corpo humano, nos diferentes estadios da súa constitución e desenvolvemento, así como o simple descubrimento dun dos seus elementos, incluídas a secuencia ou a secuencia parcial dun xene, sen prexuízo de considerar invención patentable, un elemento illado do corpo humano ou obtido doutro modo mediante un procedemento técnico, incluída a secuencia total ou parcial dun xene, aínda no caso de que a estrutura do devandito elemento sexa idéntica á dun elemento natural.

e. Os supostos considerados no artigo 4.4 da Lei de patentes:

Os descubrimentos, as teorías científicas e os métodos matemáticos.

As obras literarias, artísticas ou calquera outra creación estética, así como as obras científicas.

Os plans, regras e métodos para o exercicio de actividades intelectuais, para xogos ou para actividades económico-comerciais, así como os programas de ordenadores.

As formas de presentar informacións.

#### Artigo 4. *Solicitude de patentes.*

1. A solicitude de patente deberase dirixir ao director da Oficina Española de Patentes e de Marcas, presentando a documentación en castelán exixida pola lei española e na forma prevista por esta.

2. Os non-residentes nun Estado membro da Unión Europea deberán presentar as súas solicitudes, en todo

caso, mediante un axente da propiedade industrial recoñecido conforme a lexislación española.

3. As solicitudes de patentes europeas débense dirixir á Oficina Europea de Patentes, con sede en Munich, ben directamente cos requisitos exixidos ou ben a través da Oficina de Propiedade Industrial dun Estado membro do convenio. Se o solicitante é español ou residente en España e non reivindica a prioridade dun depósito anterior en España deberá solicitala a través da Oficina Española de Patentes e de Marcas ou nas comunidades autónomas autorizadas para recibilas.

#### Artigo 5. *Aplicación da lexislación en materia de patentes a persoas físicas ou xurídicas estranxeiras.*

1. España é membro do Convenio da Unión de París para a Protección da Propiedade Industrial, asinado en París ao 20 de marzo de 1883, así como signataria de todos os seus textos posteriores.

1.1 En virtude do disposto no Convenio da Unión de París, o solicitante dunha solicitude de patente nun país membro da Unión ou as súas habentes causa, terán o prazo dun ano de prioridade desde a data da presentación da primeira solicitude para solicitala en España. Esta prioridade consiste en retrotraer a data de presentación da solicitude en España á data da presentación da primeira solicitude nun país da Unión.

2. De conformidade co disposto na lei española, poderanse beneficiar da protección que esta ofrece, ademais das persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española:

a. As persoas naturais estranxeiras que teñan o seu domicilio habitual en España.

b. As persoas naturais ou xurídicas estranxeiras que teñan un establecemento industrial ou comercial efectivo e real en territorio español.

c. As persoas naturais ou xurídicas que sexan nacionais dalgún dos Estados membros da Unión de París, así como aquelas persoas que estean domiciliadas ou teñan establecementos comerciais ou industriais serios e efectivos nalgún dos devanditos Estados, así como os nacionais dos Estados membros da Organización Mundial do Comercio.

d. As persoas naturais ou xurídicas estranxeiras cando nos seus países exista unha reciprocidade na protección de dereitos equivalentes aos españois.

#### Artigo 6. *Excepcións ao requisito da novidade derivadas da exhibición da invención en exposicións oficiais.*

1. Conforme o establecido na lei española, non afectará o requisito da novidade o feito de que o obxecto de patente solicitada fose previamente divulgado como consecuencia directa ou indirecta da exhibición do devandito obxecto nunha exposición oficial ou oficialmente recoñecida, cando a exhibición sexa realizada por quen solicite a patente ou polo seu causante.

2. Para poderse beneficiar da devandita excepción será necesario, en todo caso, que a devandita divulgación tivese lugar dentro do prazo de seis meses desde a presentación da solicitude da parte na Oficina Española de Patentes e de Marcas.

2.1 O dito prazo de seis meses non se poderá acumular ao prazo de prioridade dun ano establecido no artigo 4 do Convenio da Unión de París.

2.2 O solicitante deberá achegar, no prazo de catro meses contados desde a data de presentación da solicitude, unha certificación expedida pola persoa que designe a dirección da organizadora como autoridade encargada de asegurar a protección da propiedade industrial na

devandita exposición, que acredite que a invención foi realmente exhibida na exposición durante o período da súa celebración. Esta certificación será acompañada da documentación que, para os efectos de identificación da invención, teña que ser autenticada, e deberá tamén mencionar a data de apertura da exposición e, se é o caso, a da primeira exhibición da invención, se estas dúas datas non fosen coincidentes.

### CAPÍTULO III

#### Artigo 7. *Modelos de utilidade.*

1. Serán protexibles en España como modelos de utilidade as invencións que, sendo novas e implicando unha actividade inventiva, consistan en darlle a un obxecto unha configuración, estrutura ou constitución da cal resulte algunha vantaxe practicamente apreciable para o seu uso ou fabricación.

2. O modelo de utilidade ten por obxecto invencións menores. A diferenza das patentes de invención que requiran novidade mundial, as invencións protexibles como modelos de utilidade deben ser novas unicamente en España, de conformidade cos artigos 145 e 146 da Lei de patentes española.

3. Non poderán ser obxecto de modelo de utilidade as invencións de procedemento, as variedades vexetais, nin as invencións a patentabilidade das cales estea prohibida conforme o exposto polo artigo 3.2.

4. Son aplicables aos modelos de utilidade as disposicións establecidas polos artigos 4, 5 e 6 deste regulamento, agás o establecido para a solicitude de patentes europeas no artigo 4.3.

5. O procedemento de concesión tramítase sen exame de oficio da novidade nin da actividade inventiva, pero calquera interesado pódese opoñer á concesión alegando a falta de novidade ou de actividade inventiva ou de calquera outro requisito exixido para a concesión, dentro dos dous meses seguintes á publicación da solicitude, de conformidade co artigo 149 da Lei de patentes española.

### CAPÍTULO IV

#### Artigo 8. *Deseño industrial.*

1. Mediante a Lei de protección xurídica do deseño industrial do 7 de xullo de 2003, protéxese a aparencia externa dun produto utilitario, xa sexa un deseño bidimensional ou tridimensional.

Para os efectos da Lei do 7 de xullo de 2003, enténdese por:

a) Deseño: a aparencia da totalidade ou dunha parte dun produto, que se derive das características de, en particular, as liñas, contornos, cores, forma, textura ou materiais do produto en si ou da súa ornamentación.

b) Produto: todo artigo industrial ou artesanal, incluídas, entre outras cousas, as pezas destinadas á súa montaxe nun produto complexo, a embalaxe, a presentación, os símbolos gráficos e os caracteres tipográficos, con exclusión dos programas informáticos.

c) Produto complexo: un produto constituído por múltiples compoñentes substituíbles que permiten desmontar e volver montar o produto.

2. O modelo de utilidade protexe invencións industriais que poden consistir en darlle a un obxecto unha nova forma que produza un resultado útil consistente en facilitar ou mellorar o seu uso ou fabricación. Pola contra, os deseños industriais e artísticos protexen non invencións, senón creacións de forma que teñan novidade, posúan carácter singular e que non dean lugar necesariamente a ningunha utilidade ou vantaxe práctica.

3. O rexistro do deseño industrial confírelle ao seu titular o dereito exclusivo a utilizalo e a prohibir a súa utili-

zación por terceiros sen o seu consentimento. Para estes efectos a utilización comprende a fabricación, oferta, comercialización, importación, exportación ou o uso dun produto que incorpore o deseño, así como o almacenamento do dito produto para algún dos fins mencionados. A protección derivada do rexistro outorgarase por cinco anos contados desde a data de presentación da solicitude de rexistro, e poderase renovar por un ou máis períodos sucesivos de cinco anos ata un máximo de 25 anos computados desde a devandita data. Para a súa defensa, o titular pode exercer accións civís e penais e exixir as medidas necesarias para a súa salvagarda nos termos previstos nos artigos 52 a 57 da Lei do 7 de xullo de 2003.

O deseño industrial non rexistrado goza da protección prevista no Regulamento (CE) 6/2002, do Consello, do 12 de decembro, sobre debuxos e modelos industriais, fronte aos actos de explotación non autorizada das copias do deseño, que dura tres anos contados desde a data en que por vez primeira foi accesible ao público na Unión Europea.

4. A presentación da solicitude de rexistro dun deseño industrial réxese polo disposto no artigo 20 da Lei do 7 de xullo de 2003, e 5.2 deste regulamento, tramitándose por un procedemento de concesión sen exame de oficio da novidade, pero con oposición de calquera interesado fundada, entre outras causas, na falta de novidade.

5. Quen presente unha solicitude de rexistro dun modelo ou debuxo industrial en ou para algún dos Estados membros do Convenio de París ou do Acordo polo que se crea a Organización Mundial do Comercio, ou as súas habentes causa, terá o prazo de seis meses de prioridade desde a data da presentación da primeira solicitude para solicitala en España. A dita prioridade, conforme as condicións do artigo 4 do Convenio de París, consiste en retrotraer a data da presentación da solicitude en España á data da presentación da primeira solicitude en país unionista.

6. Conforme o disposto no artigo 25 da Lei do 7 de xullo de 2003, os deseños industriais que figurasen nunha exposición oficial ou, oficialmente recoñecida, terán un dereito de prioridade, no caso de que solicite o rexistro, de seis meses a partir da data da primeira presentación dos deseños industriais na exposición.

Para facer efectiva esta protección temporal, deberase xustificar ante a Oficina Española de Patentes e de Marcas que os produtos que incorporen o deseño se presentaron na exposición na data invocada.

7. A protección que se recoñece na lei ao deseño industrial será independente, acumulable e compatible coa que poida derivar da propiedade intelectual cando o deseño de que se trate presente en si mesmo o grao de creatividade e de orixinalidade necesario para ser protexido como obra artística segundo as normas que regulan a propiedade intelectual.

### CAPÍTULO V

#### Artigo 9. *Signos protexibles con marcas.*

1. Conforme o artigo 4 da Lei de marcas española, do 7 de decembro de 2001, enténdese por marca todo signo susceptible de representación gráfica que sirva para distinguir no mercado produtos ou servizos dunha empresa dos doutras. Tales signos poderán ser: as palabras ou as súas combinacións; as imaxes, figuras, símbolos e debuxos; as letras, as cifras e as súas combinacións; as formas tridimensionais, entre as que se inclúen os envoltorios, os envases e a forma do produto ou a súa presentación; os sonoros; calquera combinación dos signos anteriores.

2. De conformidade cos artigos 5 a 10 e disposición transitoria 3.<sup>a</sup>, número 3, da Lei de marcas española, non se poderán rexistrar como marcas:

a) Os signos que non teñan carácter distintivo, como os exclusivamente xenéricos ou descritivos das características dos produtos ou servizos que pretendan distinguir, en particular, as indicacións de procedencia xeográficas.



b) As marcas ilícitas, por seren contrarias á lei, á orde pública ou aos bos costumes.

c) As marcas enganosas, que induzan o público a erro sobre as características dos produtos ou servizos, en particular sobre a súa natureza, calidade ou procedencia xeográfica.

d) As marcas confundibles con outras marcas ou nomes comerciais anteriormente rexistrados por terceiros ou idénticos a rótulos de establecemento anteriormente rexistrados.

e) As marcas que reproduzan o nome civil, apelido, pseudónimo ou calquera outro que identifique a outra persoa ou a imaxe doutra persoa ou unha obra protexida por un dereito de propiedade intelectual ou industrial. As que reproduzan o nome comercial, denominación ou razón social polas que se identifique no tráfico económico outra persoa xurídica cando exista risco de confusión no público.

f) Os que se compoñan exclusivamente de signos ou indicacións que se convertesen en habituais para designar os produtos ou os servizos na linguaxe común ou nos costumes leais e constantes do comercio.

g) Os constituídos exclusivamente pola forma imposta pola natureza do propio produto ou pola forma do produto necesaria para obter un resultado técnico, ou pola forma que lle dá un valor substancial ao produto.

h) Os que, aplicados para identificar viños ou bebidas espirituosas, conteñan ou consistan en indicacións de procedencia xeográfica que identifiquen outros distintos.

i) Os que sen autorización reproduzan ou imiten escudos, bandeiras condecoracións e outros emblemas de España, as súas comunidades autónomas, municipios, provincias ou outras entidades locais, ou dos considerados no artigo 6 ter do Convenio de París, ou que sendo distintos sexan de interese público.

#### Artigo 10. *Adquisición do dereito sobre a marca.*

1. O dereito sobre a marca adquirese en España polo rexistro validamente efectuado de conformidade coas disposicións previstas na lei española. O devandito rexistro terá unha validez de dez anos, renovables de conformidade cos requisitos establecidos pola lei.

2. A solicitude de rexistro dunha marca presentase na Oficina Española de Patentes e de Marcas, cumprindo os requisitos exixidos pola lexislación española. Os non residentes nun Estado membro da Unión Europea deberán actuar, en todo caso, mediante axente da propiedade industrial recoñecido de conformidade coa lexislación española.

3. Quen presentase regularmente unha solicitude de rexistro de marca nalgún dos Estados membros do Convenio da Unión de París ou nalgún membro da Organización Mundial do Comercio ou as súas habentes causa gozarán, para a presentación en España dunha solicitude de rexistro da mesma marca, do dereito de prioridade establecido no artigo 4 do Convenio da Unión de París para a protección da propiedade industrial, durante un prazo de seis meses desde a data da presentación da primeira solicitude. A devandita prioridade consiste en retrotraer a data de presentación da solicitude en España á data da primeira solicitude nun país da Unión ou da Organización Mundial do Comercio.

O mesmo dereito de prioridade terá quen presentase unha primeira solicitude de protección da mesma marca nun Estado ou organización internacional non mencionados no parágrafo anterior, que lles recoñeza ás solicitudes de rexistro de marcas presentadas en España un dereito de prioridade en condicións e con efectos equivalentes aos previstos no Convenio de París.

4. A solicitude de rexistro tramítase a través dun procedemento de concesión con exame de oficio das prohibicións de rexistro, publicación, se é o caso, da solicitude e eventual oposición que poderán formular os terceiros interesados e os titulares de dereitos anteriores, de conformidade cos artigos 16 a 22 da Lei de marcas española.

#### Artigo 11. *Réxime das marcas rexistradas.*

1. A marca rexistrada confírelle ao seu titular o dereito exclusivo de utilizala no tráfico económico. Así mesmo o titular poderalles prohibir a terceiros que utilicen no tráfico económico, sen o seu consentimento, un signo idéntico ou semellante ao rexistrado para produtos ou servizos idénticos ou semellantes que implique un risco de confusión do público, e para produtos ou servizos que non sexan similares a aqueles para os cales esta rexistrada a marca, cando esta sexa notoria ou renomeada en España nos termos do artigo 34 da Lei española de marcas; e poderá exercer ante os órganos xurisdiccionais as accións civís ou penais que correspondan, contra os que lesionen os seus dereitos e exixir as medidas necesarias para a súa salvagarda de conformidade cos artigos 40 a 45 e 38 da Lei española de marcas.

2. De conformidade co Regulamento CEE número 3295/1994, o titular dunha marca española rexistrada ou dunha marca internacional rexistrada para España poderá solicitar do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais a denegación do despacho a libre práctica e a retención das mercadorías importadas portadoras dunha marca idéntica ou non distinguible da súa.

3. Se no prazo de cinco anos, contados desde a data de publicación da concesión, non se fixese uso efectivo e real en España da marca, o seu rexistro poderá ser cancelado conforme o procedemento previsto pola lexislación española.

#### Artigo 12. *Aplicación da lexislación española en materia de marcas a persoas físicas ou xurídicas estranxeiras.*

Conforme o disposto na lexislación española; poderán obter o rexistro de marcas:

As persoas naturais ou xurídicas estranxeiras que residan habitualmente ou teñan un establecemento industrial ou comercial efectivo e serio en territorio español ou que gocen dos beneficios do Convenio da Unión de París para a protección da propiedade industrial do 20 de marzo de 1883, de conformidade co establecido na Acta vixente en España deste convenio; así como os nacionais dos membros da Organización Mundial do Comercio.

As persoas naturais ou xurídicas estranxeiras, cando nos seus países exista unha reciprocidade na protección de dereitos equivalentes aos españois.

#### Artigo 13. *Marcas internacionais e comunitarias.*

1. Cando o rexistro internacional dunha marca, efectuado ao abeiro do Arranxo de Madrid do 14 de abril de 1891 do Protocolo concernente ao Arranxo de Madrid do 27 de xuño de 1989, sexa solicitada expresamente polo titular para España, o rexistro estenderá os seus efectos en España, salvo que a Oficina Española de Patentes e de Marcas denegase a protección, de oficio ou en virtude da oposición dun terceiro, por incorrer a marca solicitada nalgunha das prohibicións de rexistro establecidas polos artigos 5 a 9 da Lei de marcas española.

2. As marcas comunitarias rexistradas conforme o Regulamento CE n.º 40/1994, do 20 de decembro, producirán plenos efectos en España conforme o disposto no citado regulamento.

#### Artigo 14. *Protección temporal para produtos ou servizos que figurasen na exposición.*

1. Cando unha marca que non fose obxecto de solicitude se utilice para designar produtos ou servizos que figuren nunha exposición oficial ou oficialmente recoñecida, conferiráselle un dereito de prioridade no caso de que se solicite o seu rexistro en España, consistente en retrotraer a data de solicitude á data da primeira presentación dos produtos ou servizos na exposición, sempre que a solicitude de marca se presente no prazo de seis meses a partir

daquela data e se xustifique documentalmente a devandita presentación na exposición.

2. Quen se desexe beneficiar do dereito de prioridade mencionado no punto anterior deberá solicitar da organizadora unha certificación expedida por ela en que conste o distintivo dos produtos ou servizos para os cales foi usado, así como a data da súa admisión, e presentar esa certificación ante a Oficina Española de Patentes e de Marcas.

## CAPÍTULO VI

### Artigo 15. *Nomes comerciais.*

1. Conforme o artigo 87 da Lei de marcas española, enténdese por nome comercial todo signo susceptible de representación gráfica que identifica unha empresa no tráfico mercantil e que serve para distinguila das demais empresas que desenvolven actividades idénticas ou similares.

2. Serán de aplicación ás solicitudes de rexistro dun nome comercial e aos nomes comerciais rexistrados as disposicións dos artigos 9.2, 10.2, 10.4, 11.1 e 11.3 deste regulamento.

### Artigo 16. *Protección do nome comercial outorgado polo Convenio da Unión.*

O nome comercial será protexido sen obriga de rexistralo, sempre que o seu titular demostre o seu uso ou coñecemento notorio en España, de conformidade co disposto nos artigos 8 do Convenio da Unión de París para a protección da propiedade industrial e 9.1.d) da Lei de marcas española.

### Artigo 17. *Rótulos de establecemento.*

Enténdese por rótulo de establecemento o signo ou denominación que serve para dar a coñecer ao público un establecemento e para distinguilo doutros destinados a actividades idénticas ou similares.

Serán de aplicación aos rótulos xa rexistrados as disposicións dos artigos 11.1 e 11.3 deste regulamento.

Aos rótulos non rexistrados seranlles de aplicación as normas de protección contidas nos artigos 6 (actos de confusión) e 12 (explotación da reputación allea) da Lei de competencia desleal do 10 de xaneiro de 1991.

## CAPÍTULO VII

### Artigo 18. *Indicacións de procedencia e denominación de orixe.*

1. Considérase como un acto de competencia desleal todo comportamento que resulte idóneo para crear confusión coa actividade, as prestacións ou o establecemento alleos, e en particular que implique un risco de asociación polos consumidores respecto da procedencia da prestación, de conformidade co artigo 6 da Lei española de competencia desleal do 10 de xaneiro de 1991.

2. Considérase como un acto de competencia desleal o emprego de denominacións de orixe falsas acompañado da indicación acerca da verdadeira procedencia do produto ou de expresións tales como «modelo», «sistema», «tipo», «clase», e similares, de conformidade cos artigos 6 e 12 da Lei española de competencia desleal do 10 de xaneiro de 1991.

3. Os prexudicados pola utilización desleal de indicacións de procedencia xeográfica e de denominacións de orixe poderán exercer contra os infractores as accións de competencia desleal, de acordo co artigo 18, de conformidade co artigo 6 da Lei española de competencia desleal do 10 de xaneiro de 1991, sen prexuízo do embargo dos produtos ao seren importados, de acordo cos artigos 9 do Convenio da Unión de París para a protección da propiedade industrial, e 1 e 2 do Arranxo de Madrid, relativos á represión de indicacións falsas ou enganosas nos produ-

tos, do 14 de abril de 1891, revisado en Estocolmo o 14 de xullo de 1967.

### Artigo 19. *Utilización de denominacións xeográficas polos participantes na exposición.*

1. Na exposición soamente se poderá utilizar, para designar un participante ou un grupo de participantes, unha denominación xeográfica que se refira a unha parte contratante no Convenio de París do 22 de novembro de 1928, sobre exposicións internacionais e as súas modificacións posteriores, se se conta coa autorización do comisario de sección, que representa o Goberno da dita parte, e a do comisario da exposición, de conformidade co artigo 18.1 do citado convenio.

2. Se unha parte contratante do convenio mencionado no punto anterior non participa na exposición, o comisario da exposición coidará, no que respecta á devandita parte contratante, de que se respecte a protección prevista no parágrafo anterior, de acordo co artigo 18.2 do mesmo convenio.

3. Así mesmo, o comisario da exposición prohibiralles aos concesionarios expresar nos seus nomes comerciais rótulos, anuncios e outros documentos calquera referencia xeográfica a un país que participe de modo oficial na exposición, a menos que obtivesen previamente a conformidade expresa do comisario de sección pertinente.

## CAPÍTULO VIII

### Artigo 20. *Obtencións vexetais.*

1. Conforme o disposto polo artigo 5 da Lei que aproba o réxime xurídico de protección das obtencións vexetais española, do 7 de xaneiro de 2000, serán protexibles por un título de obtención vexetal as variedades vexetais que sexan novas, distintas, homoxéneas e estables nos seus caracteres específicos.

2. Conforme o disposto polo artigo 6 da mesma Lei de protección das obtencións vexetais non se reputará nova a variedade vexetal ofrecida en venda ou comercializada en España, co consentimento do obtentor ou do seu habente causa, se transcorreron os prazos dun ano na data de solicitude do título de obtención vexetal, ou de catro anos se a venda ou entrega se realizou fóra de España e o seu obxecto non foron árbores ou vides, ou de seis anos se a venda ou entrega se realizou fóra de España e o seu obxecto foron árbores ou vides.

### Artigo 21. *Solicitude do título de obtención vexetal.*

1. Poderán solicitar o título de obtención vexetal o obtentor ou o seu habente causa que sexan persoas naturais ou xurídicas que:

a) Posúan a nacionalidade española, ou teñan o seu domicilio ou a súa sede en España.

b) Sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou da Unión internacional para a protección de obtencións vexetais, ou dun Estado que sexa membro dunha organización intergubernamental que sexa membro da devandita unión, ou que teñan o seu domicilio ou a súa sede nun dos devanditos Estados.

c) Sexan estranxeiros non comprendidos nos puntos anteriores, sempre que no Estado de que sexan nacionais se lles permita ás persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española a obtención de títulos equivalentes.

2. Os residentes no estranxeiro deberán presentar a solicitude, en todo caso, mediante un representante con domicilio legal en España.

3. A solicitude debe ser dirixida ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en castelán, na forma e condicións previstas pola lei española. A solicitude é tramitada por un procedemento administrativo con exame previo dos requisitos mencionados polo artigo 20.1 deste regulamento.

**Artigo 22. Dereitos e accións atribuídos por el título de obtención vexetal.**

1. Unha vez concedido o título de obtención vexetal, confírelle ao seu titular o dereito exclusivo á produción ou á reprodución (multiplicación), o acondicionamento aos fins da reprodución ou da multiplicación, a oferta en venda, a venda ou calquera outra forma de comercialización, a exportación, a importación ou a posesión para calquera dos fins antes mencionados, durante un prazo fixado para cada especie, que será ata o final do vixésimo quinto ano natural ou en caso de variedades de vide e de especies arbóreas, ata o final do trixésimo ano natural contado desde o ano de concesión dos dereitos de obtentor.

2. O titular poderá exercer ante os tribunais accións civís e penais contra os que lesionen os seus dereitos.

**Artigo 23. Aplicación da lexislación española a persoas físicas ou xurídicas estranxeiras.**

1. España é membro do Convenio da Unión de París para a protección das obtencións vexetais do 2 de decembro de 1961 (en diante CUPOV).

1.1 En virtude do artigo 3 do CUPOV, os súbditos e as persoas naturais ou xurídicas con domicilio ou residencia noutro Estado da Unión de París gozarán en España do mesmo tratamento que a Lei de obtencións vexetais española lles concede aos cidadáns españois, coa condición de cumprir as condicións e formalidades impostas a estes.

1.2 En virtude do artigo 12 do CUPOV, o obtentor ou o seu habente causa que depositasen regularmente unha solicitude para obter a protección dunha variedade nova nun dos Estados da Unión, gozarán para efectuar a solicitude en España dun dereito de prioridade de doce meses desde a data de presentación da primeira solicitude. Á solicitude española así efectuada non lle serán opoñibles os feitos acontecidos no período de prioridade tales como outra solicitude, a publicación ou explotación do obxecto da solicitude de tales feitos xerarán dereito ningún en beneficio de terceiros.

2. Todo obtentor estranxeiro que non se poida acoller aos beneficios do CUPOV gozará en España de iguais dereitos que os obtentores españois, sempre que a lexislación do seu país aplique o principio de reciprocidade, segundo establece a lei española.

**Artigo 24. Protección das variedades vexetais novas presentadas nunha exposición.**

1. Unha variedade nova non perderá a súa novidade polo feito de ser presentada, antes de solicitar a protección en España, en exposicións ou concursos, sempre que nelas non se realicen operacións comerciais.

2. O beneficio desta excepción ao requisito de novidade non está condicionado a requisito ningún, en particular a ningún prazo.

## CAPÍTULO IX

**Artigo 25. Topografías de produtos semicondutores.**

1. De conformidade co artigo 2.2 da Lei española de protección xurídica das topografías dos produtos semicondutores, do 3 de maio de 1988, a topografía dun produto semiconductor será obxecto de protección na medida en que sexa o resultado do esforzo intelectual do seu creador e non sexa un produto corrente na industria de semicondutores.

2. Cando a topografía dun produto semiconductor estea constituída por elementos correntes na industria de semicondutores estará protexida só na medida en que a combinación de tales elementos, como conxunto, cumpra os requisitos mencionados no punto anterior.

**Artigo 26. Solicitude de rexistro.**

1. A solicitude de rexistro deberase dirixir ao director da Oficina Española de Patentes e de Marcas, redactada en castelán, na forma e condicións fixadas regulamentariamente, depositando coa solicitude o material que identifique ou represente a topografía. Ese material non será accesible ao público cando constituía segredo comercial.

2. Se a topografía se explota comercialmente, a solicitude de rexistro deberá ser presentada no prazo improrrogable de dous anos contados a partir da data en que se iniciase a explotación comercial de topografía.

**Artigo 27. Dereito á protección.**

1. O dereito á protección pertence ao creador da topografía ou o seu habente causa.

2. Poderán solicitar a protección en España as persoas naturais que teñan a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou da Organización Mundial do Comercio, ou que residan habitualmente nun Estado membro da Unión Europea ou da Organización Mundial do Comercio, así como as persoas xurídicas que teñan un establecemento industrial ou comercial real e efectivo nun Estado membro da Comunidade Europea ou da Organización Mundial do Comercio.

A lei prevé, non obstante, que o Goberno amplíe o dereito á protección a persoas orixinarias de países terceiros cando así o establezan os órganos das Comunidades Europeas ou mediante a celebración dun acordo co Estado correspondente.

**Artigo 28. Dereitos e accións outorgados por unha topografía protexida.**

1. O rexistro confírelle ao seu titular o dereito exclusivo de reprodución, explotación comercial e importación en España da topografía protexida ou dos produtos semicondutores, en cuxa fabricación se utilizase a topografía durante dez anos, contados a partir da primeira no tempo das seguintes datas:

a) A fin do ano en que a topografía fose obxecto de explotación comercial por primeira vez en calquera lugar do mundo.

b) A fin do ano en que se presentase a solicitude de rexistro en debida forma.

2. O titular dunha topografía protexida poderá exercer contra os que lesionen os seus dereitos as mesmas accións civís recoñecidas ao titular dunha patente de invención a partir da primeira das datas mencionadas no punto anterior. Con anterioridade a tales datas, o titular poderá exercer a acción por competencia desleal contra quen fraudulentamente reproducise, explota comercialmente ou importase a topografía protexida.

## CAPÍTULO X

**Artigo 29. Certificados de exhibición na exposición.**

1. Para os efectos previstos polo artigo 11 do Convenio da Unión de París para a protección da propiedade industrial, do 20 de marzo de 1883, revisado en Estocolmo o 14 de xullo de 1967, polas lexislacións nacionais dos Estados membros e polo disposto neste regulamento, a organizadora xestionará a expedición dos certificados de exhibición de invencións patentables, modelos de utilidade, deseños industriais e marcas de produtos ou servizos.

2. Os certificados de exhibición serán expedidos por instancia de parte interesada, que deberá presentar á organizadora.

**Artigo 30. A solicitude dun certificado de exhibición.**

A solicitude dun certificado de exhibición deberá estar redactada en castelán, por triplicado, e deberá conter, ade-



mais dos requisitos específicos que resulten exhibibles, os seguintes extremos:

- a) Unha petición dun certificado de exhibición.
- b) O nome e apelidos ou a denominación social do solicitante e, se é o caso, do seu representante, a súa nacionalidade, domicilio ou residencia ou a sede do seu establecemento.
- c) A identificación do expositor, na forma prevista na letra anterior, que exhiba o obxecto protexible, cando o expositor non sexa o solicitante.
- d) A localización das instalacións dentro do ámbito da exposición, nas cales se exhibiu o obxecto protexible.
- e) Identificación do obxecto protexible exposto. Se se tratase dunha marca xuntaranse, por triplicado, unha ou varias fotografías para acreditar a utilización efectiva da marca para os produtos ou servizos en que se utilice.
- f) Data da primeira divulgación da invención, deseño industrial da primeira utilización da marca na exposición.
- g) Sinatura do solicitante ou do representante.

Artigo 31. *Contido mínimo do certificado de exhibición.*

O certificado expedido pola persoa que designe a dirección da organizadora como autoridade encargada de asegurar a protección da propiedade industrial na exposición consignará no certificado os datos mencionados no artigo anterior e a data de apertura da exposición. Así mesmo autenticará, se procede, as notas descritivas, debuxos e fotografías do obxecto protexible.

O certificado expedirase por duplicado e entregaráselle o orixinal coa nota descritiva, debuxo ou fotografía autenticada ao solicitante.

## TÍTULO II

### Propiedade intelectual

#### CAPÍTULO ÚNICO

#### Disposicións xerais

Artigo 32. *Contido da propiedade intelectual na lexislación española.*

Son obxecto de propiedade intelectual, conforme o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, todas as creacións orixinais literarias, artísticas ou científicas expresadas por calquera medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro.

Artigo 33. *Dereito moral e dereitos de explotación.*

O dereito moral e os dereitos de explotación e, en especial, os de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación, así como todos os demais dereitos da propiedade intelectual, quedan protexidos en España conforme o disposto no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

Artigo 34. *Inscrición no Rexistro da Propiedade Intelectual.*

1. O recoñecemento dos dereitos da propiedade intelectual non está suxeito a requisitos formais de ningún tipo. A lexislación española faculta, non obstante, os titulares destes para que, como medida especial de protección e salvagarda, procedan á súa inscrición no Rexistro da Propiedade Intelectual e poidan utilizar os símbolos creados polos convenios internacionais sobre a materia.

2. As inscricións deberanse realizar no Rexistro Xeral da Propiedade Intelectual, dependente do Ministerio de Cultura.

3. Poderán ser obxecto de inscrición no rexistro os dereitos de propiedade intelectual relativos ás obras e demais producións protexidas pola lei española.

4. A inscrición no rexistro supón unha presunción, salvo proba en contrario, de que os dereitos inscritos existen e pertencen ao seu titular na forma determinada no asento respectivo.

Artigo 35. *Aplicación da lexislación en materia de protección da propiedade intelectual a persoas físicas ou xurídicas estranxeiras.*

Os estranxeiros titulares de dereitos de propiedade intelectual gozarán da protección que lles corresponde en virtude dos convenios e tratados internacionais en que España sexa parte. No seu defecto, estarán equiparados aos españois cando estes, pola súa vez, o estean aos nacionais no país respectivo.

Protexeranse conforme a Lei española de propiedade intelectual os dereitos dos autores nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais de países terceiros con residencia habitual en España, e dos nacionais de países terceiros que non teñan o seu domicilio habitual en España, respecto das súas obras publicadas por primeira vez en territorio español ou dentro dos trinta días seguintes a que o fosen noutro país.

Todos os autores de obras audiovisuais, calquera que sexa a súa nacionalidade, teñen dereito a percibir unha remuneración proporcional pola proxección ou transmisión das súas obras nos termos do artigo 90, números 3 e 4, da Lei española de propiedade intelectual, salvo que tratándose de nacionais de Estados que non garantan un dereito equivalente aos autores españois, o Goberno determine o seu destino a fins de interese cultural.

Artigo 36. *Programas de ordenadores («software»).*

1. Os programas de ordenador, as súas versións sucesivas, os programas derivados, a documentación técnica e os manuais de uso dun programa son obxecto de propiedade intelectual, e a súa protección réxese polas disposicións mencionadas no capítulo anterior deste regulamento, sen prexuízo do disposto nos puntos seguintes.

2. Os programas de ordenador que forman parte dunha patente ou dun modelo de utilidade gozarán, sen prexuízo da protección propia da propiedade intelectual, da conferida pola patente ou modelo de utilidade, segundo a lei española.

3. A duración dos dereitos de explotación exclusiva dun programa de ordenador, cando o autor sexa unha persoa natural será, segundo os distintos supostos que se poden formular, a prevista no capítulo I do título III do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, e cando o autor sexa unha persoa xurídica, serán de setenta anos contados desde o 1 de xaneiro do ano seguinte ao da divulgación lícita do programa ou ao da súa creación, se non se divulgase.

Artigo 37. *Información xeral.*

A organizadora disporá de información adicional en materia de propiedade industrial e intelectual para os participantes que o soliciten. Para tal efecto, os participantes deberanse dirixir ao Centro Único de Xestión.

## ANEXO VIII

### EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DE ZARAGOZA 2008 REGULAMENTO ESPECIAL N.º 11

#### Regulamento relativo aos privilexios e ás vantaxes dos comisarios de sección e o seu persoal

Artigo 1.

1. O obxecto deste regulamento é regular as facilidades que se lles concederán aos comisarios de sección e ao

seu persoal adscrito para o mellor cumprimento das súas funcións, de acordo co establecido nos artigos 9 e 34 do Regulamento xeral da Exposición Internacional de Zaragoza 2008, publicado no «Boletín Oficial del Estado» do 1 de novembro de 2006 (en diante regulamento xeral).

2. Para os efectos deste regulamento, integran o persoal adscrito aos comisarios de sección o comisario adxunto, o director de pavillón e o resto do persoal que compón a representación prevista no artigo 13 do Convenio relativo ás exposicións internacionais, asinado en París o 22 de novembro de 1928 (en diante, «o convenio»). Ademais, certos membros das súas familias e persoas necesarias para a súa atención poderíanse incluír como beneficiarios dalgunhas das vantaxes previstas nas condicións que recolle o Acordo de Sede que se menciona no seguinte parágrafo.

3. A definición, desenvolvemento e articulación xurídica concreta de privilexios e vantaxes funcionais de comisarios de sección e o seu persoal adscrito atopa no Acordo de Sede sobre privilexios e vantaxes referidos á celebración da Exposición Internacional Zaragoza 2008, celebrado entre o Reino de España e a Oficina Internacional de Exposicións (OIE) o 19 de abril de 2007 e publicado no «Boletín Oficial del Estado» o 30 de maio de 2007, independentemente de medidas normativas sectoriais de dereito interno adoptadas singularmente ou en desenvolvemento do devandito acordo.

#### Artigo 2.

1. Os comisarios de sección serán os representantes oficiais ante o Goberno do Estado organizador daqueles gobernos estranxeiros e organizacións internacionais que aceptasen o convite oficial do Goberno de España para participar na Exposición de Zaragoza 2008 (en diante participantes oficiais), de acordo co artigo 13 do Convenio e o artigo 9 do regulamento xeral. Serán responsables da organización e operación das súas respectivas seccións nacionais, incluídos todos os expositores e persoas que realicen actividades comerciais ou doutro tipo, segundo o disposto no artigo 19 do regulamento xeral.

2. Os comisarios de sección deberán cumprir co disposto no regulamento xeral, os regulamentos especiais e a lexislación aplicable en España, así como aquelas normas e directrices de organización, funcionamento e xestión da exposición adoptadas pola Sociedade Estatal Expoagua Zaragoza 2008 (en diante a organizadora). Así mesmo velarán para que todas as persoas baixo a súa responsabilidade cumpran coas devanditas normas.

3. Especialmente, os comisarios de sección velarán polo cumprimento do Acordo de Sede e deberán colaborar coa OIE e as autoridades españolas para evitar calquera incumprimento ou abuso das súas disposicións.

#### Artigo 3.

1. Os comisarios de sección intégranse no Colexio de Comisarios de Sección, do cal forman parte todos aqueles comisarios nomeados polos seus respectivos gobernos ou organizacións internacionais e que estean debidamente acreditados ante a OIE, con comunicación ao Goberno español a través do comisario da exposición.

O Colexio de Comisarios posuirá as facultades, exercerá as funcións e asumirá as obrigas que dispoñen o Convenio e o Regulamento xeral da Exposición de Zaragoza 2008. Así mesmo, o Colexio de Comisarios regulará o seu propio funcionamento.

2. Os comisarios de sección, logo de convocatoria de comisario de exposición, designarán o Comité Directivo do Colexio de Comisarios, así como o presidente do devandito comité, de conformidade co establecido no artigo 7 do regulamento xeral e no Regulamento especial n.º 14 sobre normas de funcionamento do Comité Director do Colexio de Comisarios.

#### Artigo 4.

O comisario da exposición, co apoio da organizadora, prestará ao Colexio de Comisarios de Sección a asistencia necesaria destinada a facilitar o cumprimento das súas funcións.

#### Artigo 5.

O comisario da exposición establecerá coa organizadora e, se é o caso, tratándose de acontecementos programados polos participantes oficiais, de acordo cos comisarios de sección, un réxime protocolario que especifique as disposicións aplicables a todos os actos e cerimoniais previstos no recinto da Exposición e durante a celebración desta, sen prexuízo do establecido no Real decreto do 4 de agosto de 1983 sobre ordenamento xeral de precedencias no Estado, e en especial nos seguintes:

- (1) Cerimonia de apertura e cerimonia de clausura.
- (2) Eventos e cerimoniais dos días nacionais e os días especiais.
- (3) Visitas de convidados de honra e outras personalidades en días distintos dos días nacionais e días especiais.
- (4) Clasificación dos convidados de honra especiais e outras personalidades.
- (5) Lista de precedencia para os convidados de honra especiais e outras personalidades.
- (6) Procedementos para a prestación de instalacións e servizos aos convidados de honra especiais e outras personalidades.
- (7) Detalles relativos á emisión limitada de pases de convite suplementarios.

#### Artigo 6.

1. Os comisarios de sección e o seu persoal adscrito, ademais do previsto no regulamento xeral, regulamentos especiais ou outras normas sectoriais, gozarán, no que respecta á materia de estranxeiría, dun réxime procedemental específico para a concesión de visados, autorizacións, certificados, tarxetas e demais documentos habilitantes para a súa entrada, estadia, residencia e traballo en España, como se determina no artigo 11 e no anexo I do Acordo de Sede.

2. Ademais, os comisarios de sección e o seu persoal adscrito gozarán de bonificacións nas cotas á Seguridade Social española, de acordo co previsto no artigo 13 do Acordo de Sede e nos termos detallados no Real decreto 396/2007, do 23 de marzo («Boletín Oficial del Estado» do 11 de abril de 2007).

#### Artigo 7.

1. Estarán exentas do imposto sobre o valor engadido (IVE) as operacións realizadas polos participantes oficiais en España -territorio de aplicación do imposto-, relacionadas directamente coa exposición nos termos establecidos no punto primeiro do anexo II do Acordo de Sede de referencia, e no ámbito do persoal definido no seu artigo 6.

2. Así mesmo, estarán exentas no imposto sobre a renda dos non-residentes (IRNR) as rendas obtidas polos participantes nos termos establecidos no punto segundo do anexo II do Acordo de Sede de referencia.

3. No que se refire ao sistema alfandegueiro, os participantes oficiais gozarán dos beneficios arancelarios e fiscais na importación de distintas mercadorías, de acordo co previsto no artigo 15 do Acordo de Sede e nos termos detallados na Orde ministerial EHA/873/2007, do 29 de marzo, que regula o réxime alfandegueiro e tributario aplicable ás mercadorías que se importen para o desenvolvemento e celebración da Exposición Internacional «EXPO Zaragoza 2008», publicado no «Boletín Oficial del Estado» o 5 de abril de 2007.

#### Artigo 8.

O comisario da exposición e os representantes da Sociedade Estatal para a Exposición de Zaragoza 2008 faci-

litaranlles aos comisarios de sección información suficiente sobre as disposicións do Acordo de Sede e tamén sobre toda a lexislación e procedementos administrativos que regulan a súa entrada, estancia e regreso.

En particular, a organizadora informará os comisarios de sección das seguintes materias:

- a. Medios e sistemas de recepción para diferentes tipos de visitas.
- b. Procedementos alfandegueiros e de inmigración.
- c. Planificación de viaxes e xestión de aloxamento.
- d. Asistencia no cumprimento de requisitos administrativos ante a Administración xeral do Estado, a Administración autonómica e a Administración local.

#### Artigo 9.

Os comisarios de sección poderán, en calquera momento, acudir con carácter xeral ao comisario da exposición para a resolución, en primeira instancia, de eventuais conflitos.

### ANEXO IX

#### REGULAMENTO ESPECIAL NÚMERO 14

##### Relativo ás normas de funcionamento do Comité de Dirección do Colexio de Comisarios de Sección

#### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxectivo deste regulamento, de conformidade cos artigos 7 e 34 do Regulamento xeral da Exposición Internacional de 2008 en Zaragoza, consiste en determinar as normas necesarias relativas ao funcionamento do Comité de Dirección do Colexio de Comisarios de Sección (en diante, «Comité de Dirección») no referente á Exposición Internacional de Zaragoza 2008 (en diante «a exposición»).

#### Artigo 2. *Funcións do Comité de Dirección.*

1. O Comité de Dirección deberá, en relación coa xestión diaria da exposición, abordar os problemas de interese común dos participantes oficiais e garantir que o regulamento xeral e os regulamentos especiais se apliquen correctamente. Ademais, se as circunstancias así o requiren, o Comité de Dirección exercerá como órgano asesor do comisario da exposición e a sociedade estatal organizadora da exposición (en diante «a organizadora»).

2. O Comité de Dirección terá autoridade para actuar en caso de xurdiren disputas entre participantes oficiais ou entre a organizadora da exposición e outros participantes oficiais, en cumprimento do artigo 10 do regulamento xeral.

#### Artigo 3. *Composición.*

Os membros do Comité de Dirección serán elixidos de entre os comisarios de sección dos Estados membros da Oficina Internacional de Exposicións (en diante, «OIE») que participan na exposición. Os comisarios de sección que sexan designados membros de Comité de Dirección deberán asistir ás reunións do Comité de Dirección, participar activamente na exposición, así como estar presentes, de forma regular, no lugar da Exposición.

#### Artigo 4. *Órganos de goberno.*

1. O comisario da exposición convocará o antes posible unha reunión dos comisarios de sección en representación dos países participantes, para designar un presidente e un Comité de Dirección que os represente, para considerar cuestións de interese mutuo e para exercer os poderes estipulados no artigo 10 do Regulamento xeral da Exposición Internacional Zaragoza 2008.

2. O presidente do Colexio de Comisarios de Sección será así mesmo presidente do Comité de Dirección. O vicepresidente do Comité de Dirección será elixido de entre os seus membros por maioría simple de votos emitidos polo Comité de Dirección.

3. O presidente encargárase de presidir as reunións do Comité de Dirección. En caso de ausencia do presidente ou outro impedimento, será o vicepresidente quen presidirá a reunión do Comité de Dirección.

#### Artigo 5. *Asistencia técnica ao Comité de Dirección.*

A OIE nomeará e remunerará un conselleiro técnico, logo de consulta co comisario de exposición e a organizadora. As responsabilidades do conselleiro técnico serán asesorar o Comité de Dirección en cuestións relacionadas coas regulamentacións da OIE; organizar a axenda das reunións; redactar as súas actas, cuxa copia lle deberá presentar á OIE; e proporcionar a asistencia que requiran os temas abordados na reunión. O conselleiro técnico terá voz en todas as reunións do Comité de Dirección, aínda que non terá dereito a voto.

#### Artigo 6. *Frecuencia das reunións.*

As reunións periódicas do Comité de Dirección celebraranse en Zaragoza cada seis meses a partir da primeira reunión ata a inauguración da Exposición, e o Comité de Dirección decidirá a frecuencia das súas reunións durante o período de actividades da exposición.

#### Artigo 7. *Reunións extraordinarias.*

O presidente convocará reunións extraordinarias ao seu propio criterio, ou por petición do comisario da exposición ou á dun terzo, como mínimo, dos membros do Comité de Dirección.

#### Artigo 8. *Apoio ao Comité de Dirección.*

A organizadora brindará, pola súa conta, e coa supervisión do comisario da exposición, os seguintes servizos, entre outros necesarios para facilitar o cumprimento das funcións do Comité de Dirección:

- (1) Provisión de recursos e servizos de interpretación para as reunións do Comité de Dirección;
- (2) Asistencia en preparativos de carácter administrativo á Secretaría do Comité de Dirección;
- (3) Provisión dun representante de enlace que garanta a comunicación eficaz coa OIE.

#### Artigo 9. *Asistencia.*

Unicamente os membros do Comité de Dirección e o conselleiro técnico participarán nas reunións do Comité de Dirección. Non obstante, todos os membros terán dereito a asistir en compañía dun conselleiro, quen non terá nin voz nin voto nas reunións.

#### Artigo 10. *Representación.*

En caso de ter motivos que o xustifiquen, os membros do Comité de Dirección poden delegar noutro membro para que este o represente, nas sesións do comité.

#### Artigo 11. *Quórum e voto.*

1. A válida constitución do Comité de Dirección requirirá a concorrencia da metade dos seus membros como mínimo -presentes ou representados-.

2. As decisións serán tomadas por maioría simple dos votos emitidos polos membros presentes. En caso de empate, o presidente terá o voto de calidade.

#### Artigo 12. *Informe de actividades.*

Unha vez concluída a exposición, o Comité de Dirección redactará un informe das súas actividades, que será remitido ao Colexio de Comisarios de Sección, á OIE e ao comisario da exposición.